

ANGEL M^a ARCADY BARRAL

2º CICLO ESTUDOS EM HISTÓRIA & PATRIMÓNIO
RAMO ARQUIVOS HISTÓRICOS

Os arquivos de familia en Galiza e Portugal: o caso da Familia Malvar

2.014

Orientador: Prof. Doutor Armando Malheiro da Silva
Coorientadora: Prof^a. Doutora Inês Amorim

Classificação: 18 Ciclo de estudos: 2º

Versão definitiva

SUMÁRIO

– 1.Agradecemento	3
– 2.Introdución	5
– 3.Relatorio de prácticas	7
– 4.Os axentes	11
– 4.1 A Familia Malvar	11
– 4.2 O Arquivo da Deputación de Pontevedra	14
– 5.Pensar e comparar modelos de análise de arquivos de familia: Portugal e Galiza	17
– 5.1. Algunhas notas previas	17
– 5.2. A arquivística galega: Froilán de Troche y Zúñiga e Olga Gallego.	22
– 5.3. A arquivística portuguesa: debate e modelo sistémico.	30
– 5.4. Contraposición de ideas e propostas: o debate en torno aos arquivos de familia.	35
– 5.5. Exemplos actuais.	37
– 6.O Sistema de Información Malvar	41
– 6.1. O pasado do Sistema de Información Malvar.	41
– 6.2. O presente do Sistema de Información Malvar.	47
– 6.3. O futuro do Sistema de Información Malvar.	48
– 7.Traballo arquivístico	50
– 7.1. O software aberto ICA – AtoM.	51
– 8.Conclusíons	57
– 9. Bibliografía	59

ANEXOS

– Árbores xenealóxicas	72
– Cadro orgánico e documentación asociada	80
– Descripción documental	136

· 1.-- Agradecementos

*Não sou nada. Nunca serei nada, não posso querer ser nada.
À parte isso, tenho em mim todos os sonhos do mundo.*¹

Sei que non son o primeiro, e agardo non ser o último galego que acaba estudiando nalgúnha universidade portuguesa. Das moitas cousas que me chamaron a atención deste país era a amabilidade e a humildade das persoas, algo que vin reflectido en moitos traballos ao comezar sempre cun apartado adicado aos agradecementos, e que ata o día de hoxe eu nunca tiña empregado.

Así que facendo miña a xenerosidade que os *tripeiros* tiveron conmigo quero agradecer primeiramente a labor dos meus profesores neste Mestrado de Historia e Patrimonio, xa non só pola paciencia e a dedicación que amosaron no seu traballo, algo ao que un tampouco se acaba de acostumar, senón pola paixón ca que fan as cousas. Eu son un defensor incansable da paixón, do cariño e o esforzo ao traballo que cada un desenvolve, e tiven a sorte de atopar a dúas persoas como a Profesora Inés e o Profesor Armando, que dende o primeiro momento souberon contaxiarme a súa paixón pola historia e polos arquivos, algo que nos oito anos que levo formándome nesta ciencia nunca tivera conseguido ningún mestre.

Pero se cheguei ata aquí foi precisamente polo esforzo da miña familia, á que teño aínda moito máis que agradecer, e á colaboración dos meus compañeiros destes dous anos que sempre tiveron palabras amables para algúen que non sempre sabe estar á súa altura.

Para todos eles e todas as persoas que me axudaron no meu día a día en Portugal, deixando sempre a súa pegada en min, facendo posible que medrara neste tempo coma persoa, que finalmente é o que me levo.

Muito obrigado. Moitas grazas.

¹ PESSOA, Fernando – *Los poemas de Álvaro de Campos*. Madrid: Ed. Abada. 2012.

· 2.- Introdución: Motivóns.

*Quién solo busca la salida no entiende el laberinto, y, aunque la encuentre, saldrá sin haberlo entendido.*²

Encadrase este traballo dentro do relatorio de prácticas do segundo ano do Mestrado en Historia e Patrimonio da Universidade de Porto, máis concretamente na rama de Arquivos Históricos. Está dirixido polos profesores Inés Amorim e Armando Malheiro.

Considero oportuno recalcar unha serie de motivóns que me levan a desenvolver este pequeno proxecto. Primeiramente a obriga que se nos impón dende o Mestrado en contar cun proxecto dende a primeira semana de curso, o que permite concentrar os esforzos nun ámbito determinado. Esta pretensión, unida á paixón do meu amigo Ernesto Vázquez-Rey Farto por coñecer e revalorizar o legado dos seus antepasados permitiúme, de inicio, contar cun obxectivo para o futuro desta disertación.

Eu procedo da Licenciatura en Historia, e aínda que estaba especializado en Historia Contemporánea e en Patrimonio Bibliográfico e Documental descoñecía a maior parte de cousas que nestes dous anos de Mestrado aprendín sobre os arquivos. A miña procedencia facía que vira os arquivos coma complementos á labor de investigación histórica e polo tanto coñecía gran parte do seu funcionamento. Esta foi outra das motivóns que me levou a aceptar esta proposta, esta odisea de dous anos, reforzada máis se cabe co descubrimento da inexistencia de traballos ao redor dos arquivos de familia. Se xa de por sí a arquivística non é unha ciencia moi valorada en España, os arquivos de familia eran un pequeno reduto ao que pouca atención se lle tiña prestado, polo que por isto e por outras cousas pensei que sería necesario desfacerme deste “paradigma historicista” (Rosa, 2009: 10) para comezar a buscar o meu futuro dentro dos arquivos. A propia autora, falando do panorama xeral deste tipo de arquivos, distingue en tres campos a producción bibliográfica existente: *por um lado, a preocupação com a valorização e salvaguarda patrimonial destes arquivos; depois, o estudo das formas de organização dos acervos; (...) e o contributo destes para a investigação histórica* (Rosa, 2009:25) e é aquí cando decido que centrar a maior parte do traballo no campo que aínda ten máis por labrar, o da organización documental.

Colocase entón a posibilidade de ampliar o universo deste traballo colocando novos portos na odisea desta viaxe. Ademais do traballo de base do estudo arquivístico dun arquivo de familia, ao

² ASENSIO, E., De Fray Luis de León a Quevedo y otros estudios sobre retórica, poética y humanismo, Universidad de Salamanca, 2005, p.27

igual que tiñan feito moitos colegas do mestrado con anterioridade, podería enfocar o meu traballo a novos campos que lle aportaran unhas doses de novidade necesarias en todo traballo de investigación. Esta orixinalidade virá dada pola aplicación dun método científico e novedoso a un campo de traballo que no meu país de orixe ainda depende demasiado da historia e onde o esforzo de todos os investigadores está centrado en contar unha traxectoria familiar, revalorizar pazos e propiedades ou aprofundar nas relacións matrimoniais, deixando o estudo dos fondos documentais nun plano secundario.

Por todo isto acordo xa no primeiro ano do meu Mestrado realizar as miñas prácticas no Arquivo da Deputación de Pontevedra, estudiando o chamado Fondo Especial Número 8 pertencente á Familia Malvar dentro do proxecto de mobilidade internacional Programa Erasmus acordado en cincocentas horas comprendidas entre o primeiro de outubro do ano 2013 e o 13 de xuño do 2014.

E é deste xeito como se dan os primeiros pasos para este traballo, onde fago unha posta ao día dos debates arquivísticos aparecidos na Península Ibérica ao longo dos dous últimos séculos, esmiuzando aquelas propostas que se centran exclusivamente no patrimonio documental familiar e, polo tanto, nos autores que son capaces de ofrecer unha visión de conxunto deste marco específico que son os arquivos familiares dentro dos fondos de calquera institución arquivística. Feito este repaso teórico establezo as directrices principais para organizar o arquivo da Familia Malvar e que aparecerá recollido nos anexos, que neste caso non se corresponden con documentación relacionada co traballo senón que é unha ampliación práctica das cuestiós que presentamos anteriormente.

Tamén nos anexos, xunto á nova clasificación do Sistema de Información Malvar recollemos outros tres campos determinantes para comprender o conxunto do traballo: as árbores xenealóxicas das Casas que remataron enlazando cos Malvar e unha breve descripción arquivística de todo o conxunto documental pertencente a esta familia pontevedresa.

· 3.- Relatorio de prácticas

Por moito que se nos incide dende asignaturas como *Fundamentos da Investigação e Metodología da Pesquisa* en establecer uns prazos determinados para datar as etapas do noso traballo, a incerteza por non saber o que se vai encontrar no novo destino non permite facer máis que suposicións de datas e horarios.

A idea inicial do meu proxecto, comparada ca de outros estudiantes da rama de Arquivos Históricos, tardou pouco máis dunha semana en estar caduca. O descoñecemento dunha gran cantidade de cousas que debería comprender para levar adiante este traballo obrigoume a pasar un primeiro momento consultando manuais e libros para comprender diferentes aspectos do funcionamento dunha institución arquivística.

Feito isto pasei a ter un contacto directo co fondo e ca súa organización e neste momento é cando se require facer un segundo inciso para coñecer o motivo desta organización. É así cando paso a coñecer dúas obras que eu considero fundamentais dentro da arquivística hispana, as de Olga Gallego e Froilán de Troche y Zúñiga. E ao tempo comezo a profundar nas teorías portuguesas, sobre todo nas novedades presentadas por Armando Malheiro, Fernanda Ribeiro e María Lurdes Rosa, mentres que as comparo co momento previo estudiado por outras figuras da mesma importancia como Pedro Peixoto. Neste período, o único contacto que manteño co fondo documental é para comenzar a desenvolver unhas árbores xenealóxicas das diferentes familias relacionadas co Fondo Especial Número 8.

Non é ata este momento que decido aplicar no fondo dos Malvar o modelo sistémico ideado ao redor da Universidade do Porto, por consideralo máis eficaz e lóxico en consonancia coa información que nos proporciona este tipo de fondos.

Aínda que os profesores non teñen a mesma consideración, ao meu ver esta organización do tempo levábame a considerar “tempo perdido” todo o que fixera ata este momento, pola única razón de que non tiña avanzado en labores más técnicas do arquivo, mentres que os compañeiros que se encontran noutras institucións abordando temas diferentes xa me falaban de dúbidas moiás avanzadas que eu aínda non esbozara.

Obviamente non era un tempo perdido, senón que unha inversión a medio prazo. Dentro

desta odisea estabamos coñecendo o mar ao que nos íamos confrontar para poder facer a viaxe da forma máis efectiva posible. O seguinte porto si que pasa a centrarse nunha serie de tarefas que creo necesarias para poder levar a cabo un desenvolvemento apropiado do traballo e que eu divido en tres campos de traballo:

- I) En relación ao Arquivo da Deputación de Pontevedra, a miña débeda vai encamiñada en crear unha proposta de organización alternativa para este fondo e que sirva tamén para aglutinar aos numerosos fondos privados e familiares que se conservan nesta institución. Ao ser un novato nestas artes arquivísticas, considero prioritario non alterar nin un ápice a disposición dos documentos que eu me encontrei nos sotos da institución, polo que a miña proposta estará estruturada nun soporte informático e será presentada ao remate de todo o proceso aos encargados do patrimonio documental provincial.
- II) En relación á Universidade do Porto, a elaboración desta tese e a correcta aplicación do modelo sistémico será a principal motivación, sendo a miña obriga facer unha labor excelente, chegando a comprender os dous modelos organizativos e ser capaz de expicalos e espallalos por todo o territorio peninsular, especialmente nese marco histórico que é o territorio galego-portugués.
- III) Por último, a miña estancia en Pontevedra parte dun convite dos descendentes da liñaxe dos Malvar para estudar os fondos depositados no Arquivo da Deputación. En agradecemento, e coñecendo as súas pretensíóns a corto prazo, considero necesario dar a coñecer todo o legado que aportan á historia e á sociedade galega. É por iso que porei á súa disposición todo o traballo informático de descripción e organización do fondo nunha plataforma que poida ser ampliada nun futuro, con documentación procedentes dos diferentes núcleos arquivísticos galegos e españois onde hai documentación da familia e que por cuestíóns de tempo e de distancia seguramente non cheguen a aparecer de forma completa neste traballo.

Estes son os tres axentes aos que lles debo a miña dedicación absoluta durante as 500 horas de prácticas asinadas co Arquivo da Deputación de Pontevedra, nun horario semanal que contaban cun mínimo de catro horas diárias e de catro días á semana pero que de xeito extraordinario se viu complementado con moitas horas a maiores, con moitas lecturas, con moitas visitas e con moitas conversas que sería imposible debuxar nun calendario que aínda que ao principio non o parecía, acabou sendo máis curto do esperado.

Facendo memoria quixera resaltar algúns dos problemas máis importantes que tiven no meu traballo arquivístico pero xa non son capaz. E non porque non existisen, xa que houbo algúns que tardei semanas en resolver, pero para a ampla maioria a solución era sempre a mesma: a experiencia. O ser a primeira vez que traballo de maneira continuada nun arquivo fai xurdir case a diario unha serie de tarefas cas que non existen problemas, senón a inquietude de ter un obxecto valioso diante e non ter a seguridade de facer o correcto con el. É por iso que co paso dos días foron desaparecendo os medos e con eles os problemas propios do traballo diario dun principiante nunha labor de tanta importancia.

Moitas veces pequei, debido ao meu carácter, de non ter pedido a axuda correcta aos titores deste traballo. O temor a errar en cuestiós obvias ou a convicción de ter que ser eu mesmo o que superara as miñas dúbidas me levou a traballar de costas a eles, non mantendo a comunicación necesaria para este tipo de proxectos. Sen embargo, cando os demandei para calquera das cuestiós que precisei a súa resposta foi tan rápida como valiosa.

· 4.- Os axentes.

· 4.1.- A Familia Malvar.

Unha das primeiras recomendacións que se lle da a quen traballa con arquivos de familia é que consulte toda a información publicada ao redor da familia en cuestión. Neste caso, encontramos un único artigo (Crespo, 1956) no que se nos presentan unhas cantas xeracións da familia que comparte este apelido e a residencia no Palacete de Salcedo. Non presupón isto un descoñecemento xeral sobre a historia familiar, que tamén, senón que ata ese momento ninguén tratou de estudar en conxunto a este colectivo, o que primeiramente foi un suposto problema para o meu achegamento a todo o sistema de información pero que se acabou convertendo nun verdadeiro reto por poder ser o primeiro en dar a coñecer a este clan pontevedrés.

Ben é certo que se nos centramos nun estudo por separado dos diferentes individuos si que hai algúns que pola relevancia dos cargos que obtivo pode aparecer nalgúns obras máis xerais, pero os exemplos non son máis que pequenas referencias de algúns pasados destacados e na maior parte dos casos son persoais atemporais con respecto ao arquivo, xa que o Arquivo da Deputación de Pontevedra contempla o seu Fondo Especial Número 8 cunhas datas extremas de 1542 a 1870.

A mala relación desta familia ca bibliografía obrigoume a facer o achegamento por medio da historia oral, aproveitando a boa memoria dos últimos representantes da familia que cos seus relatos van completando un estado da arte bastante limitado, xa que os coñecementos abarcán sobre todo a xeracións máis recentes que, como acabamos de explicar, nin tan sequera aparecen reflectida nos fondos documentais. Outra maneira de coñecer, sobre todo as xeracións recentes, foi cos recursos da hemeroteca pontevedresa, onde atopamos fragmentos descriptivos tan interesantes coma o que segue:

“La imaginación remóntase a otras épocas impregnadas de un suave encantamiento y ella evoca uno de los ilustres ascendientes de la aristocrática familia del Señor Becerra Armesto, el Arzobispo Malvar, nacido en la parroquia de Salcedo en el año 1730, aquel célebre Profesor de Salamanca de quien dijo el Padre Villar que su nombre será eterno en los fastos de la castellana Universidad. Fué Fray Sebastián, primer Obispo de Buenos Aires y después arzobispo de Santiago, el que mandó construir a sus expensas la carretera desde Puente Valga a Puente Sampayo y por ello el monarca Carlos III le

honró con la Gran Cruz de su Orden.

Figuran además en esta familia distinguidos personajes como son Pedro Acuña y Malvar, sobrino del Arzobispo, Rector y Cura párroco que fué de Santa María del Real de Sar, Canónigo dignidad Maestrescuela de la Santa Iglesia Catedral de Santiago, Ministro de Gracia y Justicia después y Consejero de Estado en tiempo de Carlos IV y Fernando VII; Don Julián Malvar, Conde de los Batocos; Don Manuel Acuña y Malvar, Canónigo de Compostela y dignidad de Salnés, Sumiller de Cortina de Su Majestad, Caballero pensionado de Carlos III, que en unión del célebre militar Don Pablo Morillo, recorrieron las provincias gallegas para reanimar el espíritu público contra los franceses”³

O seguinte paso para conseguir responder a ese “quen?” ven dado ca posta en común de todas as referencias xenealóxicas do fondo. Recoñezo chegado este punto a pouca afección que eu tiña polas xenealoxías que, sen embargo, foron o principal reforzo desta aventura que me levou a sentar unha das primeiras conclusóns no referente á historia familiar: dentro da familia Malvar existen doux persoeiros destacados, Santiago Malvar Pinto,⁴ arcebispo de Santiago de Compostela, e Julián Malvar, quen recibe para a familia o título de Conde. E grazas a esta segunda figura é cando a familia Malvar recibe a documentación das outras casas secundarias que configuran o fondo, ao ir todas aparelladas á figura de María Josefa Taboada e Texeda que casa con Julián Malvar, levando consigo o pasado de casas coma as Eiroas, Persical, Noia e Xallas, Regodeigón, Vilerma ou Ramirás.⁵

Polo tanto deducimos que a historia familiar que temos que estudar para comprender o primeiro achegamento ao Sistema de Información Malvar ten que vir da man do estudo das demais Casas que conforman este panorama. Repetindo a estratexia atopamos algunha melloría que non deixa de ser máis que casos illados, xa que se fai necesario percorrer novamente ao estudo

3 La Correspondencia Gallega, número 5589 do 1/10/1908.

4 Con este fragmento recoñecen na web do Arquivo da Deputación de Pontevedra: <http://www.depontevedra.es/?1.161.5795>, consultado o 22/09/2014, a biografía destes doux persoeiros: *Entre os membros da familia atópase Sebastián Malvar Pinto, bispo de Bos Aires en 1778 e arcebispo de Santiago no ano 1783. Das súas accións no Novo Mundo destaca o enfrentamento co virrei, un crioulo con tendencias progresistas, e a implicación no soocamento da rebelión encabezada polo inca José Gabriel Tupacamaru, que lle valeu o nomeamento no arcebispado compostelán. Aquí fomentou construccóns coma a vía entre Santiago e Ponte Sampaio e a fundación dun montepío para labradores e artesáns. Morreu en 1795 e foi soterrado na capela maior da catedral. Tamén se debe reseñar Joaquín Malvar, conde de Malvar, que participou en diversos feitos militares durante a guerra da Independencia e foi deputado e senador pola cidade da Coruña.*

5 Información obtida da páxina web do Arquivo da Deputación de Pontevedra relativo ao Fondo Especial Número 8 da Familia Malvar, <http://www.depontevedra.es/?1.161.5795>, consultado o 22/09/2014.

xenealóxico das familias para tratar de comprender a evolución desta institución.

Mais quen fala de familias fidalgas na Galicia moderna non pode evitar falar do Palacete de Salcedo, coma epicentro de toda esta historia e o primeiro ao falar dun pazo de certa envergadura é facer unha descripción do mesmo, polo que vou remitir o traballo á hemeroteca, onde, co estilo propio da prensa decimonónica, encontramos un relato de principios do século XX que dende o punto de vista rococó da prensa de cariz sensacionalista aporta a imaxe que todos precisamos ter do Palacete de Salcedo:

“Los pintorescos alrededores de la gentil Pontevedra son siempre para el visitante cuadros de viva sugestión. Dijérase que la Providencia ha derramado en ellos con inexhausta prodigalidad ricos tesoros de belleza, color y armonía. El cronista admirador de estos paisajes, atrayentes como una puesta de sol y frescos como el rosicler de la mañana, no sabe salirse de la hermosa Hellenes con su péñola descriptiva, ante una suprema, invencible dificultad: la de escoger carretera de salida. Todas son bellas y festonadas de peregrinos encantos. La de Orense, la de la Seca, la de Lérez, la de Poyo, la de Marin, la de Vigo... ¿cuál es la más amena y deleitosa? (...) El gris mate de los montes de Tomeza, el verdor de las praderas que alfombran el valle y el diáfano y purísimo azul de los cielos, aprisionaban con dulce lazo nuestra absorta mirada, entretanto el espíritu se solazaba en pláticas amenas y quedos diálogos. De pronto, andados sin sentir apenas tres kilómetros, surge a nuestra derecha la señorial residencia del prestigioso Alcalde de Pontevedra. (...) Aquella espléndida mansión levantada por el Arzobispo Malvar se perfila ante nuestros ojos régia y suntuosa. Y la huerta se extiende dilatada, inmensa. (...) Parcelas de hortalizas, sembrados de legumbres y cereales, trozos de jardín, praderas, malezas y bosque denso, todo lo vamos atravesando en nuestra requisitoria. (...) En un ambiente de nardos y claveles, nos damos a la admiración y el deleite (...) Las grandes lunas venecianas, los magníficos lienzos, algunos de Becerras preclaros, los tiestos de lozanas plantas, el rico mueblaje, la sillería de talla, el precioso piano, los chineros, la vajilla, el oro y la plata repujada, todo pregonan grandezas y blasones de una estirpe ilustre. (...) Entre las chucherías y preciosidades que atesora la casa, hemos visto las insignias de la Orden de Nichan – Ntijard, con cuyo gran Cordón condecoró últimamente en París el Bey de Túnez a Don Manuel Becerra Armesto, Caballero de Santiago”⁶

⁶ La Correspondencia Gallega, nº 5165, 27/IV/07

Alén de toda esta literatura tan peculiar podemos resaltar que na actualidade podemos visitar parte do Pazo, incluíndo tamén a Capela onde atoparemos o corazón do Arcebispo Malvar, malia que nas instalacións continúa funcionando o Consello de Investigacións Científicas a quen lle cedeu a propiedade a Misión Biolóxica de Galicia.



*Ilustración 1: Panorámica do Palacete de Salcedo.
Imaxe cedida por Ernesto Vázquez - Rey Farto.*

· 4.2.- O Arquivo da Deputación de Pontevedra.

Facendo uso das ferramentas arquivísticas do Ministerio de Cultura, podemos ver no Censo Guía de Archivos⁷ a ficha ISDIAH⁸ para esta institución, e apreciar que o seu nacemento ven parelló á existencia das Deputacións. Fúndase o 12 de febreiro de 1836 por medio dunha Real Orde aínda que non será ata a chegada da democracia, xa na década dos oitenta do pasado século, cando se conforma como un arquivo público, auspiciado polas novas normas de transparencia e acceso. Do mesmo modo as funcións arquivísticas xurdirán en 1845, onde se crea a propia institución arquivística para acoller a documentación da Deputación Provincial, da Xunta Provincial e do

7 Ficha ISDIAH do Censo Guía de Archivos do Ministerio de Cultura para o Arquivo da Deputación de Pontevedra: <http://censoarchivos.mcu.es/CensoGuia/archivodetail.htm?id=47901> Consultado o 22/09/2014.

8 ISDIAH é o acrónimo para as siglas en inglés da Norma internacional para describir institucións que custodian fondos de arquivo.

Goberno Civil, nomeando para a súa dirección a un oficial, encargado do traballo, ata que en 1852 nomean a Pablo Chocano como arquiveiro responsable.

A súa ubicación tamén varía considerablemente ao longo do tempo, pasando de estar na Rúa Costa da zona vella da cidade de Pontevedra ata trasladarse ca desamortización ao convento de San Francisco onde se mantivo ata que a Deputación se traslada para a súa localización actual, o Pazo Provincial.

Haberá que agardar ata o ano 2008 para que o Arquivo da Deputación de Pontevedra se traslade para o seu edificio actual, na rúa Padre Amoedo, onde conta con instalacións modernas e seguras, con 1.100 metros cadrados para garantir a supervivencia dun valioso patrimonio documental, así como instalacións adecuadas para a consulta do mesmo.

Ten rexistrado na actualidade máis de tres quilómetros de documentación, con documentos datados dende o ano 1411 e entre os que destacan toda a documentación xerada pola institución política e outros fondos, públicos e privados, entre os que destacan varios arquivos familiares pertencentes aos Caamaño, aos Porto – Briallos, aos Malvar, aos Mosquera ou aos Domínguez – Sánchez. Así como tamén conserva diferentes coleccións persoais ou arquivos de institucións e asociacións xa desaparecidas.⁹

⁹ Páxina web do Arquivo da Deputación de Pontevedra: http://www.depontevedra.es/?1_5539 Consultada o 22/09/2014.

· 5.- Pensar e comparar os modelos de análise de arquivos de familia: Portugal e Galiza.

*Os dados que nos chegam do pasado foram informações,
e non “documentos” ou “fontes” (Rosa, 2009:12)*

· 5.1.- Algunhas notas previas.

Comentaba ao comezo deste traballo que unha das principais motivacións para desenvolver este traballo era a novidade que aportaba para a ciencia arquivística, sobre todo en Galicia e España, onde este tipo de estudos están máis retrasados con respecto do veciño portugués. Coma nas artes arquivísticas, no eido das publicacións e dos traballos dos profesionais desta ciencia tamén descoñecía boa parte do panorama literario, aínda que dende o primeiro ano fixen un esforzo por ampliar a miña biblioteca persoal neste campo.

Teño por costume, á hora de comezar un traballo, e ante a necesidade de coñecer o estado da arte dalgunha cuestión, realizar unha serie de búsquedas en dúas bibliotecas moi específicas. A primeira destas é a da Universidade de Santiago de Compostela, onde o grosor da documentación está aínda en formato físico polo que a súa consulta require o desprazamento ata a institución. A segunda é a creada pola Universidad de la Rioja que conformou un dos repositorios científicos más atractivos do panorama hispánico, concentrando unha gran cantidade de artigos de todos os campos de coñecemento, facilitando tamén o acceso en liña á súa lectura.

Os resultados poden considerarse sorprendentes ata que se ten unha visión xeral do panorama arquivístico ibérico. Os resultados en monografías de profesionais que centran a súa obra únicamente na arquivística poden contarse cunha man no caso da Universidade de Santiago de Compostela, mentres que no repositorio dixital rioxano podemos atopar unha maior variedade de resultados á búsqueda pero pronto perdemos a esperanza ao ver que a maior parte das obras e dos artigos relacionados cos arquivos de familia non teñen por obxecto o estudio dos fondos dende un punto de vista arquivístico, senón que se emprega este medio para narrar unha historia familiar, usando os documentos coma base xustificativa dunha investigación.

Non quero con isto facer unha crítica, xa que o meu *status* de estudiante non me permite tirar tan alto, pero si que me permite facer unha pequena análise desta produción científica. Sabendo como sabemos, que ca multidivisión administrativa española teñen aparecido nas últimas décadas unha cadea importante de arquivos centrados en localizacións concretas, o que permitiría un traballo

detallado sobre este campo de actuación, non consigo evitar botar en falla unha serie de obras de referencia actualizadas para dar a coñecer a labor e as necesidades dun arquivo histórico.

A planificación educativa do último século tampouco foi moi favorable con este panorama, sendo a arquivística unha peza complementaria do estudo histórico na que a maioría das xeracións que pasan polas facultades nin tan sequera teñen formación. Por poñer un exemplo próximo, na miña promoción, unha das últimas en saír co plano anterior a Boloña, a persoa que quixera formarse na arquivística tería que optar pola especialización en Patrimonio Documental e Bibliográfico e dentro diso escoller a asignatura de Arquivística Xeral, que para colmo, nos últimos anos do meu plano de estudio non tivo docencia e só tiñamos a posibilidade de pagar a matrícula para preparar pola nosa conta o contido da materia e realizar a final de ano un exame.

Por ser xusto, teño que recoñecer que nos últimos anos apareceu con forza a evolución da antiga licenciatura en Biblioteconomía, centrada agora no Grao en Información e Documentación, da que non podo valorar de forma obxectiva a súa implantación e a súa particular aportación ao mundo da arquivística, aínda que en vista da producción científica deste núcleo que en Galiza está radicada na Universidade da Coruña, ben podemos facernos unha idea das prioridades que se marcan.

Por último, e sempre dende a miña particular opinión, o estancamiento do mundo arquivístico ibérico ven dado pola formación e o interese dos historiadores, que tiñan sido maioría nos arquivos históricos e no manexo da documentación. Puxen ao inicio o exemplo de dúas obras que eu considero prioritarias para comprender a evolución da arquivística, polo menos no caso galego. E aproveito este momento para citar a obra de Vitor Migués (Migués, 2002) precisamente por este motivo, porque estamos a falar dun historiador de prestixio que ante a necesidade de coñecer a historia dunha familia específica para o seu traballo investigador, atopase cun fondo documental de gran riqueza pero totalmente desorganizado, polo que decide primeiramente interesarse polo mundo arquivístico e, seguindo as propostas de Olga Gallego (Gallego, 1993) e Froilán de Troche y Zúñiga (Troche, 1835), organiza o fondo co que posteriormente traballará. Resulta obvio comprender que o manexo dunha información organizada repercute directamente nos resultados, aínda que a labor que neste caso desempeñou Vítor Migués non sempre se contaxia a outros profesionais da Historia que prefieren abordar un fondo desorganizado, pensando así que aforran un tempo que perderán posteriormente procurando calquera documento entre *legaxos* e caixas.

Feito este primeiro achegamento, de forma sucinta, á situación da arquivística, creo conveniente introducirme un pouco máis na literatura existente sobre o tema e nas ideas que podemos abordar dos profesionais que teñen traballado neste campo científico. Aquí preciso facer unha limitación no mapa arquivístico, xa que existen diferentes puntos da xeografía nas que xurde unha vontade de traballo arquivístico: a zona de Levante, o caso do País Basco, Galiza, algúns puntos de Andalucía e Madrid. De todos estes farei un estudo máis amplo do caso galego por ser o que estudei de maneira máis detallada e sobre todo porque para os casos de arquivos de familia cumpre cunhas características específicas que non comparte co resto de España, pero si cos casos portugueses.

Coñecendo minimamente a evolución das sociedades ibéricas sabemos que tralo proceso da Reconquista confecciónase un mapa onde a orografía marca o tamaño das posesións, que van evoluíndo ata conformar un mapa onde os grandes latifundistas ocuparán toda a zona da Meseta, mentres que as pequenas propiedades serán a base da división xeográfica de Galiza e do norte peninsular. Isto é determinante na formación de familias, máis se cabe nestes clans de certo renome que estudamos no caso galego. Aínda así, as palabras do arquivista F. Borja de Aguinagalde (Borja de Aguinagalde, 2013) seguen sendo unha boa maneira de explicar esta diferenciación “*la propia denominación –y percepción- de estos fondos cambiará según dónde operemos. En Castilla o Andalucía, es habitual (a mí sigue sin parecerme acertada, además de anacrónica) la denominación de Archivos Nobiliarios para esta clase de fondos, cuando en el País Vasco, por ejemplo, este uso carece de tradición y resulta anacrónico. La estructura social de unos y otros territorios hace que se produzca una asimilación entre élites locales y nobleza (e, incluso, nobleza titulada) en unos, mientras que la propiedad más atomizada de las regiones del norte asocia el Archivo de Familia a una casona, un pazo, o un viejo palacio barroco, de un linaje hidalgo más o menos prestigioso.*” Percepción que tamén defende o propio Vitor Migués (2002:73) ao afondar nas desigualdades sociais, orgánicas, territoriais e organizativas entre o caso galego e o español de forma máis xeral, ou outros autores coma Pablo Otero Piñeyro Maseda (2013:574).

Debido ao pasado recente desta comunidade galega podemos encontrar nos seus arquivos públicos máis de medio centenar de arquivos familiares, sendo a maior parte deles a testemuña de diferentes familias fidalgas, habitante dos pazos e intermediaria no usufruto da terra cas grandes fortunas absentistas. O caso do Arquivo da Deputación de Pontevedra é singular, por posuér entre os seus fondos estes conxuntos familiares, sendo no resto dos casos os Arquivos Históricos Provinciais

os que albergan esta documentación, pero que varía en Pontevedra ao ser fondos familiares de persoeiros relacionados intimamente coa expansión desta institución e das súas actividades culturais.

O estudo da fidalguía en Galicia si que está á orde do día, sobre todo pola proliferación de traballos sobre a súa vertente socioeconómica aparecida trala publicación da obra *La propiedad de la tierra en Galicia* de Ramón Villares (Villares, 1982).

É aínda que estas investigacións esteán á orde do día non está de máis resaltar varios aspectos da documentación da familia Malvar que poden resultar de interese para un estudo dende un punto de vista máis histórico que arquivístico que se tería que dar nun futuro, xa que, seguindo unha orde lóxica, é necesario primeiramente ter ordenado o arquivo para logo poder extraer a súa información:

Os Malvar e as Casas cas que teñen relación e que rematan unindo a súa documentación á dos pontevedreses responden a unha serie de características comúns a outros grupos fidalgos, como por exemplo a evolución no seu campo de actuación, dende a súa presenza no campo galego onde actúan como intermediarios dunha nobreza absentista, ata a chegada ás cidades e o consecuente cambio no labor que desempeñan, pasando de ser administradores de terras das que obteñen unha renda a adentrarse noutros negocios urbanos. Vemos por exemplo coma Julián Malvar acaba formando parte de negocios financeiros madrileños ou coma outros personaxes acaban abandonando a súa residencia rural por casas nas propias cidades galegas, seguindo as teorías que presentaba A.S. Iglesias Blanco no seu estudo da Casa dos Condes de Amarante (Iglesias Blanco, 2011).

Aprobamos tamén as teorías de Pablo Otero Piñeyro ao respecto das xenealoxías destas liñaxes, que aínda non se teñen desenvolvido o suficiente como para poder trazar as liñas principais da parentela nobiliaria galega, o que nos indica que moito menos o poderemos facer cas pequenas familias fidalgas. Non podemos negar que existen cada vez más estudos xenealóxicos de certa calidade, que obvian *la exposición filiatoria de sentido positivo* (Otero Piñeyro, 2010: 208). A falta de rigorosidade nas investigacións existentes nos leva sempre a ter unha visión máis crítica con este campo que na maior parte dos casos é traballado por meros profesionais que carecen dos coñecementos básicos para o seu estudo e que buscan repasar glorias pasadas que non sempre se corresponden coa realidade. No caso da documentación dos Malvar, a información que aportan os seus papeis permiten debuxar perfectamente a base do esqueleto xenealóxico que, como todo, debe

de ser repasado ante a insuficiencia de datos. Aínda así, e como amosa este traballo, unicamente cas recreacións xenealóxicas feitas pola familia, xa podemos coñecer boa parte das xeracións sobre as que asentaremos o modelo sistémico.

A diferenza do aspecto socioeconómico da fidalguía galega, que non tratamos de maneira exhaustiva, si que faremos maior fincapé neste punto xenealóxico por ser unha realidade máis descoñecida e que moitas veces sobrevive á sombra das grandes Casas, onde a existencia de arquivos de maior riqueza documental ten coma consecuencia un estudo más doado e próspero no caso das relacións de parentela. Establécese, por tanto, unha relación lóxica entre o maior número de estudos xenealóxicas para aquelas Casas que contan con máis información documental neste apartado. De maneira incocibíbel, o Sistema de Información Malvar, malia contar cun bo apartado xenealóxico entre a súa documentación, non foi empregado nunca con este fin por parte dos investigadores, estando publicada tan só unha breve referencia do liñaxe saído do Pazo de Salcedo.

En resumo, son quizais máis os puntos que unen que os que separan ao caso da familia Malvar da de outras liñaxes fidalgas. As súas relacións, os seus modos de vida, os seus intereses e todos os aspectos que quedaron encadeados á memoria dos documentos falan dun caso que polo xeral pode ser similar ao de grupos do mesmo *status* e por iso non entraremos en abordar cuestións doutro tipo que non sexan as relacionadas ca arquivística. De todas formas, non podemos desbotar a importancia que o estudo destes grupos teñen, sobre todo en relación cos seus arquivos familiares, para botar máis luz sobre o coñecemento da historia local dos diferentes puntos nos que localizan as súas residencias. Sen dúbida, un coñecemento máis profundo da realidade dos Malvar propiciará novos coñecementos sobre as poboacións de Pontevedra, de Noia, de Ourense ou de Tui, por poñer un exemplo. Entendemos isto, polo tanto, como unha motivación máis para ser certeiros no traballo de arquivo e, coma sempre, tratar de mellorar o camiño entre a información e todo aquel que a procure.

Dentro do campo da información, e coma xa anunciamos, faise necesario primeiramente facer un pequeno percorrido polas diferentes propostas que atopamos nas dúas beiras do Miño e que nos obrigan a facer unha análise crítica da súa funcionalidade para escoller o método máis efectivo para garantir este acceso á información:

· 5.2.- A arquivística galega: Troche y Zúñiga e Olga Gallega.

Para trazar unha breve descripción do que ten sido a arquivística galega no referente aos arquivos familiares é necesario comezar por Froilán de Troche y Zúñiga, un apoderado dos Condes de Taboada redescuberto por Vítor Migués (Migués, 2002), e que xa a principios do século XIX tenta crear un método *cronolóxico - topográfico* para a organización de arquivos familiares, froito da observación da problemática e sen ningún tipo de formación previa, propiciando un dos primeiros debates arquivísticos na España moderna, xunto co seu contemporáneo Fernando Porras Huidobro quen entendía que o método alfabético que defendía era máis efectivo que o *cronolóxico-topográfico* de Froilán de Troche.

A aparición deste arquivista galego ten a ver co contexto histórico no que redacta o seu tratado “*fondamente definido pola existencia de centos de casas nobiliares cunha vixencia social, a resultas da súa vitalidade económica, que as tornaba en institucións estratéxicas para o desenvolvemento económico de Galicia. E así é como se entende que a temática arquivística xermolara de xeito tan agudo e sorprendente na Galicia da primeira metade do século XIX más que en ningún outro lugar de España*” (Migués, 2002:38). O que lle da cabida neste traballo é o seu afán por innovar e tratar de buscar un modelo que se poida aplicar de forma sistemática, mellorando aos anteriores e ca escusa de estar nun momento onde os arquivos empezaban a ter un tamaño considerable que xa requirían de persoas con certos coñecementos para poder organizalos. Formula un método que considera efectivo porque hai que erguerse menos veces da cadeira para agrupar os documentos, o que nos aporta unha imaxe metafórica de dous valores que de forma obligatoria teñen que ir parellos ao noso traballo: o da intermediación e o da efectividade. O persoal dun arquivo ten que ter organizados os seus fondos de maneira que mediante unha búsqueda concreta o usuario poida lograr un alto grao de efectividade nas súas accións. Isto será finalmente un dos puntos que mida a calidade do servizo. Polo tanto, se unha persoa que está procurando un documento xa é capaz de atopalo só cunha búsqueda nas ferramentas que nos aportamos significa que estamos desenvolvendo de maneira correcta a nosa labor.

Dito *Método fácil y sencillo y poco costoso para el arreglo de los archivos particulares, útil a los Hacendados y poseedores de bienes que tienen documentos para conservar sus intereses* é o primeiro manual que temos para solucionar o problema da desorganización arquivística dos fondos familiares. Pero como este surxe nunha época onde a profesionalización do persoal era limitada, sobre todo polas circunstancias históricas do momento, vese o autor na obriga de dividir o tratado

en varias partes, correspondentes á formación dun arquiveiro ou dunha persoa que teña que controlar o amplo volume das coleccións documentais que se conservaban nas casas fidalgas.

No tocante xa ao traballo de arquivo, comezase advertindo de que *debe seguirse el orden que más análogo sea a la naturaleza de las misma* polo que el escolle o método cronolóxico – topográfico, que a diferenza do alfabetico que fai que teñamos que revisar todo, con este teremos que levantarnos menos veces da nosa cadeira. O importante nestes casos é o resultado da persoas que precise buscar no fondo e Froilán de Troche é directo ao dicir que *por el arreglo y método que yo publico se logra tener un archivo en el cual es fácil a cualquiera hallar junto lo que necesite buscar y que siempre lo tenga reunido*, (Troche, 1835:18) respondendo deste xeito a unha das finalidades da arquivística.

O seu plan de “arreglo” comeza diferenciado entre os arquivos xerais e os particulares que en suma conformarán ao primeiro, respectando sempre unha orde metodolóxica e un agrupamento nun lugar común. *También los documentos de cada uno se dividen en generales y particulares: los generales son los correspondientes a los poseedores de las Casas o inherentes a los sujetos y no a los bienes que poseen, sino en general. Tales por ejemplo son empezando por la genealogía de ellos y siguiendo al sujeto desde que nació hasta que murió*. (Troche, 1835:20).

Dentro destes documentos xerais encontramos todo aquilo relacionado ca xenealoxía das familias que sería o primeiro grupo, anticipando as árbores ao resto de documentos; os documentos nobiliarios que serían a segunda sección con divisións individuais, os documentos facendísticos e de intereses xerais, os das regalías, os das regalías abolidas, os pleitos xerais, as contas e as lanzas e medias – anatas. Dificilmente inventamos con esta aportación o seguinte cadro de clasificación, que nos permite de maneira visual ver o criterio organizativo que o sistema do arquiveiro brigantino promulgaba:

CADRO DE CLASIFICACIÓN DE FROILÁN DE TROCHE Y ZÚÑIGA (1835)
Arquivos Xerais
Arquivos das Casas
1.- Sección: Documentos Xerais
· Xenealoxías

· Partidas de bautismo
· Capitulacíóns matrimoniais
· Dispensas
· Certificacíóns de casamento
· Testamentos
· Codicílios
· Fes
· Partidas de morte
2.- Sección: Documentos de nobreza
3.- Sección: Documentación patrimonial e facendística
· Vinculacíóns
· Morgadíos
· Doazóns e melloras de tercio e quinto
· Dotes
· Partillas
· Inventario
4.- Sección: Regalías.
· Títulos
· Expedientes de curatos
· Beneficios simples
· Capelanías
· Padroados
5.- Sección: Regalías abolidas ¹⁰
6.- Sección: Documentación xudicial ¹¹
7.- Sección: Documentación contable
8.- Sección: Lanzas e medias – anatas. ¹²

Posteriormente, a división dos particulares tería que responder a criterios xeográficos, comezando polas provincias e descendendo aos corregimentos, as xurisdicións, etc. E no caso da documentación eclesiástica, a recomendación do autor é a de seguir as divisións impostas neste eido.

Con isto feito, as operacións seguintes irán destinadas a facer un listado dos territorios onde haxa rendas e creamos tarxetas con rotulacións, seguindo as denominacións dos documentos xerais (xenealoxía, nobreza, facenda, intereses xerais, etc.). Para cada apartado dispoñibilizamos unha cadeira e acto seguido unha para cada parroquia. Tras facer unha breve lectura, poderemos colocar

10 Para o recoñecemento futuro do pasado familiar e tamén de uso común en pleitos.

11 Dos non executados, xa que senón estarían na sección de Facenda.

12 Para demostrar o pagamento deste tributo.

cada documento no “asento” recomendable.

Finalmente, a colocación cronolóxica de cada montón terá que ser feito empezando polo persoero máis remoto e tendo en conta entón, a evolución xenealoxica. Todo isto será acompañado dun resumo para saber o que contén cada documento, o que Froilán de Troche cualifica coma a “*arte de extractar*” para poder dispoñibilizar o arquivo e evitar que os usuarios se poidan perder entre os montóns de papeis.

Entendemos que o nacemento deste tratado a principios do século XIX ten coma obxecto a creación dun método que poidan seguir todas as persoas que nese tempo se fixeran responsables do patrimonio documental albergado en pazos, torres e casas; nun momento aínda de expansión da pequena fidalguía, motor económico de Galicia e que procuraba unha xestión eficaz dos seus bens.

Os anos de diferenza entre a obra de Froilán de Troche y Zúñiga e Olga Gallego é o resultado da desintegración progresiva, dende mediados do século XIX ata principios do XX, dun grupo social determinado que era o que posuía a maior parte do patrimonio documental, á sombra das grandes Casas peninsulares. Ca perda gradual destas institucións produtoras é normal que decaia o interese dos arqueiros pola investigación de novos métodos de organización e que a día de hoxe aínda non se recuperara a vitalidade que merece o atractivo deste patrimonio.

Hai que esperar ao remate da ditadura franquista para comezar a artellar un novo mapa administrativo que conleva a creación dun corpo lexislativo actualizado. No caso arquivístico galego as competencias foron asumidas pola comunidade autónoma, e aínda que nestes días está pendente o debate sobre unha nova Lei de Arquivos, o certo é que o decreto actual que rexe a organización e conservación dos fondos é do ano 1989.

Se temos que esperar á última década do pasado século para comezar a organizar os arquivos galegos é obvio que non existan tratados previos que recollan as solucións aos problemas. A obra *Manual de archivos familiares* de Olga Gallego data de 1993 e nace dunha necesidade, catro anos despois do establecemento da base legal, para organizar un tipo de fondos que por habitual en Galicia non quere dicir que estean plenamente valorados e traballados.

Ante este panorama xurde a voz de Olga Gallego para unificar en boa medida os coñecementos existentes sobre esta materia, partindo da definición de arquivos familiares coma os

generados por las actividades de una persona a lo largo de su vida o por las de los distintos componentes de una familia a través de generaciones, constituyendo, generalmente la etapa final de la integración de otras familias y de desmembraciones de sus componentes que han dejado huella en sus fondos documentales (Gallego, 1993: 17)

Para a autora, a valoración que fai deste obxecto documental responde a unha visión utilitarista sobre todo relacionado co eido económico, onde a boa administración do arquivo privado dunha familia garante a boa administración do patrimonio, aínda que lles recoñece un valor cultural e nalgún caso científico, dependendo da información que estes poidan aportar. Establece tamén en tres grupos os documentos que pode albergar este tipo de fondos e o fai segundo a procedencia do documento: os recibidos, os expedidos e os xerados polo propio grupo.

Estes fondos teñen unha característica case xeralizada, na súa opinión, que fai especialmente complicado o seu tratamento, e é que desobedecen calquera organigrama ou calquera normativa xa que son froito en parte do azar, dependendo sempre de cada individuo, polo que é imposible encontrar varios fondos familiares similares. Esta heteroxeneidade é un dos principios destes arquivos, complicado polos cambios que padecen cas unionais.

Para a súa organización e a modo de advertencia, a autora afirma que *de los siglos XVIII al XIX se organizaban y describían muchos de estos archivos, respetándose el principio de procedencia, por casas y estados, si se trataba de la nobleza (...). Dentro de ella, la clasificación suele ser muy variada y, en general, con poco rigor archivístico: rentas, derechos, jurisdicciones, cuando no se organizaron cronológicamente sin clasificación alguna* (Gallego, 1993: 22)

Propón Olga Gallego que non nos centremos no principio de procedencia e de estrutura, como se se tratase dunha institución cas súas divisións internas, senón que a unidade radica no asunto. Asume que é posible unha clasificación funcional, considerando que esas “coleccións orgánicas” (Gallego, 1993: 48) están comprendidas por varias series naturais que responden ao legado das diferentes accións que se desenvolven nunha familia.

A súa reorganización queda suxeita á posibilidade de refacer a organización orixinal ou non. Para este segundo caso teremos que facer unha clasificación que non sexa orgánica, xa que “en los archivos de familia el carácter heterogéneo de su documentación no permite establecer “a priori” una clasificación del conjunto de documentos reunidos por una familia o individuo” (Gallego,

1993: 49). Entón os criterios a seguir para este traballo terán que ser outros, coma o volume ou a natureza da documentación conservada.

Dentro do tamaño, as indicacións dadas por Olga Gallego para aqueles conxuntos pequenos e desfragmentados, a solución é manter o fondo como unha serie única e utilizando tan só a clasificación cronolóxica. No caso dos fondos de poucas series pero moi definidas teremos que executar unha clasificación lóxica mentres que se é voluminoso a clasificación será seriada, sendo imprescindible aplicar o principio de procedencia, reagrupando por destinatarios, por actividades e por materias, reformulando todo nun cadre de clasificación.

Para a clasificación segundo a natureza do arquivo, volve a dividilos novamente en fondos contemporáneos e en arquivos de familia previos ao Antigo Réxime. Neste caso, os más antigos corresponderán na maior parte dos casos a familias nobres ou fidalgas, onde o núcleo da nosa organización ten que estar estructurada en torno ao morgado, esa acción de *vincular permanentemente el patrimonio y ciertos privilegios en determinados miembros, lo que dará lugar a concentraciones e, incluso, disgregaciones (...) por tanto, de sus archivos*. (Gallego, 1993: 51)¹³

Posteriormente, a organización irá vinculada á organización familiar, polo que é primordial o coñecemento das xenealoxías, da biografía familiar e conseguir desenvolver unha listaxe continua das xeracións familiares. Ademais da xenealoxía, non é perxudicial coñecer tamén o patrimonio que rodea a cada individuo.

O seguinte paso, tras coñecer estes aspectos, é establecer unha clasificación xenealóxica por ramas (a principal, as secundarias e a bastarda) e tamén por casas. E tras isto começaremos a reunir os grupos documentais seguindo a orde das casas, das familias e dos liñaxes. Cada familia ou cada casa estará correspondida cunha sección do fondo e en caso de que exista unha unión entre estas a preeminencia será para a que teña o morgado.

Nun nivel inferior, estruturaremos as subseccións ca documentación relativa á administración do fogar, ás escrituras xenealóxicas e heráldicas, aos preitos e a outros que afectan “a toda la estirpe” como poden ser os documentos patrimoniais. No caso de existir algún personaxe

13 Inclúe neste momento a autora unha boa comparación que nos fai comprender o estado dos estudos sobre a arquivística familiar en Europa xa que fala do cadre de clasificación creado en 1920 por Charles Samaran pero que non funciona no caso hispano porque aquí os procesos socioeconómicos foron diferentes e non atopamos un fenómeno similar ao feudalismo francés.

destacado, con relevancia social, poderemos conformar unha subsección individual.

O outro grupo que estudaba Olga Gallego, dependendo da súa natureza, era o das familia contemporáneas, más escasos por corresponder a un momento de crise da familia como esa institución social que tiñamos asimilada para épocas anteriores. Neste caso, os arquivos individuais si que gañan unha relevancia ca que non contaban antigamente.

Xa para os casos de ordenación, este proceso pode variar segundo o tipo documental e da agrupación correspondente e segundo ou estado do fondo. Unhas veces a orde será cronolóxica, alfabetica, xeográfica ou corresponderá á unión de varias destas características. Se o que estamos tratando son documentos pequenos e soltos, será suficiente cunha correlación numérica.

Nas diferentes subseccións que se nos presentaban para os arquivos familiares más antigos a ordenación será cronolóxica no caso das liñaxes e das casas, a documentación administrativa estará ordenada respondendo a criterios alfabeticos por tipoloxías, no caso da xenealóxica premiará a orde alfabetico – onomástica, e nos preitos e historias, o cronolóxico. As contabilidades xerais irán antes que as parciais e a documentación patrimonial será primeiramente organizada cronolóxicamente e despois de forma alfabetico – xeográfica en relación á ubicación de cada obxecto.

No caso especial dos arquivos individuais dentro do fondo familiar terá que responder a unha clasificación previa por ramas (principais, secundarias e bastardas) para logo introducila en criterios cronolóxicos. E na ordenación da correspondencia, as cartas recibidas e expedidas responderán a unha serie con ordenación cronolóxica.

A descripción do conxunto estará baseado no cadro de clasificación, coma ferramenta que nos permite un achegamento a o conxunto de forma lóxica e sinxela. Responderá a criterios funcionais e nalgún caso a materias. Para os fondos más antigos, Olga Gallego recomenda a creación de dous cadros de clasificación, un para a estrutura histórica do fondo e outra ca nova recreación.

Outra ferramenta da que poderemos dispoñer seguindo o criterio da arqueira galega é o do inventario, que agrupará o fondo en series funcionais e facticias, atendendo a *actividades, asuntos o materias, al lugar, si se refiere a áreas geográficas, al tiempo, si atañen a períodos cronológicos, y al tipo documental, siempre tratando de no multiplicar los encabezamientos*. (Gallego, 1993: 68) A

un nivel inferior, as guías, catálogos e inventarios responden a outro tipo de esixencias características das que poderemos dispoñer no caso de que sexan necesarios para o traballo.

Novamente, o debuxo do cadro de clasificación serve para sintetizar a proposta e ver de maneira más concisa a tese presentada pola autora galega:

Cadro de clasificación - Olga Gallego Domínguez¹⁴	
1.- Fondos funcionales.	
1.1.- Documentos de organización de la cancillería, contenido e historia del archivo	
1.2.- Documentos genealógicos, heráldicos y pleitos.	
1.3.- Documentos patrimoniales.	
1.3.1.- Documentos constitutivos de títulos de propiedad.	
1.3.2.- Documentos de administración de la propiedad.	
1.4.- Documentos señoriales.	
1.4.1.- Documentación señorial y feudal.	
1.4.2.- Documentos jurisdiccionales.	
1.5.- Archivos individuales.	
1.5.1.- Documentos personales.	
1.5.2.- Documentos de función.	
- De función pública.	
- De función privada.	
· Actividades empresariales.	
· Actividades intelectuales.	
· Actividades políticas.	
· Actividades profesionales.	
· Actividades sociales.	
2.- Colecciones.	
3.- Archivos ajenos a la familia.	

A sensación ao chegar a este punto da investigación é o da desorde. Non unha desorde nos contidos do que imos pouco a pouco aprendendo, que tamén, senón que existe a sensación de que ningún dos dous métodos presentados consigue de forma eficiente unir a todos os archivos familiares baixo unha proposta que sexa universal e que facilite a consulta por parte dos usuarios.

Sen embargo, a proposta de Olga Gallego sobrepasa as fronteiras e é a referencia que se toma en toda España dende ese momento para a organización de archivos familiares. Descoñezo os motivos desta expansión, pero resultado desta dúbida surde o primeiro punto de inflexión neste traballo: coñecidas as virtudes e os defectos do legado de Olga Gallego que se espalla por toda España é o momento de preguntarse que errores cometan estes autores, ver que se bota en falla das propostas e tratar de coñecer novas realidades que non se vexan lastradas polo peso destes ideais.

14 Cadro de elaboración propia a partir da obra referenciada (Gallego, 1993).

Desta maneira, consigo adentrarme na proposta sistémica portuguesa ca esperanza de solucionar unha serie de dúbidas e lagoas que áinda atopo ao redor dos arquivos familiares.

· 5.3.- A arquivística portuguesa: debate e modelo sistémico.

Falo de punto de inflexión precisamente porque co modelo sistémico, ideado por Armando Malheiro, descubro un método onde xa ca simple lectura das instrucións de traballo non teño a percepción de estar a desorganizar un fondo que pretendo organizar. E pode resultar anacrónico, pero nunha primeira consulta ao cadro de clasificación ideado por Olga Gallego, para os arquivos de familia, e sabendo como a maior parte da documentación sae organizada das Casas, as normas que crea Olga Gallego poden ser perxudiciais para os a propia organización dos fondos.

Se estamos a falar de familias porque non temos en conta a organización familiar, ao igual que temos en conta a organización dunha administración calquera para a organización dun arquivo administrativo? Por que temos que crear agrupación artificiais cando a producción documental segue un cauce na maior parte dos casos que xa nos indica cal tería que ser a organización futura? De que maneira axudamos más ás persoas que vaian a consultar os arquivos?

Previamente, debo iniciar o meu percorrido portugués da man da obra de Pedro Peixoto, Manuel Silva Gonçalves e Paulo Mesquita *Arquivos de Família: organização e descrição* (Abreu, Mesquita, Silva, 1996) por ser, como eles mesmo recoñecen, a primeira obra de síntese neste campo para os arquivos de familia, algo novidoso nun campo sen traballar e que, ao igual que en España, onde só existe o traballo de Olga Gallego.

Estamos falando polo tanto do primeiro paso para coñecer o traballo sobre os arquivos de familia en Portugal, que conta tamén cunha primeira toma de contacto anterior (Abreu, 1991) e a súa posterior revisión (Abreu, 2002). Desta versión renovada atopamos unha análise na que se da conta da inexistencia de traballos nos arquivos de familia durante toda a década ao tempo que, coma en todos os traballos pioneiros, se sentan as bases da lexislación neste eido específico. Xurde entón a necesidade de definir os arquivos de familia e Pedro Abreu Peixoto, nunha corrente moi similar a Olga Gallego, formula a seguinte reflexión:

Não é o arquivo um producto puramente administrativo? Não deveremos , para os papéis de família, trabalhar com a definição de colección, bem mais aplicável à heterogeneidade da composição dos fundos documentais familiares? Será possível chegar a uma definição de arquivo de familia, ou

estaremos a tentar definir algo composto por uma instituição que jamais poderia produzir algo tão administrativamente regulado? Estaremos a procurar o inexistente? (Abreu, 2002: 79).

Afonda nesta percepción de arquivo familiar como colección, sobre todo pola inexistencia de *documentos de controlo da produção e recepción de documentos, instrumentos de descrição documental e de recuperação da informação elaborados pelas próprias entidades produtoras* (Abreu, 2002:80). Do mesmo xeito, para a elaboración desta definición de arquivos de familia, percorre as teses de F. Borja de Aguinagalde (Aguinagalde, 1991) que si cre na estrutura propia dos fondos familiares e da facilidade existente para o tratamento descriptivo e organizativo. Por último, Pedro Abreu Peixoto tenta facer un achegamento moi superficial á obra de Armando B. Malheiro da Silva (Malheiro, 1997) a quen critica polas inexactitudes que el considera que ten o modelo sistémico. (Abreu, 2002:82).

Ao contrario destas teses presentadas ata o de agora, xurde unha nova corrente cunha mensaxe científica más concreta e cunha análise completa da evolución arquivística serve para poñer as bases a unha nova realidade, que non se libra de ser criticada por outros autores, como acabamos de ver. Esta nova proposta permite, cando menos, un movemento de ideas e debates, o que xa de por si favorece á investigación neste campo, estando un debate nun momento de consolidación, onde xa se coñecen as teorías e a demostración consiste en promulgar todo tipo de exemplos e experiencias que respondan a estes modelos.

Xa na era póst-custodial, (Ribeiro, 2005) as evolucións e revolucións previas teñen deixado a súa impronta na arquivística que xa pasa a estar considerada como unha ciencia, na que o importante non é o tratamiento que fagamos co documento, *senon as vicissitudes sofridas pelos dados que nos chegam do passado, o lugar que estes ocupavam no sistema de información global em que foram produzidos e (...) a forma como são mediatizados pelos instrumentos de descripción documental* (Rosa, 2009:11). Progresivamente, os profesionais que desenvolven esta evolución no panorama portugués conseguem subliñar a importancia de deixar atrás o paradigma historicista e poñen de relevo algo que en España aínda non se valora de forma plena: que a información ten que ser o obxecto central da nosa labor de estudio, dentro dos sistemas de información social que son os arquivos.

O achegamento ao modelo sistémico parte da proposta iniciada xa neste século ao redor do proxecto de Casa de Mateus, tendo a Armando Malheiro como cabeza visible do programa, no que

interactúa con outros profesionais. A súa proposta científica (Malheiro, 2004) parte de ingresar á Arquivística no cadre epistemolóxico das Ciencias da Información (Malheiro & Ribeiro & Ramos & Real, 1998) sendo obxecto de estudo a descripción, ordenación, recuperación e uso dos documentos de arquivo, *estuda (...) informação com um conjunto específico de propiedades passíveis de serem confirmadas, refutadas ou acrescentadas unicamente através da pesquisa científica, sistemática e revisível, mediante (...) o método quadrípolar* (Malheiro, 2004: 58).

Esta metodoxía abarca catro polos que interactúan de forma dinámica entre si: o epistemolóxico, que representa a coexistencia e sucesión de paradigmas; o polo teórico, que abarca as diferentes propostas teóricas; o polo técnico, que integra as operacións relacionadas coa investigación; e por último o polo morfolóxico, que serve para amosar os resultados ocasionados pola interacción dos tres anteriores (Malheiro, 2004: 59). Considero oportuno tamén compartir a reflexión do autor na forma de facer a súa proposta teórica para o estudo dun fondo arquivístico analizado a través do sistema operatorio de sistema, que responde á conxunción de tres características: ser observable como unidade no tempo e con significado propio; o sistema estará formado pola interactuación estruturada de elementos; e a correlación permanente entre a unidade e os elementos. (Malheiro & Ribeiro, 2002).

Desta xustificación científica nacerá unha das primeiras diferenzas entre as dúas correntes presentadas, posto que, para os profesores Fernanda Ribeiro e Armando Malheiro, os arquivos serán un *sistema (semi-)fechado de información social, materializada en qualquer tipo de suporte, configurado por dois factores essenciais – a natureza orgánica (estrutura) e a natureza funcional (servicio/uso)- a que se associa um terceiro – a memória – imbricado nos anteriores.* (Malheiro & Ribeiro, 2002). E en consecuencia, o arquivo familiar estará definido como un *Sistema de información organizado ou operatório,¹⁵ cujo pólo estruturante e dinamizador é uma entidade – Familia e Pessoa, cada qual com estrutura propia e acción fixada sempre por objectivos diversos, uns perenes e outros mutáveis.* (Malheiro, 2004:60).

Modifícase nesta proposta portuguesa o paradigma e polo, tanto o cadre teórico – metodolóxico, formado pola investigación en numerosos casos, do particular ao xeral (Malheiro, 2004: 64) nun mundo, o dos arquivos familiares, que continúa nun segundo plano, tanto na importancia científica da súa investigación como no tratamento lexislativo existente, posto que boa

15 O facto de ser un sistema de información “*organizado ou operatório*” remite á estructuración formada por órgaos. (Piero Mella, 1997. In Malheiro, 2004:59).

parte deles permanecen áinda en mans privadas e as normativas non sempre garanten a súa supervivencia.

Parte entón a investigación do *método cuadripolar* da comprensión do documento como un ente que se encontra ligado ao binomio de información – comunicación (Malheiro, 2004: 66), en contra das teorías que defenden a única existencia do documento como obxecto ou causa.

Este modelo funciona de xeito universal con todo tipo de agrupacións documentais, ao ser estas consideradas como un sistema (semi)pechado dunha información que conleva para unha estrutura determinada, dependendo de quen sexa o creador desta información, e para unha funcionalidade dinámica (Malheiro, 2004: 66) que pode ser tanto o uso orixinario da documentación coma a súa reutilización posterior. Estas dúas vías enlazarán finalmente ca memoria, aportando o fundamento deste modelo sistémico e interactivo. (Malheiro & Ribeiro & Ramos & Real, 1998: 214).

A aplicación práctica deste modelo sistémico sobre un sistema de información terá que versar primeiramente sobre a análise da estrutura orgánica á que nos remite o mesmo. Desta situación poderemos apreciar dous tipos de corpos, os unicelulares ou os pluricelulares, ben sexan estruturas individuais ou colectivas con diferentes sectores funcionais. Isto no que conleva ao chamado *vector estrutura*, xa que o vector funcional levará a análise aos agrupamentos centralizados ou descentralizados que loxicamente serán todos os pluricelulares, outorgando autonomía aos seus sectores orgánico – funcionais (Malheiro, 2004: 69). Estes fundamentos da organicidade para un sistema de información familiar estarán baseados na unión afectiva e física de dous individuos, con continuidade xenética mediante descendencia de xeracións e a acción dos membros, a fin de garantir a supervivencia colectiva e as estratexias de poder socioeconómico, político e simbólico (Malheiro, 2004:69).¹⁶

E novamente, a mellor maneira de comprender tanta literatura é co reflexo gráfico desta proposta no seu cadre de clasificación, publicado deste modo polo autor:

16 Non recollo nesta definición todo o postulado do autor, Armando B. Malheiro da Silva por diferir dalgunhas consideracións, xa que de forma literal el xustifica: (1) *união afectiva e física de dois indivíduos de sexo oposto (ou do mesmo sexo, desde que legitimados por casamento civil)*; (2) *procriação e continuidade genética através de descendência em sucessivas gerações (a geração converte-se, assim, na mais elementar e marcante divisa organizacional da Família); e* (3) *acção dos diferentes membros individuais a fin de garantirem a sobrevivencia colectiva e as estratéxias subsequentes de poder sócio-económico, político e simbólico.* (Malheiro, 2004: 69).

Quadro de clasificación – Armando Malheiro da Silva¹⁷
1.- Sistema de información: Família
1.1.- Subsistema: Casa
1.1.1.- Secção 1: Geração 1
1.1.1.- Subsección 1: Casal.
1.1.2.- Subsección 2: Marido.
1.1.2.1.- Fase da vida 1.
1.1.2.1.1.- Série.
1.1.2.2.- Fase da vida 2.
1.1.3.- Subsección 3: Esposa.

Existen outros autores, áinda que non outras propostas, cun posicionamento a un ou a outro lado desta cuestión, que deixan publicacións de grande interese para os arquivistas. Gústame especialmente a presentación de María Lurdes Rosa (Rosa, 2009), por explicar dunha forma convincente esa diferenciación que existe entre os postulados de sistema de información e fontes, arquivos ou corpus documentais, precisamente incidindo nun dos aspectos, ao meu ver, máis atractivos desta proposta, que *os dados que nos chegam do pasado foram información, e não documentos ou fontes*. (Rosa, 2009:11-12).

A complicación engadida de mirar cara os archivos coma un instrumento de salvagarda da información que se nos envía dende o pasado fai necesaria unha reconsideración en todo o panorama arquivístico, especialmente no contexto hispano, onde áinda non é posible ler este tipo de reflexións. Temos que tentar comprender a realidade que se nos presenta coma un sistema e o primeiro paso vai ser sempre a reconstitución da orgánica produtor da documentación que estudemos, malia que non sexa unha proposta aceptada por todos os profesionais da arquivística.

Outro persoero destacado, que toma partida nesta confrontación de posturas, é o arquiveiro vasco F. Borja de Aguinagalde quen por experiencias neste campo, no que leva traballando varias décadas, é unha das voces más reputadas do panorama hispano. De primeiras, comparte o discurso sobre a conservación desta documentación no pasado, indo máis alá dos fines utilitaristas, ata que no século XVIII (Aguinagalde, 1985) comeza a confeccionarse un proceso de organización, como tamén podemos ver no Sistema de Información Malvar. Aínda que os seus primeiros traballos son anteriores á publicación do manual de Olga Gallego, o arquiveiro vasco é debedor da súa proposta, áinda que na última década evolucionou os seus postulados ao abeiro das innovacións tecnolóxicas.

A súa particular división da documentación irá encamiñada en seccionar cada fondo das

17 Elaboración propia a partir das indicações do autor.

liñaxes que participan no arquivo familiar, podéndose dividir á súa vez en subseccións enfocadas aos arquivos individuais, cando teñan un tamaño considerable, senón serán parte da “Subsección Individual Agrupada” (Aguinagalde, 1985). O resto de indicacións van destinadas á creación dunha clasificación *patrimonialista* similar ás propostas pola arqueira galega.

Alén de todas estas publicacións das que estamos falando, outra maneira interesante de analizar a actualidade do estudo de arquivos familiares é achegándonos aos encontros científicos que se realizan tanto en España como en Portugal. Neste eido, considero que o territorio luso volve contar con mellor saúde no que a arquivos familiares se refire, xa que nos últimos anos vense desenvolvendo unha serie de congresos destinados a incidir nesta materia, como poden ser as actividades da Universidade Nova de Lisboa en relación ca Direcção Geral de Arquivos ou o de *Casa Nobre: um património para o futuro*. Pola contra, en España atopamos un menor número de celebración, pero o máis sintomático é se botamos un ollar ao tipo de debates que se crean. Nesta última década hai exemplos coma o *Extraordinarios y fuera de serie: formación, conservación y gestión de archivos personales*,¹⁸ onde a maior parte das propostas eluden o debate sobre os sistemas familiares e se centran en interpretacións de pequenas *coleccións* de persoeiros destacados. A *Casa de Velázquez* é outra institución que apostá por un constante debate de ideas ao redor dos arquivos familiares, recibindo propostas moi variadas pero que representan gran parte das investigacións levadas a cabo en España: estudo das grandes Casas, análises dende punto de vista *patrimonialista* e sustento da visión historicista dos arquivos. No caso galego a ausencia de debates é evidente e non son habituais a convocatoria de xornadas deste tipo. Ben é certo que si, que existe unha fonda tradición de estudio doutras areas relacionadas coma son a heráldica e a xenealoxía.

· 5.4.- Contraposición de ideas e propostas: o debate en torno aos arquivos de familia.

Á hora de dar o debate entre as propostas, principalmente entre as presentadas por Olga Gallego Domínguez e Armando B. Malheiro da Silva, é preciso facer fincapé nas palabras do autor para aclarar as vantaxes científicas do modelo sistémico, que supera a lóxica *incorporacionista*, valoriza a complexidade destes procesos mediante análises sistemáticas, coloca a información nun primeiro plano de acceso e comprende os mecanismos de procura da información, no *comportamiento informacional* (Malheiro, 2004: 66).

18 Celebradas o 17 e 18 de febreiro de 2011 en Madrid: http://www.archivoymemoria.com/jornadas_05.htm

Pero estas diferencias propónense xa dende a propia definición de arquivos de familia que funciona a modo de declaración de intereses, sendo o modelo de Olga Gallego un exemplo de visión *patrimonialista* e *incorporacionista*, que considera á documentación familiar coma unha agrupación heteroxénea que busca organizar, cando a proposta portuguesa acentúa a necesidade de avaliar toda a documentación co de información, un sistema en si mesmo que funcionará coma testemuña do pasado.

Ao meu ver, o uso empirista de Olga Gallego neste ámbito, resolvendo que *estos archivos presentan una problemática específica en cuanto a su organización y descripción, debido (...) a su carácter heterogéneo, fragmentario e incoherente, formados en su gran mayoría por documentos sueltos* (Gallego, 1993:47) é a patente da visión administrativista dos arquiveiros hispanos, que avogan pola incoherencia ao non ser quen de dilucidar un novo modelo de organización, diferente ao das outras institucións cas que acostumou a traballar esta profesional. Dende o momento que se fai necesario rachar co principio de procedencia, un dos baluartes da arquivística actual, podemos entender que a argumentación escollida pode ser facilmente refutada. Esta desconsideración dos fondos familiares como documentos de arquivo lastra os avances científicos nesta area, sobre todo dende a publicación do manual de Olga Gallego, xa que a súa proposta foi asumida polo completo dos arquivistas peninsulares. Como ben indica Armando Malheiro “*havendo só arquivo nessas instituições* (as xurídico – administrativas nas que se poida respetar o principio de procedencia da documentación) *e em mais nenhuma entidade, (...) equivale a deitar por terra a definição jurídica de arquivos privados*” (Malheiro, 2004:65)

O que nos leva a pensar que, por unha cuestión de lóxica, se cando organizamos a documentación dunha institución xurídico – administrativa concreta esta a seccionamos nas diferentes ramas que poida ter a institución, por que no caso das familias estamos avogando por unha división en asuntos?. Se xa dende a proposta de Froilán de Troche y Zúñiga atopamos un énfase especial no coñecemento das xenealoxías, por que non se utilizou esa organización familiar para o *arranjo* deste patrimonio familiar?

Isto mesmo será a base do debate entre as dúas posturas, onde a proposta portuguesa non contempla o paradigma de Olga Gallego por ser *insustentável à luz da Ciência da Informação* (Malheiro, 2004: 64) ao derivar dunha visión *administrativista*. As teses de Armando Malheiro da Silva están escritas máis tarde que as de Olga Gallego, polas que revisa esta proposta de maneira crítica, a diferenza de outros autores portugueses que tamén tiñan asimilado a proposta da arquivista

galega. É por iso que dende Portugal, á luz do modelo sistémico e interactivo, non se asumen sentenzas como as que afirman que “*las series no suelen ser tipológicas* (nos arquivos de familia), *sino de origen arbitrario y con fines particulares, cuya unidad se la suele dar el asunto o la información*” (Gallego, 1993:47) por estar estas limitadas á visión xurídico – administrativa que temos do traballo en arquivo.

Outro motivo de contradición entre as dúas propostas é a caracterización que Olga Gallego fai dos *acervos* familiares, tese reafirmada tamén por Pedro Abreu Peixoto (Abreu, 2002), ao consideralos simples coleccións, xa que “*en la clasificación no podemos apoyarnos en el principio de procedencia y de estrutura, como si se tratase de una institución con órganos, funciones y actividades muy definidas por la normativa, por lo cual el tratamiento de estos fondos puede acercarse, en muchas ocasiones, al de las colecciones*”.(Gallego, 1993: 47)

Comprendendo o debate arquivístico coma unha acción pacífica de rebate, de contraposición de argumentos, ou coma acción alentadora (Aguinagalde, 2013:9), podemos ver facilmente como as dúas teorías procuran a evolución arquivística por camiños diferentes. Por unha banda, a proposta galega semella ser máis estática, cunha xustificación pouco debatida nos seus círculos, o que perigosamente pode levar a repetir erros no traballo arquivístico por todos aqueles que reproduznan as súas teorías. Contra esta *coisificación* do documento (e eu engado que da arquivística en xeral) aparece a tese portuguesa, por definición xa máis dinámica e non só polo mero feito de ter rebatido unha proposta que asemellaba inamovíbel. O sustento exposto sobre a teorización das Ciencias da Información crea un novo paradigma que, con maior solidez, podería aglutinar os novos estudos do patrimonio documental familiar, como xa se está facendo ao redor da Universidade do Porto, con numerosos traballos académicos destinados a promulgar este modelo sistémico. Obviamente podemos considerar un claro avance, ou polo menos unha proposta interesante a ter en conta, a declinación do documento coma obxecto para pasar a velo da man dese *binómio información – comunicación, do método quadripolar*.

· 5.5.- Exemplos actuais

A falta de máis propostas que enriquezan o debate arquivístico ou o simple feito de que a maior parte dos profesionais asuman paradigmas xa creados, inciden na falta de viveza nun debate que podería gozar de mellor saúde. Para facer esta valoración, divido novamente a situación en torno ás coordenadas territoriais, o que provoca unhas referencias desiguais, xa que pola banda

portuguesa o traballo podería considerarse continuado, con numerosas teses que estudan dende un punto de vista arquivístico a diferentes liñaxes (Torres, 2012) (Correia, 2013), así como a elaboración de diferentes xornadas de debate que inciden no interese por este ámbito dentro da arquivística.

No caso galego, a visión actual é moi similar á dos anos anteriores, con escasas obras que reflectan o paradigma arquivístico dunha entidade familiar, aínda que seguen sendo habituais as creacións en torno ás xenealoxías ou ás historias familiares. Deste tipo de obras, ademais da xa mencionada de Vitor Migués, querería presentar dúas obras publicadas na pasada década, pero que son pequenas excepcións arquivísticas que se presentan en monografías individuais.

O primeiro e máis antigo dos casos é a obra da *Familia Aperribay Pita da Veiga: Inventario do fondo documental*, proxecto liderado polo destacado Gabriel Quiroga Barro, quen estuda un sistema de información familiar no que presenta escasas novedades ao respecto de traballos anteriores. Tornando sobre o campo das formas clasificadoras, recoñece abertamente o legado de Olga Gallego Domínguez que aplica con algunha modificación a un fondo que el considera desorganizado e que, pola contra, non considera esta “organización desclasificada” coma información que o arquiveiro ten que valorar.

Sen incidir nas series que presenta o fondo dos Aperribay Pita da Veiga debuxamos aquí o Cadro de Clasificación presentado (Quiroga, 2002:57-60):

Cadro de Clasificación de Gabriel Quiroga Barro
1. Fondos funcionais
1.1. Organización e arquivo
1.2. Xenealoxía, títulos e vínculos.
1.3. Patrimonio.
1.3.1. Títulos de propiedade.
1.3.2. Administración do patrimonio.
1.4. Padroado e Obras Pías
1.5. Documentos persoais.
1.6. Arquivos individuais.
1.6.1. Documentos persoais.
1.6.2. Documentos de función.
1.6.2.1. Actividade empresarial.

1.6.2.2. Actividade intelectual.
1.6.2.3. Actividade profesional.
1.6.2.3.1. Administrador de propiedades.
1.6.2.3.2. Avogado.
2. Coleccións.

María Concepción Paredes Naves estuda en Asturias o caso do Arquivo da Casa Trelles dos Duques do Parque, onde emprega novamente as teses *patrimonialistas* de Olga Gallego e confecciona un cadro de clasificación para o sistema de información onde reparte, de primeiras, as Casas e Marquesados de forma independente, para logo seccionalos segundo materias coma as xenealoxías, a xurisdición señoril, o patrimonio ou a administración de bens, sen facer en ningún momento referencia ás diferentes persoas que conforman cada xeración nun sistema orgánico.

Carlos Flores Varela estudou, na última década do século pasado, o señorío de Gálvez, onde organiza o seu fondo documental dependendo do cadro das funcións que, segundo o autor, establece a organización do señorío e o secciona en apartados que refiren á documentación persoal, ao goberno, á administración da propiedade ou aos pleitos, (Flores Varela, C.J., 1996: 8-10) quedando totalmente desvirtuada a organización xenealóxica que podería sustentarse baixo a mesma división que fai, creando sistemas independentes para cada administración. Repite a experiencia, con idénticos resultados, no traballo ca documentación do Marquesado de Villena, o Condado de Montalbán e o Ducado de Uceda. (Flores Varela, C.J., 1997).

Outra achega a estudar, xa máis recente é a presentada por María del Carmen Pereira Pazos e Beatriz Prego Cancelo sobre o arquivo familiar de Valle – Inclán, que leva por título *Archivo de la Familia de Valle – Inclán: Descripción del fondo documental*.

Sobre esta obra chamamos a atención primeiramente para o feito de que estamos a superar o paradigma individualista relacionado cas grandes personalidades, onde era habitual comprobar por toda España o estudio únicamente dos arquivos persoais, en detrimento do resto da documentación familiar. Neste caso, as autoras si que se centran no resto da entidade familiar para presentar uns resultados postulados tamén ás teses de Olga Gallego Domínguez.

A proposta gráfica (Pereira & Prego, 2008: 26 - 30) responde á división do fondo en Casas, polo que tan só recollerei un breve exemplo de dúas das nove que o compoñen, ao igual que

deixarei fora a explicación das series que representan na maior parte dos casos, criterios intrínsecos ás actividades familiares:

Cadro de Clasificación de M^a Carmen Pereira e Beatriz Prego
1. Casa de Casal de Munín
1.1. Xenealoxía, títulos e vínculos.
1.2. Patrimonio.
1.3. Administración do patrimonio.
1.4. Patronato e obras pías.
1.5. Documentos persoais.
1.6. Arquivos individuais.
2. Casa do Colo de Arca
2.1. Xenealoxía, títulos e vínculos.
2.2. Patrimonio.
2.3. Administración do patrimonio.
(...)
11. Documentación inconexa.

Todo isto lévame a unha breve reflexión, xa que no tempo que pasei no Arquivo da Deputación de Pontevedra tiven que facerme cargo do Fondo Malvar e sempre que alguén quería consultar algo, relacionado ca documentación familiar, preguntaba por unha persoa concreta e o documento que procuraba. Entón, se alguén ten que facer unha procura na proposta de Gabriel Quiroga Barro, por exemplo dalgún título de vínculo da familia, terá que revisar todo o lote destes documentos ata atopar o que precisa? Non sería, por lóxica, máis normal procurar no cadro á persoa sobre a que precisa a información e dentro da súa división encontrar o documento relacionado? Ben é certo que hai xente que poderá dicir que se se queren consultar todos os vínculos, no modelo sistémico habería que consultar todas as seccións persoais, mentres que no modelo *patrimonialista* poderíase obter o resultado cun primeiro achegamento. Entón os profesionais dos arquivos, que trataron con arquivos familiares, cales pensan que son os obxectivos das persoas que procuran algo dentro dun arquivo familiar? Este conxunto do que falabamos ou casos más específicos?

· 6.- O Sistema de Información Malvar.

· 6.1.- O pasado do Sistema de Información Malvar.

Adiantanos F. Borja de Aguinagalde unha pequena reflexión (Aguinagalde, 1994: 82) que ben pode valer de introdución para este punto, no que o obxectivo non é outro que explicar a evolución do sistema de información Malvar. A evolución non tanto histórica, senón na historia, co trasego de anexións, divisións e cambios de residencia ata atopar o conxunto que hoxe podemos consultar baixo a nomenclatura de Fondo Especial Número 8 do Arquivo da Deputación de Pontevedra.

Para o arquivista, o motivo de creación de moitos dos fondos que hoxe coñecemos veñen dados pola conservación no seu momento debido ao valor que estes tiñan para probar dereitos, poder conservar as súas propiedades, administrar os seus bens e ter memoria do seu parentesco, algo útil nun momento no que a reclamación de morgados e bens era unha constante, como tamén podemos atopar no Sistema de Información Malvar.

Case todas as familias conservan por estes motivos a súa documentación, o seu patrimonio documental, e pouco a pouco o van organizando segundo modelos reiterativos, consecuencia directa das experiencias notariais dos propios escribáns que se encargan desta documentación. Estamos a falar dun momento de auxe, onde as casas fidalgas precisan constantemente de consultar estes fondos que manteñen a súa viveza, como ben explica Froilán de Troche y Zúñiga. O cambio de contexto dáse a mediados do século XIX, ca desamortización e os cambios xurídicos que non provocan outra cousa que o desuso destes arquivos, xa non é necesario a repetida consulta da documentación e polo tanto moitos sistemas de información familiares comezan a esmorecer.

Para o caso da Familia Malvar, temos que empezar aclarando que a denominación do Fondo Especial Número 8 coma Fondo Malvar non quere dicir que nel estean representadas todo o patrimonio documental da familia, máis ben ao contrario, teremos que facer a viaxe inversa xa que o que hoxe encontramos no Arquivo da Deputación de Pontevedra é o arquivo que finalmente chegou á familia Malvar e que esta conservou no Pazo de Salcedo, ata a súa cesión á Misión Biolóxica de Galicia en 1997.

Casa de Noia e XallasCasa de Perisical

Antonio Bolón do Campo
"El Viejo"
M^a Rodríguez

Casa das EiroasCasa de Ramirás

Gregorio García
María Vázquez

Gregorio García
Cathalina Alonso de
Caamaño

Luis de Villamarín
(1º) Violante Mosquera
(2º) Cahtalina Rodríguez
de Ambía

Julio de Bolón
(1º) Marian
(2º) María Suárez
Pardiñas

Juan García de Villar y
Baqueixo
Cathalina de Lourido y
Castro

Violante Mosquera
Lope García Varela

Maria Suárez
Esteban Rodríguez

Joseph García de Villar
(1º) Mariana de Lema y
Carantonña

Violante Mosquera
Lope García Varela

Lucía Suárez
Fernando Vermúdez

(2º) Margarita Taboada y
Ulloa (C. Barros)

Violante Mosquera
Lope García Varela

Antonio Vermúdez
Moscoso
Josefa Antonia de Soto

Thiburcio Fausto García
Taboada
Micaela Saavedra
Cuerbo de Quiros

Violante Mosquera
Lope García Varela

Joseph Vermúdez
Moscoso
Bárbara de Torres
Verdugo

Ignacio Marcelino García
Taboada
Villamarín

Violante Mosquera
Lope García Varela

(1º) M^a Josefá Vermúdez
de Torres y Verdugo

(2º) M^a Gregoria de Cea
Ozores Villamarín

Violante Mosquera
Lope García Varela

M^a Josefá García Taboada
JULIÁN MALVAR

Agustín Taboada Cea
M^aCarmen Texeda

Violante Mosquera
Lope García Varela

M^a Carmen de la Maza e Quiroga
M^a Carmen Taboada (2º)

Agustín de Cea
Faustina de Castro

Violante Mosquera
Lope García Varela

Jerónimo Malvar e Taboada
JERÓNIMO MALVAR

Diego de Ozores
Diego de Castro

Violante Mosquera
Lope García Varela

Francisco Javier Troncoso de Lira e Garza

(1º) Francisco Javier Troncoso de Lira e Garza

Casa de RegodeigónCasa de Villema

Antonio Bolón do Campo
"El Viejo"
M^a Rodríguez

Gregorio García
Cathalina Alonso de
Caamaño

Violante Mosquera
Lope García Varela

Julio de Bolón
(1º) Marian
(2º) María Suárez
Pardiñas

Juan López Vaamonde
Emilia de Quiroga

Violante Mosquera
Lope García Varela

Maria Suárez
Esteban Rodríguez

Julio Sarmiento
Váamonde

Violante Mosquera
Lope García Varela

Lucía Suárez
Fernando Vermúdez

Plácido Sarmiento
Isabel de Castro y
Sanabria

Violante Mosquera
Lope García Varela

Antonio Vermúdez
Moscoso
Josefa Antonia de Soto

Gregorio de Novoa
Villamarín
Clara Alonso

Violante Mosquera
Lope García Varela

Joseph Vermúdez
Moscoso
Bárbara de Torres
Verdugo

Esteban de Villamarín e Antonia Sarmiento de
Castro

Violante Mosquera
Lope García Varela

(1º) M^a Josefá Vermúdez
de Torres y Verdugo

(2º) M^a Gregoria de Cea
Ozores Villamarín

Violante Mosquera
Lope García Varela

M^a Carmen de la Maza e Quiroga
M^a Carmen Taboada (2º)

Agustín de Cea
Faustina de Castro

Violante Mosquera
Lope García Varela

Francisco Javier Troncoso de Lira e
Pablo Troncoso de Lira

Violante Mosquera
Lope García Varela

Casa de BaionaCasa de Tuiriz

Antonio Bolón do Campo
"El Viejo"
M^a Rodríguez

Gregorio García
Cathalina Alonso de
Caamaño

Violante Mosquera
Lope García Varela

Julio de Bolón
(1º) Marian
(2º) María Suárez
Pardiñas

Juan López Vaamonde
Emilia de Quiroga

Violante Mosquera
Lope García Varela

Maria Suárez
Esteban Rodríguez

Julio Sarmiento
Váamonde

Violante Mosquera
Lope García Varela

Lucía Suárez
Fernando Vermúdez

Plácido Sarmiento
Isabel de Castro y
Sanabria

Violante Mosquera
Lope García Varela

Antonio Vermúdez
Moscoso
Josefa Antonia de Soto

Gregorio de Castro
Oya
Maria Carballido

Violante Mosquera
Lope García Varela

Joseph Vermúdez
Moscoso
Bárbara de Torres
Verdugo

Esteban de Villamarín e Antonia Sarmiento de
Castro

Violante Mosquera
Lope García Varela

(1º) M^a Josefá Vermúdez
de Torres y Verdugo

(2º) M^a Gregoria de Cea
Ozores Villamarín

Violante Mosquera
Lope García Varela

M^a Carmen de la Maza e Quiroga
M^a Carmen Taboada (2º)

Agustín de Cea
Faustina de Castro

Violante Mosquera
Lope García Varela

Francisco Javier Troncoso de Lira e
Pablo Troncoso de Lira

Violante Mosquera
Lope García Varela

Casa de RegodeigónCasa de Villema

Antonio Bolón do Campo
"El Viejo"
M^a Rodríguez

Gregorio García
Cathalina Alonso de
Caamaño

Violante Mosquera
Lope García Varela

Julio de Bolón
(1º) Marian
(2º) María Suárez
Pardiñas

Juan López Vaamonde
Emilia de Quiroga

Violante Mosquera
Lope García Varela

Maria Suárez
Esteban Rodríguez

Julio Sarmiento
Váamonde

Violante Mosquera
Lope García Varela

Lucía Suárez
Fernando Vermúdez

Plácido Sarmiento
Isabel de Castro y
Sanabria

Violante Mosquera
Lope García Varela

Antonio Vermúdez
Moscoso
Josefa Antonia de Soto

Gregorio de Castro
Oya
Maria Carballido

Violante Mosquera
Lope García Varela

Joseph Vermúdez
Moscoso
Bárbara de Torres
Verdugo

Esteban de Villamarín e Antonia Sarmiento de
Castro

Violante Mosquera
Lope García Varela

(1º) M^a Josefá Vermúdez
de Torres y Verdugo

(2º) M^a Gregoria de Cea
Ozores Villamarín

Violante Mosquera
Lope García Varela

M^a Carmen de la Maza e Quiroga
M^a Carmen Taboada (2º)

Agustín de Cea
Faustina de Castro

Violante Mosquera
Lope García Varela

Francisco Javier Troncoso de Lira e
Pablo Troncoso de Lira

Violante Mosquera
Lope García Varela

Como podemos apreciar nesta imaxe, a familia Malvar será a última en recibir un conxunto documental que comeza a formarse no século XVI, ou polo menos é de 1542 o documento más antigo que a día de hoxe se conserva no Arquivo da Deputación de Pontevedra.

Este arquivo vaise desenvolvendo en paralelo a unha familia que, como xa vimos, ten na figura de Sebastián Malvar o seu avance cara unha posición social máis privilexiada. Pero tendo en conta que o arcebispo santiagués nace en 1730, podemos comprender como este sistema de información nos vai remitir a persoeiros anteriores, que sen compartir os apelidos desta liñaxe pontevedresa si que chegaron a compartir descendentes.

Esteban de Villamarín e Antonia Sarmiento de Castro

Francisca Villamarín Sarmiento
Gregorio Jacinto Ozores y Castro

Antonia Bernarda Ozores y
Villamarín
Agustín de Zea y Sotomayor

Pedro Joseph de Zea Ozores y
Villamarín

(2º) M^a Gregoria de Zea
Ozores Villamarín
Ignacio Marcelino García Taboada

(1º) M^a Josefa Vermudez de Torres
y Verdugo

Agustín García Taboada
M^a Carmen Texeda

Joseph Vermudez Moscoso
Bárbara de Torres Verdugo

Josefa García Taboada Texeda e **JULIÁN MALVAR**

Sen entrar a desenvolver o grosso das árbores xenealóxicas que si que daremos a coñecer posteriormente, sobre todo no necesario para o noso estudio arquivístico, encontramos un momento crucial para este fondo na imaxe superior. Nela podemos ver como descende pola esquerda a rama procedente da Casa das Eiroas que, co casamento de Esteban de Villamarín con Antonia Sarmiento de Castro, conseguía unir primeiramente a súa liñaxe ca da Casa de Regodeigón, mentres que xa os avós de Antonia Sarmiento de Castro uniran a Casa de Regodeigón ca de Ramirás, despois de que os seus bisavós uniran esta liñaxe de Regodeigón ca Casa de Villarma.

Polo tanto, con esta unión matrimonial chega á Casa das Eiroas unha importante dotación documental (e tamén patrimonial) que seguirá trascendendo polas xeracións da liñaxe ata chegar ao

matrimonio de Antonia Bernarda Ozores Villamarín e Agustín de Cea e Sotomayor, que teñen por fillo a Pedro José de Cea Villamarín y Sarmiento, que pasa a ser dono das Casas de Regodeigón, Villerma, Camos e os seus morgados, Señor da Casa, Torre, Fortaleza e Coto do Pazo de Treboedo. (Iglesias Almeida, 2004: 409)

Ao morrer este sen sucesión, pasan parte dos seus bens para a súa irmá que será a segunda muller de Ignacio Marcelino García Taboada, quen previamente casara con María Josefa Vermúdez de Torres y Verdugo, por onde Ignacio Marcelino García Taboada recibiría parte dos bens da Casa do Periscal. Trátase entón dunha figura central en toda esta historia, ao aglutinar na mesma persoa os beneficios da maior parte das Casas que, finalmente, conforman o Sistema de Información Malvar. Esta concentración de bens responde a unha boa estratexia matrimonial que leva a Ignacio Marcelino García Taboada a casar con dúas mulleres que herdan dos seus respectivos liñaxes unha boa cantidade de patrimonios, entre eles o documental. Posteriormente, a unión da súa neta Josefa García Taboada con Julián Malvar, o Conde de Malvar, aglutina en torno á familia pontevedresa todos os bens que restaron da unión das diferentes casas.

Este é o camiño que percorre a documentación, a súa particular odisea ata chegar ao baúl do Palacete de Salcedo, onde foi recollido por Antonio Odriozola, para depositalo no Arquivo da Deputación de Pontevedra. Pero existe unha cuestión por riba de todo isto que considero prioritaria á hora de comprender a organización arquivística que queremos propoñer neste traballo: toda a documentación existente no Fondo Especial Número 8 foi organizada polo menos catro veces, o que quere dicir que catro persoas diferentes alteraron o estado natural dos fondos, algo que modifica o sistema de información pero que ao tempo aporta numerosos datos para comprender o conxunto documental e a información que o rodea.

Primeiramente existe unha organización documental en cada Casa, ou cando menos existe unha vontade de almacenamento por diferentes causas que fan chegar aos documentos á seguinte parada no camiño. Neste primeiro momento a documentación segue unha organización da que hoxe case non queda pegada, polo menos de maneira detallada. O que si podemos entender é a creación de pequenas separatas, indicando de onde procede cada mazo de documentación, e isto o temos que aparellar a un segundo momento no que as casas comecen a anexionarse e sexa necesario dividir os papeis dentro dun fondo. Por iso aparecen estas follas indicando as casas, o liñaxe e nalgunhas ocasións o tipo de documentación que encontramos nelas, tamén numeradas co criterio do

arqueiro que o realizou no seu momento:¹⁹




Ilustración 2: Portadas dos mazos de documentación nos que se divide o Fondo Especial Número 8.

Ao igual que acontece na actualidade, non somos capaces de deseñar o organigrama baixo o que se estableceu a división da documentación, é dicir, non podemos ir máis alá disto que comentabamos anteriormente, porque se trata dun sistema con non demasiados documentos, moi heteroxéneos e que a nivel arquivístico non aportan demasiadas pistas sobre o seu pasado.

Segundo este proceso evolutivo da documentación chegamos a un terceiro paso, quizais o más curioso, porque é o que aporta más información e ao que nos temos que confrontar con más cautela. Trátase da chegada de todos os fondos ás posesións da Familia Malvar onde é organizado por alguén desta liñaxe, non sabemos quen, e organiza o arquivo da maneira na que se atopara a finais do século XX.

Aínda que non podemos indicar quen é o arqueiro que se ocupa desta documentación si que podemos indicar que se trata dunha persoa que realiza o traballo na primeira metade do século

19 Imaxes de elaboración propia sobre documentos do Fondo Especial Número 8

XIX, antes dos procesos desamortizadores, que provocan que este tipo de casas deixen de fazer un almacenamento da súa documentación cun fin administrativo.

De aquí podemos obter dúas novedades que nos ofrece o estudo da documentación:

As datas extremas do Sistema de Información familiar son 1542 – 1870, polo que podemos deducir que a persoa que organiza a documentación tralo casamento de Julián Malvar, na segunda década do século XIX, terá que facer unha labor constante ata mediados de século. Dos fillos de Julián Malvar, María de los Desamparados, Jerónimo, Mercedes, Ramón, Balbina, Santiago e Bernardino só hai testemuña no arquivo de correspondencia que mantiveron co Palacete de Salcedo, a maiores dun interesante listado de bens da señora Balbina Malvar Taboada datado en 1864. Que quere dicir isto? Que a xeración de Julián Malvar, quen supostamente recibe o título de Conde polas súas actuacións na Guerra da Independencia, é a última en almacenar documentación no arquivo, é da última da que queda vestixio nos fondos e polo tanto é aquí cando se pecha o Fondo Especial Número 8. Isto que supón e que presupón? En primeiro lugar, supón que o denominado Fondo da Familia Malvar só pertence á familia Malvar na última xeración, xa que anteriormente no seu grosor non ten ningún tipo de relación ca documentación, agás os papeis que incorpora Julián Malvar ao fondo que recibe da súa muller. Supón tamén a consolidación das teses presentadas por F. Borja de Aguinagalde ao analizar, como moitos outros autores, que o período de desamortizacións decimonónicas ca chegada do liberalismo significa o final de moitos dominios familiares e xa non se fai necesario seguir amontoando información. E presupón unha falta de información evidente para o resto do devagar da familia, tanto no século XIX coma no século XX. Isto non quere dicir que desapareza esta liñaxe, tan só existe unha división das xeracións por diferentes motivos, pero sobre todo polo novo *status* que leva parello o título nobiliario que fai que varios descendentes comecen a ter posto de renome e de maior importancia. Como xa advertimos ao inicio, a fidalguía tórnase absentista e abandona os negócios do rural polo de outras esferas.

Outra das novedades é que podemos analizar a documentación, ou polo menos boa parte dela, polas anotacións que fai no seu momento a persoa encargada por Julián Malvar de organizar o arquivo familiar e que mesmo podería ter sido el mesmo, aínda que é unha hipótese moi feble, sobre todo pola análise das grafías. Son numerosos os documentos nos que apreciamos diferentes notas nos laterais ou nos ocos en branco, nos que apreciamos o interese que se tiña por crear unha memoria familiar. Frases como “*bajo este legajo se hallan los papeles de la Casa y mayorazgo de Santa María de Toyris o Santo Antonio que se creyó combeniente no entregar a los señores de*

Aldao sita en el partido de Monforte” ou “*estos papeles no sirben de otra cosa sino de dar razón de las pardijas que hubo con la Casa del Periscal con Don Josef Neyra. Ay tambien unas cartas que pueden importar en quanto a la Casa sita en la Calle Real de la Coruña*”.




Ilustración 2: Imaxe dun dos documentos onde se destaca o interese por eles.
Realización propia

· 6.2.- O presente do Sistema de Información Malvar.

Cando a Deputación de Pontevedra adquire o Palacete de Salcedo, para colocar nel á Misión Biolóxica, atopan dentro dun baúl toda a documentación que inmediatamente trasladan para as instalacións do Arquivo. Existe só unha actuación recoñecida sobre esta documentación, que é a de crear novas separatas de papel para introducir nel as creadas anteriormente por parte da familia. Estas separatas, creadas a partir de 1997, recollen tamén unha breve descripción que moitas veces coincide ca que xa se fixera para definir o contido de cada expediente. Habería que aclarar, tamén, se o proceso que describe Armando Ordás da súa entrada con Antonio Odriozola no Palacete de Salcedo corresponde con esta época, xa que coma el mesmo explica, Odriozola fará unha primeira organización da documentación para coñecer algúns que outro detalle histórico da Familia Malvar. (Odrás, 2007: 184).

Dende este momento, a documentación permanece pechada nas caixas que van do 12919 ao

12933 depositadas no Arquivo da Deputación de Pontevedra, sen ningún tipo de modificación, análise ou expurgo máis alá do proceso de descripción que se da no ano 2004. Non se elimina ningún documento pola valía que estes teñen coma testemuña *para o estudio histórico e xenealóxico de Galicia desde a Idade Moderna hasta o século XIX*.²⁰

Nestas quince unidades de instalación nas que se converte o sistema de información encontramos a documentación relacionada ca evolución familiar, cas operacións económicas e ca xestión patrimonial das Casas que o compoñen. Ademais da importancia para a historia económica galega, xa que as Casas ocupan todas as provincias da comunidade, destaca tamén o relativo á documentación xenealólica.

Por non engadir unha modificación máis ao sistema de información, xa de por si modificado ao longo dos anos, decidimos aplicar o modelo sistémico de maneira virtual para a posterior presentación na institución onde está depositado. E malia que o Arquivo da Deputación de Pontevedra recoñece o fondo coma pechado, pero que se pode complementar con documentación doutros sistemas habería que engadir unha nova proposta que faría mellorar considerablemente a calidade do Sistema de Información Malvar:

· 6.3.- O futuro do Sistema de Información Malvar.

Antes incluso de comezar o mestrado, a Fundación da Casa Condal de Malvar xa me tiña falado da proposta de artellar o arquivo familiar, sobre todo no referente á documentación que teñen a nivel privado e un bo conxunto de copias de documentación relacionada e extraída doutros arquivos, tanto galegos coma estatais. É por iso que en vista da formación do arquivo virtual do Sistema de Información Malvar se ten avogado por apostar decididamente pola institucionalización definitiva do Arquivo da Casa Malvar e aínda que neste traballo non poderemos recoller a totalidade da documentación, que será unha das metas que quedan marcadas no camiño trazado para o futuro, si que se fará constancia da riqueza destes fondos privados.

O grosso desa documentación ten a ver ca continuación trala pausa que estudabamos antes na xeración posterior a Julián Malvar, polo que pode ser unha boa testemuña para ver as evolucións dunha casa fidalga, tanto nos finais do século XIX coma en todo o século XX, porque aínda que se

20 Páxina do Fondo Especial Número 8 na web do Arquivo da Deputación de Pontevedra:
<http://www.depontevedra.es/?1,161,5795>, consultado o 22/09/2014.

trata dun arquivo centrado no eido económico e patrimonial, non deixa de ser un sistema de información, con todas as sorpresas positivas e negativas que iso aporta. Con todo, a problemática do tratamento dos arquivos privados tamén se reproduce neste proceso, ao haber xeracións da familia que non están tan decididas a apostar por este paso, mentres que as más novas teñen moi claro que a defensa do patrimonio familiar pasa tamén pola valoración do eido documental.

· 7.- O traballo arquivístico.

Por último, aínda que pareza que o traballo dun arquivo histórico está ligado a un ambiente solitario ou erudito, o certo é que temos unha profesión que nos premia ca necesidade de estar actualizándonos continuamente. Na miña formación previa non tivera nunca que traballar con ningunha aplicación informática, e aínda que teño elaborado traballos de investigación, nunca se nos inculcou a necesidade de usar ferramentas coma as bases de datos, algo que se me presentou na Universidade do Porto e que pronto adoptei coma unha ferramenta fundamental. Con isto, veu ligado o uso de diferentes plataformas informáticas, especialmente de software libre, o que nos abriu unha porta á formación informática. Quizais o mundo das tecnoloxías non é sempre o campo co que relacionamos o mundo dos archivos históricos, pero está claro que a nosa adaptación á época virtual na que vivimos pasa por mellorar a formación neste campo. É por iso que programas coma o ICA-AtoM ou Greenstone son exemplos positivos da nosa formación.

De todas formas non podemos obviar o esforzo arquivístico e precisamos tamén facer un traballo normalizador que permita ao Sistema de Información Malvar xogar en igualdade de condicións ao de outros fondos privados que contan con ferramentas más concretas para o seu achegamento. É por iso que iniciamos o traballo arquivístico apoiándonos na labor previa feita pola institución de acollemento, empregando a ficha ISDIAH que o Ministerio de Cultura ten no seu censo de archivos para o caso da Deputación pontevedresa. De igual modo revisamos o traballo feito en torno á ficha de descripción dos fondos, a ISAD (G)²¹ para comprobar se cubre as necesidades descriptivas e normalizadoras que agardamos.

Sendo este o primeiro punto, que non o principal, decidimos artellar as necesidades en torno a creación de dúas novas ferramentas. Unha descripción más detallada e polo miúdo xunto ca creación de inventarios, indexando diferentes características dos conxuntos documentais, o que nos aporta unha forma igual de efectiva para o achegamento á información.

Mais, sen dúbida, o *leit motiv* desta parte aparece ca creación do arquivo dixital, cumprindo así co terceiro dos propósitos, desta vez cos propios descendentes dos Malvar, colocando a semente dun traballo futuro que estará centrado en empregar este medio para colocar na rede toda a información da documentación que estea asociada cos membros do clan. Segundo o cadro orgánico aparecido trala aplicación do modelo sistémico é un obxectivo a medio prazo o de ir engrosando a

²¹ Siglas do acrónimo inglés da Norma Internacional Xeral de Descripción Arquivística, publicada polo Consello Internacional de Arquivos (CIA) en 1994.

cantidade de documentación descrita e o das institucións que o alberguen, facilitando a súa consulta por parte do público.

Os primeiros froitos dese proceso, paralelamente ao desenvolvemento deste traballo, xa van xurdindo co paso dos días. Debido ao bo facer dos servizos xurídicos da Fundación Casa Condal de Malvar, o noso proxecto é un dos escollidos dentro do programa de *Ayudas a entidades privadas sin ánimo de lucro para el desarrollo de proyectos archivísticos*, correspondente á convocatoria deste ano. Búscase deste modo unha axuda económica e un recoñecemento administrativo á nosa labor, e na que buscamos, xa dende os seus inicios, aportar novidades ao mundo da arquivística e non caer en vellos vicios adquiridos dentro do mundo cultural. Independentemente da axuda económica que soporta esta axuda, o proxecto que definimos está baseado na austerdade e na innovación, acorde aos tempos que corren. É por iso que, con independencia do apoio institucional, a Fundación Casa Condal de Malvar pode dispoñer dun proxecto novidoso que pode servir de fomento para o futuro da investigación arquivística en Galiza, como xa vimos que aconteceu noutros lugares.

Unha última medida, parella ca creación do arquivo dixital en ICA – AtoM, era a de aportar un cadre organizador para a documentación deste conxunto documental e que, coma xa apreciamos ao longo do traballo, está baseada na aplicación do modelo sistémico. Serve tamén coma unha ferramenta que non representa unha dificultade para os administradores dos fondos que non teñan coñecementos profesionais de arquivística, ao poder esclarecer as xenealogías e, conforme a esa lóxica orgánica, facer o reparto da información.

· 7.1.- O software aberto ICA – AtoM.

Unha das funciós que ten que ter todo arquiveiro, especialmente entre as novas xeracións e á expectativa das complicacións laborais existentes no sector, é a de ter a capacidade de reciclarse continuamente e ser capaz de formarse en todo tipo de ferramentas que faciliten e melloren as funciós que historicamente leva parello o cargo.

En pleno século XXI faise obligatorio o coñecemento de todo tipo de software arquivístico para enfrentarse a calquera proxecto laboral. E aínda que as institucións públicas non sempre son sensibles ás necesidades do uso do *open access* isto non nos debe impedir o seu manexo, xa que o feito de poder ofertar o coñecemento nestes servizos nunca ten que ser considerado coma unha eiva na nosa formación.

Dentro da era da información existen numerosas ferramentas interactivas que permiten facilitar o traballo e a difusión de numerosos proxectos. No campo da arquivística destacaremos a creación do software libre de ICA – AtoM para a construcción de arquivos dixitais. Non é o único, pero a día de hoxe é o que conta con maior apoio dentro do mundo arquivístico e o máis empregado para desenvolver proxectos coma este que estamos dando a coñecer.²²

Coma xa anunciei, a creación deste arquivo dixital ven a responder a unha das tres partes cas que estou en débeda dende o inicio deste proxecto, a propia familia Malvar. E o ICA – AtoM corresponde totalmente cas necesidades informativas que esta institución ten: precisan de aglutinar todo o relacionado co seu sistema de información, difundir de forma pública un inventario de toda a documentación relacionada cos seus antepasados e sobre todo queren poñer en valor o patrimonio documental da súa liña para beneficio de todas aquelas persoas interesadas.

Empezarei entón describindo o software de ICA – AtoM COM, acrónimo de Access to Memory, coma o resultado dun traballo entre o Consello Internacional de Arquivos (CIA nas súas siglas en inglés), ca axuda de outras institucións tan dispares coma a Escola de Arquivos de Ámsterdam, o Banco Mundial, o Centro de Documentación dos Emiratos Árabes ou a propia UNESCO.

A iniciativa nace ca finalidade de crear un software en formato aberto, para a xestión e descripción arquivística seguindo os estándares internacionais establecidos nas diferentes normas do Consello Internacional de Arquivos (ISAD, ISDIAH, ISAAR, ISAF) e que permiten publicar todo este contido en liña.

Tratando de escapar dos aspectos informáticos más específicos, xa que esta explicación ten que ir noutra liña, tratarei de narrar en breves pasos, a evolución da creación deste proxecto, baixo o nome de Sistema de Información da Familiar Malvar. Destes aspectos específicamente informáticos, o principal proceso que temos que aprender é o da necesidade de contar cun servidor web, ben sexa no noso propio ordenador ou hospedado na rede. Teremos que contar tamén cunha base de datos e unha linguaxe de programación PHP5 para poder realizar as búsquedas a través da web.

22 Parte desta argumentación está pendente de publicación no número do mes de setembro en: ARCAY BARRAL, A., “Archivos familiares y software libre: la construcción del archivo digital de la Familia Malvar”, *ArtyHum: Revista digital de Artes y Humanidades*, nº5 (2014).

Hai que resaltar, e é necesario recoñecer, a tarefa conxunta que realizamos os usuarios de ICA – AtoM, por medio dos foros e das plataformas creadas para compartir as inquedanzas²³ e aportar soluciones a todos os problemas que vaian xurdindo nun proceso que, ademais de ambicioso, pode servir coma modelo universal para a implementación de arquivos dixitais na rede.



Ilustración 3: Páxina inicial da web do arquivo dixital.

Entre as valoracións más negativas en torno a ICA – AtoM pode ser a necesidade de coñecer diferentes factores informáticos, que por outra parte son explicados nos diferentes foros de discusión, ou ter coñecementos arquivísticos previos. Mais o que fai especial este tipo de programas e que fixo que nos decantaramos por el, foi o ambiente web facilmente manexable que se crea, con opcións multilingües e con capacidade para almacenar diferentes arquivos, xa sexa baixo os parámetros do Consello Internacional de Arquivos ou con outras que permitan a difusión *online* da información.

A súa simplicidade, como dicíamos, favorece aos usuarios que poden de maneira doada consultar os fondos arquivísticos que nel se presenten, aportando soluciones tanto en forma de cadros clasificatorios coma na creación de listados sobre elementos que poden ser susceptibles de

²³ Ao fio deste proxecto foi creada unha pequena páxina en internet que aglutina a todos os usuarios hispanofalantes, xa que só existía a posibilidade de acceder aos foros en idiomas coma o portugués ou o inglés. A día de hoxe este fio supera o centenar de seguidores e ten por obxectivos difundir os diferentes proxectos nos que actúa como protagonista este tipo de software e resolver as inquedanzas que se vaian plantexando entre os usuarios.

búsqueda dentro dun fondo documental destas dimensíons, cunha navegación sinxela e unha representación gráfica agradable.

Dende a súa presentación en 2008, converteuse nunha ferramenta sinxela e de calidade para a difusión arquivística, respectuosa cas principais normativas e que ofrece diferentes ferramentas de xestión documental coma a xestión de depósitos ou a creación de rexistros de ingresos e transferencias.

Resumindo brevemente o acometido práctico deste software gratuito, temos que comezar pola súa descarga e polo rexistro do novo usuario. Dende calquera navegador poderemos acceder á páxina principal onde, de forma intuitiva complementaremos os diferentes pasos para a creación do arquivo dixital. Obviamente, poden ser varias as persoas que traballen dentro de cada proxecto, podendo limitar o campo de actuación de cada unha por medio dos permisos para usuarios e administradores.

Dende o *Menú Principal* poderemos atopar a opción de *Agregar*, dende a que engadiremos paulatinamente as descripcións que precisemos para o noso arquivo dixital, xa sexa de adhesións, de descripcións arquivísticas ou de autoridades. Dende a lapela de *Administrar* poderemos xestionar todo o relativo aos listados de almacenamento, de dereitos, de doantes ou de ingresos e transferencias xa rexistrados.

The screenshot displays a user interface for managing a digital archive. On the left, there is a main panel titled "Ver descripción archivística" which contains several sections:

- Subfonds CVILL - Subsistema da Casa de Villerma (Draft)**
- Área de identidad**: Includes fields for Código de referencia (ES/ADPO/SIFMALVAR-CVILL), Título (Subsistema da Casa de Villerma), Fecha(s) (1542 - 1870 (Creation)), Nivel de descripción (Subfonds), and Volumen y soporte (O Subsistema da Casa de Ramirane está composta únicamente por dúas Seccións que levan asociados tres Documentos Simples).
- Área de contexto**: Includes fields for Nombre del productor (FAMILIA MALVAR), Institución archivística (ARQUIVO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA), Historia archivística (Historia da Casa de Ramirane), and Origen del ingreso o transferencia (Casamento con Casa de Regodeigón).
- Área de contenido y estructura**: Includes fields for Sistema de arreglo (Sección Sandoval Henriquez, Sección Amoeiro Ocampo).
- Puntos de acceso**: Includes fields for Puntos de acceso por autoridad (FAMILIA MALVAR (Creator)).

At the bottom of this panel are buttons for Editar, Borrar, Agregar nuevo, Duplicar, and Mover.

On the right, there is a sidebar with the following sections:

- Archival institution**: ARQUIVO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
- Productor(es)**: FAMILIA MALVAR
- Fonds**: ES/ADPO/SIFMALVAR - Si...
- Importar**: XML, CSV
- Exportar**: Dublin Core 1.1 XML, EAD 2002 XML

Ilustración 4: Detalle dun dos paneis de traballo do arquivo dixital.

Outra das moitas características atractivas do ICA – AtoM é a facilidade de exportar ou importar os datos en formatos XML ou CSV, o que permite, de maneira sinxela, seguir traballando cos nosos datos sen perder ningún tipo de información.

Para crear un fondo na aplicación, únicamente teremos que pinchar na opción de *Agregar/Descripción Archivística* e xa podemos comenzar a construir todo o sistema organizativo mediante a descripción en fichas ISAD (G) onde, empregando as bases deste formato (descripción do xeral ao concreto, estandarización, etc) poderemos crear un fondo no que aparecerán todos os niveis de descripción necesarios. Continuando co uso da lóxica, a construcción ten que ser creada dende os niveis superiores e o propio programa se encarga de alertar de todas as incongruencias que poidan existir á hora de engadir información, así coma erros ou duplicidades nos contidos. Mais, como xa explicamos, o propio software facilita todas estas funcións, engadindo enlaces consignados de todo tipo de información para poder cumprimentar estas tarefas, rebaixando a porcentaxe de erros no traballo.

Sen dúbida, outra das características polas que nos decidimos na escolha por ICA – AtoM é o seu rexistro de puntos de acceso mediante os cales podemos vinculalo a unha descripción arquivística e realizar, posteriormente, sinxelas búsquedas en índices de materias, lugares ou nomes relacionados cas unidades de descripción.

Dentro doutras accións destacables é a de enlazar obxectos dixitais a cada ficha de rexistro, polo que poderemos engadir a dixitalización de cada documento ou calquera outro tipo de información relacionado cos contidos que describamos.

Ao igual que no resto do traballo non podemos realizar un memorial de problemas xurdidos en torno a este traballo, non porque non os houbera, senón porque a súa superación foi froito do coñecemento. É dicir, dende un primeiro momento atopamos dificultades, para instalar o servidor ou por outras cuestións informáticas, pero a necesidade de avanzar levounos a ampliar os coñecementos para poder superar as diferentes trabas que xurdían. Resaltaremos de forma concreta a necesidade de modificar as taxonomías, outra das múltiples opcións que nos ofrece o software ICA – AtoM, para poder amoldar o debuxo organizativo ás necesidade do noso Sistema de Información Malvar. Para isto creamos os Subsistemas que representan as Casas dentro do conxunto, e a estas mesmas lles outorgamos un nivel de inferior ao principal para poder obter, ao remate, o cadro clasificatorio informatizado como amosamos nos anexos do traballo.

Por último, e seguindo ca liña do aprendido no *Mestrado de História e Patrimonio*, outro paso futuro dentro da Fundación da Casa Condal de Malvar, vai ir encamiñada en fomentar as publicacións, tanto no campo da historia como no da arquivística, proxectando publicamente ditos traballos por medio da plataforma Greenstone de bibliotecas dixitais. Despois de presentar ante a institución familiar o resultado da difusión da biblioteca dixital das revistas da Facultade de Letras da Universidade do Porto, dirixida pola profesora Cristina Ribeiro, o resultado colmou as necesidades de difusión de toda a area de cultura que ten proxectada a Fundación, polo que poderemos manter a nosa colaboración tanto na parte arquivística coma na bibliotecaria e editorial.

· 8.- Conclusíons

Malia estar falando dende o inicio do traballo dunha viaxe a través do mundo arquivístico non podemos aclarar nas conclusíons do mesmo se o seu final corresponde ca chegada a Ítaca. Ben é certo que estamos a poñer fin a un longo camiño de coñecementos, acertos e erros que, como todo na vida, permitiu afondar nunha realidade descoñecida para mim.

Polo tanto, e áinda que a desesperación abordara moitos momentos destes últimos anos, non podo agochar unha certa satisfacción por ter pechado esta etapa na que repaso, ou polo menos intento, a evolución da arquivística familiar en dous territorios que considero meus, Galiza e Portugal.

O acerto e a calidade do traballo seguramente non sexa a esperada por ningunha das partes e tampouco ten lóxica agochar os seus defectos na falta de experiencia ou de madurez á hora de enfrentarme a todo o que arrodea ao Sistema de Información Malvar, mais iso non debe de ser un chanzo no camiño e, pola contra, debemos de encadralo coma a primeira pedra dunha traxectoria na que constantemente se buscará mellorar.

Xunto con isto, a posibilidade de achegar o meu gran de area a un proxecto cultural coma o da Fundación Casa Condal de Malvar, ben pode ser outro motivo de satisfacción ou, cando menos, de avance persoal. Nun mundo onde as oportunidades e a confianza de cara as persoas novas e sen experiencia é unha constante, o recibir o apoio e os instrumentos para comezar este traballo supera con creces todo isto que eu lles quero devolver.

Ca aplicación do modelo sistémico e, polo tanto, ca organización do arquivo familiar, non podemos poñer punto e final a este camiño. Incluso as viaxes más longas comezan cun primeiro paso e neste caso, o traballo que aquí presentamos, é tan só o inicio dun proceso no que non faltarán folgos e azos para tratar de difundir o proxecto e buscar todas as opcións possibles para aumentar o seu campo de actuación. Non debemos de esquecer que neste proxecto únicamente contamos ca documentación do Arquivo da Deputación de Pontevedra e a liñaxe dos Malvar ten aínda moita outra documentación interesante desperdigada polos arquivos do resto do país. O tratar de coñecer e de aprender máis cousas non ten uns límites que poidamos marcar, polo que o proceso non remata hoxe, senón que acaba de comezar.

Mais é momento tamén de avaliar os resultados que nos plantexabamos ao principio e aclarar se a lóxica e a razón, fundamentos esenciais para aquelas persoas que nos colocamos coma intermediarios entre as persoas e os documentos, se ven revalorizadas co modelo sistémico. E ao igual que fixemos ao longo do traballo non podemos negar un asunto tan evidente. Dende a visión patrimonialista de Olga Gallego e a súa rebaixa a “papeis heteroxéneos” a unha clasificación ordenada en torno a un cadro orgánico non podemos dar lugar á dúbida. E polo tanto esta será a conclusión principal, a necesidade de aplicar (e neste caso de importar) un modelo que facilita o acceso ao documento, que fai máis doado a consulta e a clasificación e que permite, dun xeito non moi complexo, manter organizados esos fondos familiares que moitas veces representan un verdadeiro quebracabezas.

Podemos avaliar de forma positiva a implantación por primeira vez do modelo sistémico na Galiza, con un fondo modesto en dimensíóns pero que posibilita a recreación posterior noutros sistemas de información familiar, abundantes nos arquivos onde aínda existe a pegada da sociedade fidalga.

· 9.- Bibliografía

- ABREU PEIXOTO, Pedro - Perpectivas para o futuro dos arquivos de família em Portugal. *Páginas a&b.* Nº1 (2002) pp. 77 -90.
- ABREU PEIXOTO, Pedro - A aplicação das ISAD(G) aos arquivos de família. *Páginas a&b.* Nº4 (1999) pp. 55 – 70.
- ABREU PEIXOTO, Pedro - O valor dos Arquivos de Família. *Cadernos BAD.* Nº (1995) pp. 41 – 51.
- ABREU PEIXOTO, Pedro - *Arquivos de família: orientações para a organização e descrição dos fondos de arquivos de família.* Lisboa: Instituto Portugués de Arquivos, 1991.
- AGUINAGALDE, Francisco de Borja - Archivos de Familia y Archivos domésticos. Treinta años de experiencia, Conferencia en la FLUP, 2013.
- AGUINAGALDE, Francisco de Borja - *Guía para la reconstrucción de familias en Gipuzkoa (s.XV-XIX).* Zarautz: Archivo General de Gipuzkoa, Diputación Foral de Gipuzkoa, 1994.
- AGUINAGALDE, Francisco de Borja - *Archivo de familia: Materiales para un manual.* Donostia: Irargi, Centro de Patrimonio Documental de Euskadi, 1991.
- AGUINAGALDE, Francisco de Borja - Elementos para una historia de los Archivos y la Archivística desde una perspectiva interdisciplinar. *Irargi Artxibistika Aldizkaria / Irargi Revista de Archivística.* Nº1 (1988) pp.63 – 110.
- AGUINAGALDE, Francisco de Borja - Los archivos privados familiares. Propuesta de organización de sus fondos. *Hidalguía.* Nº193 (1985) pp.33 – 50.
- AGUINAGALDE, Francisco de Borja - *El archivo de la Casa de Zavala.* Donostia: Eusko Ikaskuntza, 1985.
- ALBERCH, R.; BOADAS, J. - *La función cultural de los archivos.* Legazpi: Departamento de Cultura de la Comunidad Autónoma de Euskadi, 1991.
- ÁLVAREZ-COCA GONZÁLEZ, Mª.J.; TORRE MERINO, J.L; ROMERO FERNÁNDEZ – PACHECO, J.R - El archivo histórico nacional presente y futuro. *Revista de la Asociación de Archiveros de Madrid.* Nº1 (2006) pp.16 – 48.
- BAZ, Mª Jesús - A dissolução do património da Casa de Alba na Galiza (1890 – 1926). *Penélope: fazer e desfazer a História.* Nº12 (1993) pp. 65 – 81.
- BIARGE GALLARDO, B. - *ICA – AtOM: Manual para archiveros.* Barcelona: Vidimus, arxius i gestió documental, 2014.

- BLASCO MARTÍNEZ, R.M - Los archivos familiares, planteamiento general y cuestiones para el debate. In *Actas del VI Congreso Internacional de Historia de la Cultura Escrita*. Alcalá de Henares: Calambur Ed. Vol.2 (2002) pp. 391 - 403.
- CALLEJA PUERTA, M - El factor genealógico: posibilidades y límites de la documentación de archivo para la elaboración de historias familiares. *Emblemata*. Nº 16 (2010) pp.123 – 153.
- CÂMARA ANDRADE E SOUSA, M.J.; ROSA, M.L - Panorama reciente sobre Archivos familiares en Portugal. Posesión de privados e integración en instituciones públicas, *Quintas jornadas de Archivo y Memoria*. [online] 17 – 18 de febrero de 2011. [Citado en 20 de setembro de 2014]. [Disponible en:
http://www.museodelferrocarril.org/archivo/pdf/archivoymemoria05/5j_cd.pdf]
- CAMPILLOS, M.P. - *La construcción teórica archivística: el principio de procedencia*. Madrid: Universidad Carlos III de Madrid, 1996.
- CARDESIN DÍAZ, José María - *Tierra, trabajo y reproducción social en una aldea gallega (XVIII – XX): muerte de unos, vida de otros*. Madrid: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, 1992.
- CARDOSO, V.J.C.P de F. - *O Arquivo da Casa das Mouras: estudo orgânico e sua representação através do modelo sistémico*. Porto: Universidade do Porto, 2013.
- CASTILLO ESPINOSA, S - Las relaciones de poder de la nobleza a través de sus archivos en el Aragón del Antiguo Régimen. *Revista de historia Jerónimo Zurita*, Nº75 (2000) pp. 37 – 54.
- CASTRO MENESSES, A.S. - *Arquivo da Casa do Avelar: Estudo orgânico e catálogo*. Braga: Arquivo Distrital de Braga, Universidade do Minho, 2010.
- CASTRO, E.S.S. - *O paradigma das colecções arquivísticas. O caso da Colecção Almarjão*. Lisboa: Universidade Nova de Lisboa, 2009.
- CONTEL BAREA, C - Fondos nobiliarios en el Archivo Histórico Nacional. *Cuadernos de Historia Moderna*. Nº15 (1994) pp. 397 – 413.
- CRUZ MUNDET, J.R., *Manual de archivística*. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 2001.
- CUÑAT CISCAR, V - Conclusiones del Simposium “Los archivos familiares en España”: Estado de la cuestión. *Signo: Revista de Historia de la Cultura Escrita*. 3 (1996) pp. 221 – 225.
- DINIS MAIO, V. de J. - *Arquivo da Casa dos Barros (1753 – 1955): Reconstituição da*

memória. Porto: Universidade do Porto, 2009.

- DUARTE, Z - *O Arquivo da Família Calmon enquanto sistema de informação: revisão teórico – conceitual*. In *Actas 3º Congresso Casa Nobre*, Arcos de Valdevez. [online] [Consultado en 20 de setembro de 2014] [Disponible en: <https://sites.google.com/site/casanobrecongresso/actas-do-3o-congresso-internacional>]
- FERNÁNDEZ ABEL, S. - *O sistema foral en Galicia*. Santiago de Compostela: TresCTres, 2006.
- FLORES VARELA, C - Sobre la organización de la documentación señorial: los casos del Marquesado de Villena, condado de Montalbán y Ducado de Uceda. *Boletín de la ANABAD*. XLVII. Nº 1(1997) pp. 28 -56.
- FLORES VARELA, C - El estado señorial de Gálvez: organización institucional y documental, Tratamiento archivístico y fuentes documentales. In *La investigación y las fuentes documentales de los archivos, I y II jornadas sobre Investigación en Archivos*. ANABAD Castilla la Mancha, 1996, pp. 999 – 1013.
- FUSTER RUÍZ, F - Los inicios de la archivística española y europea. *Revista General de Información y Documentación*. Vol 6, Nº 1 (1996) pp.43 – 79.
- GALLEGOS DOMÍNGUEZ, O. - *Manual de archivos familiares*. Madrid: ANABAD.1993.
- GALLEGOS DOMÍNGUEZ, O; LÓPEZ GÓMEZ, P. - *Introducción a la archivística*. Donostia: Eusko Jaurlaritzaren argitalpen zerbiztu nagusia / Servicio central de publicaciones, Gobierno Vasco, 1989.
- GARCÍA GONZÁLEZ-LEDO, X.A - ROMANÍ MARTÍNEZ, M - OTERO PIÑEYRO MASEDA, P.S - Un hidalgo chairego del s.XVII: aspectos sociológicos con base documental. *Estudios mindonienses: Anuario de estudios histórico-teológicos de la diócesis de Mondoñedo – Ferrol*. Nº21 (2005), pp. 709 – 742.
- GÓMEZ BUÑAN, C - O dote matrimonial: Economía e sociedade en Deza durante os século XVI a XIX. *Descubrindo Deza: Anuario de Estudios e Investigación de Deza*. Nº3 (2001), pp. 93 – 130.
- HEREDIA HERRERA, Antonia - Descripción archivística e instrumentos de descripción. Posturas recientes en España y Francia. *Irargi Artxibistika Aldizkaria / Irargi Revista de Archivística*. Nº5 (1992 – 1993) pp.41 – 58.
- HEREDIA HERRERA, Antonia - *Archivística general, teoría y práctica*, Sevilla: Diputación Provincial de Sevilla, 1993.
- IGLESIAS ALMEIDA, E - La Casa de Regodeigón, en tierras “do Ribeiro” *Porta da Aira*:

revista de historia del arte orensano. N°10 (2004) pp.407 – 417.

- IGLESIAS BLANCO, A.S - Las casas solariegas de la hidalgía gallega. Estudio sobre las casas de los Condes de Amarante en el siglo XVIII. *Cuadernos de Estudios Gallegos*. LVIII. N°124 (2011), pp. 235 – 252.
- LAFUENTE URIÉN, A - Los archivos nobiliarios, formación y conservación. La sección nobleza del Archivo Histórico Nacional. SARASA SÁNCHEZ, E - SERRANO MARTÍN, E. (coord.), *Estudios sobre señorío y feudalismo: homenaje a Julio Valdeón*, Zaragoza, 2010. pp.27-75.
- LAFUENTE URIÉN, A - El archivo de la nobleza de Toledo, centro de conservación de fondos nobiliarios. In *Jornadas sobre el Señorío-Ducado de Híjar: siete siglos de historia nobiliaria española*. Toledo. 2007. pp.43-85.
- LAFUENTE URIÉN, A - Archivos nobiliarios custodiados en centros públicos. Evolución histórica y fuentes de investigación. *Boletín de la ANABAD*. Tomo 50. N°2 (2000) pp.39 – 54.
- LAFUENTE URIÉN, A - Fuentes para los estudios genealógicos y familiares de los archivos nobiliarios. *Hispania, revista española de historia*. Vol 60. N° 206 (2000) pp. 977-1000.
- LAFUENTE URIÉN, A. - *El archivo del Señorío de los Cameros, inventario analítico, El Señorío de los Cameros: introducción histórica e inventario analítico de su archivo*. Logroño: Gobierno de la Rioja, Instituto de Estudios Riojanos, 1999.
- LAFUENTE URIÉN, A - e GARCÍA ASER, R - Informatización y digitalización de Archivos Nobiliarios en la Sección Nobleza del Archivo Histórico Nacional. ARANDA PÉREZ, F.J.; SANZ CAMAÑES, P.; FERNÁNDEZ IZQUIERDO, F. (coord.), *La historia en una nueva frontera*. Toledo, Universidad de Castilla la Mancha, 1998.
- LAFUENTE URIÉN, A - Los archivos familiares: La sección nobleza del Archivo Histórico Nacional. Tratamiento archivístico y fuentes documentales, In *La investigación y las fuentes documentales de los archivos, I y II jornadas sobre Investigación en Archivos*, ANABAD Castilla la Mancha, 1996, pp.975-998.
- LEIRÓS DE LA PEÑA, P - Pedro Ventura de Puga: Último Señor de la Casa de Fontefiz. *Cuaderno de Estudios Gallegos*. LIV. N°120 (2007) pp.189 – 248.
- LEME, M - Um subfundo familiar quattrocentista açoriano no arquivo Óbidos – Palma – Sabugal. In *Actas 3º Congresso Casa Nobre*, Arcos de Valdevez. [online] [Consultado en 20 de setembro de 2014] [Disponible en:

[https://sites.google.com/site/casanobrecongresso/actas-do-3o-congreso-internacional\]](https://sites.google.com/site/casanobrecongresso/actas-do-3o-congreso-internacional)

- LODOLINI, E - El archivo del ayer al mañana (La archivística entre tradición e innovación). *Boletín de la ANABAD*. N° 1 (1995), pp. 39 – 51.
- LÓPEZ GÓMEZ, P - MARTÍNEZ CORTIZAS, A - Mecanización de los catálogos del fondo de la Real Audiencia en el Archivo del Reino de Galicia, *Irargi Artxibistika Aldizkaria / Irargi Revista Archivística*. N°3 (1990) pp.12 – 54.
- MALHEIRO DA SILVA, Armando - Arquivologia e gestão da informação /conhecimento. *Informação & Sociedade: Estudos*. v.19. N°2 (2009), pp. 47 – 52
- MALHEIRO DA SILVA, A.; SILVA GONÇALVES, M.F.; Da memória ao acesso à Informação na Casa de Mateus: as bases e objectivos de um projecto sistémico. *Revista de Letras*. Série II. N°6 (2007) pp. 305 – 317.
- MALHEIRO DA SILVA, Armando - Arquivos familiares e pessoais; Bases científicas para a aplicação do modelo sistémico e interactivo. *Revista FLUP: Ciências e Técnicas do Património*. I Série, Vol. III (2004) pp.55 – 84
- MALHEIRO DA SILVA, A - RIBEIRO, F - Das “ciéncias” documentais à ciência da informação: ensaio epistemológico para um novo modelo curricular. Porto: Ed. Afrontamento. 2002.
- MALHEIRO DA SILVA, Armando, (et al.) - *Arquivística: teoria e prática de uma ciência da informação*. Porto: Ed. Afrontamento, 1998.
- MALHEIRO DA SILVA, Armando - Arquivos de família e pessoais. Bases teórico – metodológicas para uma abordagem científica. *Seminário sobre arquivos de família e pessoais*. Vila Real: Associação Portuguesa de Bibliotecarios, Arquivistas e Documentalistas (BAD), Grupo de trabalho de Arquivos de Família e Pessoais, 1997, pp. 51 – 106.
- MENESSES, A.S - O arquivo da Casa do Avelar: estudo e protección. In *Actas 3º Congresso Casa Nobre*, Arcos de Valdevez. [online] [Consultado en 20/09/2014] [Disponible en: <https://sites.google.com/site/casanobrecongresso/actas-do-3o-congreso-internacional>]
- MIGUÉS, Vitor Manuel - *Os arquivos privados e a nobreza: un apuntamento histórico – arquivístico*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2002.
- MIGUÉS, Vitor Manuel - A fidalguía galega a comezos do século XIX: a obra de Froilán de Troche y Zúñiga. *Anuario Brigantino*. N°18 (1995) pp. 117 – 129.
- MIGUÉS, Vitor Manuel - O dominio da Casa de San Fiz de Asma: evolución e invesión dun domínio fidalgo durante o Antigo Réxime. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo XLII.

Nº107 (1995) pp. 39 – 68.

- MOREIRA, C.J.T. - *O Arquivo da Casa do Porto: o seu estudo e a sua representação – o modelo sistémico*. Porto: Universidade do Porto, 2012.
- NOVOA, R - O arquivo Gama Lobo Salema (Sécs. XV – XX): Temas e problemas entre a história e a arquivística. In *Actas 3º Congresso Casa Nobre*, Arcos de Valdevez. [online] [Consultado en 20 de setembro de 2014] [Disponible en:
<https://sites.google.com/site/casanobrecongresso/actas-do-3o-congresso-internacional>]
- ORDÁS, Armando – La misión biológica de Galicia. PUIG – SAMPER MULERO, Miguel Angel (coord.) - *Tiempos de Investigación. JAE – CSIC, cien años de ciencia en España*. CSIC. 2007. Pp. 181 – 187.
- OTERO PIÑEYRO MASEDA, P.S.; GARCÍA FERNÁNDEZ, M - Los testamentos como fuente para la historia social de la nobleza. Un ejemplo metodológico: tres mandas de los Valladares del siglo XV. *Cuadernos de Estudios Gallegos*. LX. Nº126 (2013) pp. 125 – 169.
- OTERO PIÑEYRO MASEDA, P.S - Los archivos familiares: una visión panorámica desde Galicia. In *Actas 3º Congresso Casa Nobre*, Arcos de Valdevez. [online] [Consultado en 20 de setembro de 2014] [Disponible en:
<https://sites.google.com/site/casanobrecongresso/actas-do-3o-congresso-internacional>]
- OTERO PIÑEYRO MASEDA, P.S - Apuntes genealógicos de una estirpe de escuderos gallegos: los Mosquera (s. XV). GARCÍA LUJÁN, J.A.(coord.) *Nobleza y monarquía: los linajes nobiliarios en el Reino de Granada, siglos XV – XIX: El linaje Granada Venegas, Marqueses de Campotéjar*. Huéscar. 2010. pp. 207 – 227.
- OTERO PIÑEYRO MASEDA, P.S - GARCÍA GONZÁLEZ-LEDO, X.A - Apuntes de los Ambia: linaje y parentela (XII – XVI), Cuadernos de Estudios Gallegos, Tomo 56. Nº 122 (2009), pp. 445 – 457.
- OTERO PIÑEYRO MASEDA, P.S - GARCÍA GONZÁLEZ-LEDO, X.A - Testemuñas heráldicas e documentais dun fidalgo lucense: Gaspar López de Vaamonde. *Cuaderno de Estudios Gallegos*. Tomo 53. Nº 119 (2006) pp. 381 – 417.
- PAREDES NAVES, M.C. - *Archivo de la Casa Trelles, Duques del Parque*. Oviedo: Ed. Idea, 2007.
- PEÑA VIDAL, C. de la, Unha familia da Encomenda de Pazos de Arenteiro: Os Cervela. *Boletín de Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia*. Nº 5(2006) pp. 47 – 64.
- PEÑA VIDAL, C. de la, A familia Arias Teixeiro. *Boletin de Estudios de Genealogía*,

Heráldica y Nobiliaria de Galicia. Nº1 (2002) pp.117 – 132.

- PEREIRA PAZOS, MC.; PREGO CANCELO, B. - *Archivo de la familia del Valle – Inclán: Descripción del fondo documental*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2008.
- PÉREZ – ALFARO, C.J - Porque tengo obligación: Genealogía, escritura e identidad nobiliarias. Los Velasco. CASTILLO LLUCH, M - LÓPEZ IZQUIERDO, M - (eds.) Modelos latinos en la Castilla Medieval, Iberoamericana – Vervuert, 2010, pp. 307 – 329.
- PRADO DÍAZ, B. - *El linaje de la Casa de Tor*. Lugo: Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo, 2007.
- PRESEDO GARAZO, Antonio - La imagen del poder de los hidalgos gallegos en la época moderna. *Obradoiro de Historia Moderna*. Nº 20 (2011) pp. 221 – 250.
- PRESEDO GARAZO, Antonio - *Nobleza y régimen señorial en Galicia: la Casa de Montaos en los siglos XVI y XVII*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2011.
- PRESEDO GARAZO, Antonio - *A fidalguía galega ante a crise do Antigo Réxime (1812 – 1868)*. Santa Comba: Ed. TresCTres, 2006.
- PRESEDO GARAZO, A - Dinámica de casa y reproducción social en la hidalguía gallega durante el siglo XVIII: Espacio, tiempo y forma. *Serie IV, Historia Moderna*. Nº17 (2004) pp. 117 – 142.
- PRESEDO GARAZO, Antonio - A dinámica de reproducción social da casa fidalga galega no século XVIII. *Anuario Brigantino*. Nº26 (2003) pp. 189 – 214.
- PRESEDO GARAZO, Antonio - El libro de correspondencia de Don Blas María Rubiños (1790-1807): presentación temática de su contenido y transcripción. *Cuadernos de Estudios Gallegos*. V.50. Nº116 (2003) pp. 132 – 176.
- PRESEDO GARAZO, Antonio - La nobleza provincial gallega ante la crisis del antiguo régimen: una visión panorámica. *Hidalguía: la revista de genealogía, nobleza y armas*. Nº308 (2005) pp. 15 – 36.
- PRESEDO GARAZO, Antonio - Luxo e cultura nos pazos da fidalguía galega, 1600 – 1841. *Boletín Auriense*. Tomo 31 (2001) pp. 143 – 164.
- PRESEDO GARAZO, Antonio - Los ingresos económicos de un hidalgo gallego: rentas y negocios de Don Blas Runiños (1772 – 1810). *Investigaciones Históricas: Época moderna y contemporánea*. Nº19 (1999) pp. 11 – 38.
- PRESEDO GARAZO, Antonio - *Os devanceiros dos pazos: economía e estratexias sociais*

da pequena fidalguía rural na Galiza interior (ss. XVI – XVIII). Santiago de Compostela: Ed. Sotelo Blanco, 1997.

- QUIROGA BARRO, Gabriel (dir.) - *Familia Aperribay Pita da Veiga: Inventario do fondo documental.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2002.
- RIBEIRO, F - Os arquivos na era pós-custodial: reflexões sobre a mudança que urge operar. *Boletim Cultural - Câmara Municipal de Vila Nova de Famalicão*, 3.^a série. Nº1 (2005) pp.129-133
- RODRIGUES, A - O Arquivo da Família Melo (Séc. XIV – XIX): Do “arranjoamento” iluminista à integração no sistema de informação de Mateus. In *Actas 3º Congresso Casa Nobre*, Arcos de Valdevez. [online] [Consultado en 20/09/2014] [Disponible en: <https://sites.google.com/site/casanobrecongresso/actas-do-3o-congresso-internacional>]
- ROSA, M^a Lurdes (org.) - *Arquivos de família, século XIII – XX: que presente, que futuro?*. Lisboa: IEM – CHAM, 2012.
- ROSA, M^a Lurdes - Arquivos de Família – O que são, para que servem, como preservá-los e estudá-los. In *Actas 3º Congresso Casa Nobre*, Arcos de Valdevez. [online] [Consultado en 20 de setembro de 2014] [Disponible en: <https://sites.google.com/site/casanobrecongresso/actas-do-3o-congresso-internacional>]
- ROSA, M^a Lurdes - Problemáticas históricas e arquivísticas actuais para o estudo dos arquivos de família portugueses (Épocas Medieval e Moderna). *Revista de História da Sociedade e da Cultura*. Nº9 (2009) pp.9 – 45.
- SANTIAGO CRESPO, Francisco José - El linaje de los Malvar. *El Museo de Pontevedra*. Nº10 (1956) pp. 159 – 162.
- SOUSA, M.J.C.A.S - Estudo de um arquivo familiar. Problemas e métodos de investigação. In *Actas 3º Congresso Casa Nobre*, Arcos de Valdevez. [online] [Consultado en 20 de setembro de 2014] [Disponible en: <https://sites.google.com/site/casanobrecongresso/actas-do-3o-congresso-internacional>]
- TORRES MOREIRA, C. de J. - *O Arquivo da Casa do Porto: o seu estudo e a sua representação – o modelo sistémico*. Porto: Universidade do Porto, 2012.
- TROCHE ZÚÑIGA, Froilán - *El archivo cronológico – topográfico, arte de archiveros*. A Coruña: Imprenta de Iguereta, 1830.
- VÁZQUEZ LIJÓ, J.M - *Casa de Goians no Antigo Réxime*. Boiro: Xunta de Galicia, 2012.
- VENTURA, I - O Arquivo do Paço de Calheiros: o modelo sistémico no acesso à informação. *Páginas a&b*, serie 2. Nº9 (2012) pp.7 – 33.

- VILLARES, R., *La propiedad de la tierra en Galicia: 1500 – 1936*. Madrid: Ed. Siglo XXI, 1982.
- VILLARES, Ramón - *Foros, frades e fidalgos: estudos de historia social de Galicia*. Santiago de Compostela, Ed. Xerais, 1982.

ANEXOS

Segundo as premisas que acabamos de expoñer, paso directamente a organizar a documentación dentro do cadro que temos creado para o Sistema de Información da Familia Malvar. Para iso valereime novamente da xenealoxía presentada e da evolución que teñen as xeracións dentro das propias casas. Non é o correcto, xa que, por exemplo, o fillo de Antonio Mosquera e Beatriz Suárez de Rivera, da Casa de Ramirás enlaza ca Casa de Villerma e áinda que na nosa xenealoxía apareza recollido dentro do Subsistema da Casa de Villerma iso non quere dicir que deixe de representar á anterior Casa de Ramirás, da que levará o seu legado vinculado. Dentro de cada Subsección redireccionaremos ao Subsistema que sexa necesario, se é o caso de que a persoa en cuestión xa foi anteriormente representada neste cadro orgánico.

Facendo caso ás explicación do profesor Armando Malheiro, creador do modelo sistémico, partimos da división principal que este publica onde establece a seguinte división para a división xeracional:

*Sección – Xeración
Subsección – Matrimonio
Subsección – Marido
Subsección – Muller
Subsección – Irmáns*

Unicamente puntualizar que a orde das persoas non responde a unha cuestión de xénero, xa que o fará dependendo de quen sexa o descendente directo da xeración anterior. Da mesma maneira temos que remarcar que aquelas xeracións que non sexan productoras de ningún documento dentro do sistema de información non aparecen recollidas no seguinte esquema, áínda que si que facemos mención ás mesmas nas diferentes explicacións xenealóxicas. Remarcar unha vez máis que as xenealoxías empregadas son únicamente as existentes dentro do Sistema de Información Malvar que atopamos dentro do Arquivo da Deputación de Pontevedra, contando de forma anecdótica ca documentación xenealólica existente tamén no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra²⁴ para completar e corroborar todos os datos. Do mesmo xeito, non todas as Casas contan con árbores xenealóxicas dentro da documentación, polo que houbo que facer un traballo de investigación máis complexo, axudándonos na documentación deste Fondo Especial Número 8.

24 Os documentos son o número CA 3561, 2121, 4872


Asi mesmo, seguindo con esta práctica que busca a claridade á hora de comprender a división xeracional, teremos que facer unha nova aclaración para aquelas persoas que casan en diferentes ocasións. Para iso, dentro do mesmo Subsistema estableceremos diferentes Seccións que, de forma cronolóxica, recollan as diferentes relacións.

Outro problema que poderemos atopar será o de asociar documentación dun Sistema de Información a un sobriño, que polo devir do tempo formou unha familia nuclear propia pero que polas circunstancias do tempo veu coma a súa documentación voltaba á liña principal. Para este caso, a solución arquivística máis lóxica non sería tratalos dentro da mesma Sección que aos seus tios, onde si que entrarían os seus pais senon que paraa esta nova liña o correcto vai ser crear un Subsistema específico, mostrando a referencia necesaria na xeración da familia á que están enlazados.


Por outra banda, así como defendemos o uso da razón para emplegar o modelo sistémico na organización deste patrimonio documental, remitímonos ao mesmo principio para establecer unha orde lóxica á hora de representar as diferentes xeracións neste cadre. Obviamente, se as tivesemos que presentar seguindo unha orde cronolóxica teríamos que estar intercalando continuamente ás Casas, creando un caos para o entendemento do usuario. É por iso que comezaremos cas xeracións más antigas de cada Casa, comezando a descripción polas Casas que se van anexionando a outras que prevalecen máis no tempo. Será necesario facer incisos nos que recalcar no tempo á hora de presentar un novo Subsistema, precisamente porque teremos que voltar no tempo varias xeracións para desgranar por completo a árbore xenealóxica da liñaxe de turno.

Dentro de cada Subsección existe a posibilidade de que entren directamente os documentos, compostos ou simples, ou que se organicen en Series. Coma na maior parte dos casos a documentación asociada a cada persoa non terá un volume tan considerable poucos serán os exemplos de Series que vexamos.


Casa de Salcedo




Casa de Ramirás




Casa de Regodeigón




Casa da Touza e vínculo de Baiona e Vilariño




Casa das Eiroas




Casa de Noia e Xallas




Casa de Toiriz



Casa do Periscal



Casa da Villerna



SISTEMA DE INFORMACIÓN MALVAR

A Casa de Villerma está ubicada na parroquia de San Miguel de Melias, no concello de Coles, pertencente tanto á provincia coma ao partido xudicial de Ourense. Encóntrase a dez quilómetros ao norte da cidade. Dentro dos papeis xenealóxicos atopados para conformar este Subsistema temos constancia dunha xeración previa á que dá inicio, representado pola Sección Sandoval Enríquez, xa que seguindo a documentación atopada no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, sabemos que Diego de Sandoval era fillo de Pedro Fernando de Pacio e Inés Vázquez de Puga.

Pola súa parte, Diego de Sandoval é considerado tamén Señor de Lobias e do Coto de Cea (Prado Díaz, 2007) na provincia de Lugo e destacamos para este Sistema de Información a dous dos seus fillos, primeiramente Gil de Amoeiro Sandoval quen casará con Ana de Ocampo e unirán en matrimonio ao seu fillo Lope de Amoeiro ca Casa de Regodeigón ao casar con Francisca Vaamonde. O segundo fillo deste enlace será Basco de Puga Sandoval, quen formará parte do Subsistema da Casa de Ramirás, ao que non se fai referencia expresa no Arquivo da Deputación de Pontevedra, polo que tivemos que percorrer á documentación xenealólica do Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra para demostrar que Basco de Puga Sandoval ten un fillo, o Capitán Antonio Mosquera, que casa con Beatriz Suárez de Rivera. Deste enlace sairá Gerónima Mosquera Sotomayor, que enlazará tamén a esta Casa ca de Regodeigón, ao casar cun neto do anteriormente citado Lope de Amoeiro. Desta forma toda a documentación das Casas de Villerma e Ramirás pasarán a formar parte dos fondos de Regodeigón. Isto non quere dicir que desaparezan esas Casas, senón que existe unha concentración de bens en mans dunha xeración que sucesivamente irán entroncando con outras liñaxes ata chegar todo a mans de Josefa García Taboada, que casará con Julián Malvar e é deste xeito como chega toda a documentación ao Pazo de Salcedo.

Subsistema Casa de Villerma			
Sección Sandoval Enríquez			
Subsección Sandoval Enríquez			
Subsección Diego de Sandoval	<i>1 Serie</i> · Protocolos notariais ante o escribán Diego de Sandoval,		1544 - 1549
Subsección Ynés Enríquez de Amoeiro			

Coma xa dixemos, Gil de Amoeiro e Sandoval, casa con Ana de Ocampo, con quen ten,

entre outros, a Lope de Amoeiro, que casa con Francisca Vaamonde da Casa de Regodeigón, relacionándose por primeira vez as dúas Casas.

Subsistema Casa de Villerma			
	Sección Amoeiro Ocampo		
	Subsección Amoeiro Ocampo		
	Subsección Gil de Amoeiro y Sandoval	· Documentación do pleito contra o Alto Maior da Vila de Ribadavia, polo cobro dunhas rendas.	1671
	Subsección Ana de Ocampo		

É necesario facer un inciso na evolución destas dinastías para retrotraernos no tempo e asignar a documentación correspondente á outra liña que establecen os fillos de Diego de Sandoval. Xa vimos que Gil de Amoeiro prosigue a súa evolución na Casa de Villerma, pero o seu irmán, Basco de Puga, segue unha liña paralela na Casa de Ramirás. Aínda que sobre o matrimonio deste non existe documentación asociada no Sistema de Información Malvar si que o hai do seu fillo, o Capitán Antonio Mosquera, quen ao mesmo tempo é sobriño de Gil de Amoeiro. Como xa explicamos nas consideracións iniciais, o caso dos sobriños non pode ser comparable arquivísticamente ao dos irmáns, que entrarían dentro da mesma Sección, polo que se fai necesario crear un novo Subsistema para esta liña, levando por nome o da Casa ao que pertencen.

Sabemos pola documentación xenealóxica atopada no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra que o Capitán Antonio Mosquera descende do matrimonio de Violante Mosquera e de Basco de Puga Sandoval, fillo á súa vez de Diego de Sandoval e Inés Enriquez de Levires. Ao mesmo tempo, este matrimonio que aquí representamos terá unha filla, Gerónima Mosquera Sotomayor, pero que aparecerá representada xa no Subsistema da Casa de Regodeigón, ao casar co herdeiro Juan Vaamonde Sarmiento, creando a propia Sección Vaamonde Mosquera.

Subsistema Casa de Ramirás			
	Sección Mosquera Suárez		
	Subsección Mosquera Suárez		
	Subsección Antonio Mosquera	· Pedimento contra Lorenzo Suárez polo pago de trinta e tres moios de viño	18 de xullo de 1619
	Subsección Beatriz Suárez de		

	Rivera		
--	--------	--	--

Volvendo atrás no tempo pasamos ao Subsistema da Casa de Regodeigón, que como dixemos entronca ca anterior no enlace entre Francisca Vaamonde e Lope de Amoeiro. Pero acabou no Sistema de Información Malvar documentación dos avós desta, seguramente traídos por ela. Ditos avós son Alonso López de Vaamonde e Beatriz Sarmiento.

A Casa de San Cristovo de Regodeigón pertence tamén á provincia de Ourense xa que está ubicada nunha zona rural do Concello de Ribadavia, unha vila histórica a trinta quilómetros ao oeste da capital provincial.

Antes disto, temos documentación xenealóxica atopada no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra na que podemos remontarnos unha xeración máis, sabendo que os pais de Alonso López Vaamonde son o Bachiller Lope García Varela e Violante Mosquera que teñen, ademais de a Alonso, a Gonzalo Gómez, Bartholome García e Basco de Puga, quen casa con Leonor de Campos.

Pola súa banda, o matrimonio que conforma a Sección López Sarmiento conta con dous fillos, Lope García Sarmiento e Juan López Vaamonde que será quen prosiga co legado familiar.

Subsistema Casa de Regodeigón			
Sección López Sarmiento			
Subsección López Sarmiento			
	Subsección Alonso López Vaamonde	<ul style="list-style-type: none"> · Copia simple da escritura de fundación do vínculo · Documentación xenealóxica da Casa de Regodeigón e da unión da Casa de Villarmera e das Eiroas · Carta de pagamento a Juan Salgado por once moios de viño 	17 de xullo de 1570 s/d 26 de setembro de 1607
	Subsección Beatriz Sarmiento de Losada		

Juan López de Vaamonde casa tres veces, primeiramente con Emilia de Quiroga con quem ten catro fillas, Violante, Beatriz, María e Francisca, que será quem case con Lope de Amoeiro da Casa de Villarmera. Violante casará con Juan Salgado Gundín, da Casa de Borraxeiros e de segundas

con Alvaro Losada. Mentre tanto, Beatriz casará con Álvaro de Puga.

A segunda muller de Juan López Vaamonde será Ana de Villamarín, con quen terá outras catro fillas: Ana, Isabel, María e Inés, que será a única que forme matrimonio, ao casar con Julio Vermúdez Dacosta. E por último, casa en terceiras nupcias con Inés Vermúdez de Villamarín.

Existen tamén documentación asociada para o irmán de Emilia de Quiroga, Lope García coéngoo da catedral de Tui en 1567.

Subsistema Casa de Regodeigón			
Sección López Quiroga			
Subsección López Quiroga			
Subsección Juan Alonso López Vaamonde	<ul style="list-style-type: none"> · Documentación do pleito contra a súa filla e o seu marido Juan Salgado Guidin. 	1680	
Subsección Emilia de Quiroga			
Subsección Lope García de Quiroga	<ul style="list-style-type: none"> · Copia do testamento · Copia da transacción outorgada entre Lope García, Feliciano Calado e Leonardo Gil pola cesión dos bens de Alonso Calado · Traslado dunha cláusula do testamento de Lope García, na que deixaba a prensetación do beneficio da Igrexa de Santa Eulalia de Camos en mans de Juan Sarmiento Baamonde, ante a súa petición. · Documento composto con información da Capela da Nosa Señora da Concepción, unida á Casa da Touza, con carta de fundación incluída. 	1635 1694 1635 1663	

Deste primeiro matrimonio nace Francisca Vaamonde, quen casa con Lope de Amoeiro, o descendente de Gil de Amoeiro e Ana de Ocampo da Casa de Villerma. Deste matrimonio entre Francisca e Lope non existe documentación asociada no Sistema de Información Malvar, pero si que o hai dunha das súas fillas, Violante Vaamonde, que casa con Juan Salgado.

Subsistema Casa de Regodeigón			
Sección Vaamonde Salgado			
	Subsección Vaamonde Salgado	· Documentación do pleito contra Juan López Vaamonde	1680
	Subsección Violante Vaamonde Mosquera		
	Subsección Juan Salgado	· Carta de pagamento que lle outorga Lope García Varela e Alonso López de Vaamonde, para o pago de once moios de viño branco.	26 de setembro de 1607
	Subsección Lope Vaamonde	· Traslado do codicilio para facer o cobro das dotes das súas irmáns.	1646

Cun dos fillos deste matrimonio anterior é cando entra na liña sucesoria toda a documentación pertencente á Casa de Ramirás, xa que o vástago Juan Vaamonde Sarmiento casa con Gerónima Mosquera Sotomayor, unha das fillas do matrimonio do Capitán Antonio Mosquera e Beatriz Suárez de Rivera, pertencentes a esta casa.

Subsistema Casa de Regodeigón			
Sección Vaamonde Mosquera			
	Subsección Vaamonde Mosquera		
	Subsección Juan Vaamonde Sarmiento	· Carta de pagamento en concepto de foros que entrega a Francisco Girón, mordomo do Mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil. · Demanda a Juan de Vaamonde polo cobro de rendas.	4 de outubro de 1630
	Subsección Gerónima Mosquera Sotomayor		

Deste matrimonio únicamente coñecemos a un fillo varón, Plácido Sarmiento, quen casa con Isabel de Castro.

Subsistema Casa de Regodeigón			
Sección Sarmiento de Castro			
	Subsección Sarmiento de Castro		

	Subsección Plácido Sarmiento de Baamonde e Sandoval	<ul style="list-style-type: none"> · Recurso e querela contra varios veciños de Sobrado polo impago das rendas. · Copia da mellora do terzo e quinto vincular feita o 30 de xaneiro de 1666. · Copia da mellora de terzo e quinto vincular feita o 20 de xullo de 1666. 	1665 6 de decembro de 1714 12 de abril de 1715
	Subsección Isabel de Castro Sanabria	<ul style="list-style-type: none"> · Recibo expedido por Bentura Salgado dos pagamentos de alimentos a Isabel de Castro por parte de Esteban Villamarín, apoderado do Sr. Inquisidor Fernando Villamarín. 	7 de outubro de 1684

Chegamos novamente a un punto no que se unen dúas Casas. Por unha banda temos a Antonia Sarmiento de Castro coma representante da Casa de Regodeigón, á que xa se lle tiña volcado anteriormente a documentación da Casa de Villerma e a Casa de Ramirás. Pola outra, o seu marido, Esteban de Villamarín é o descendente da Casa das Eiroas. Entre ambos, ca unión matrimonial, xuntan boa parte do grosa documental do Sistema de Información Malvar. Aínda que a documentación xenealóxica, como xa explicamos, non é unha das que máis abunda no Fondo Especial Número 8, desta volta temos o apoio de novas árbores que aparecen no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra e que nos permiten remontar a xenealogía da Casa das Eiroas en varias xeracions que serán explicadas nas diferentes Seccións que cumplimenten.

Para este caso, únicamente referir que Esteban Villamarín, Apoderado do Sr. Inquisidor Xeral de Granada, é un dos sete fillos de Francisco de Novoa Villamarín e Clara Alonso, xunto a Juan Antonio, Francisca, Fernando, Inés, Gregorio, abade de Ermosende; e Victoria da que sabemos que casará primeiramente con Balthasar Sarmiento e, en segundas nupcias, con Francisco Antonio Somoza.

Subsistema Casa de Regodeigón			
	Sección Sarmiento Villamarín		
	Subsección Sarmiento Villamarín		
	Subsección Antonia Sarmiento de Castro		
	Subsección Esteban de Villamarín	· Copia simple da escritura de	s/d

		<p>transacción sobre a división dos bens libres de Esteban e Luís Villamarín, outorgada o 23 de outubro de 1737.</p> <ul style="list-style-type: none"> · Doazón a Fernando Villamarín, Inquisidor Xeral en Granada, de todos os bens que herdara do seu tío Esteban de Villamarín e do seu irmán Gregorio. · Obrigación de Antonio Sotelo e Domingo M. de entregar trinta e seis moios de texa. · Obrigas de Domingo Pérez e Esteban de Villamarín Noboa. · Recibo do pago feito a Bentura de Arango Salgado, dos alimentos pagados a Isabel de Castro. 	16 de agosto de 1692
		<ul style="list-style-type: none"> · Obrigación de Domingo Pérez e Esteban de Villamarín Noboa. · Recibo do pago feito a Bentura de Arango Salgado, dos alimentos pagados a Isabel de Castro. 	30 de marzo de 1679.
		<ul style="list-style-type: none"> · Recibo do pago feito a Bentura de Arango Salgado, dos alimentos pagados a Isabel de Castro. 	1628 – 1632
		<ul style="list-style-type: none"> · Declaración sobre un foro a Andrea González 	7 de outubro de 1684
	Subsección Juan Antonio Villamarín	<ul style="list-style-type: none"> · Declaración sobre un foro a Andrea González 	26 de abril de 1729
	Subsección Gregorio de Villamarín	<ul style="list-style-type: none"> · Copia simple dunha transacción sobre a sua herdanza, que ao ter falecido pasaba aos seus irmáns, tamén falecidos e remataba nos fillos destes. 	18 de febreiro de 1702
	Subsección Luis Villamarín Sarmiento		
	Subsección Bentura Arango	<ul style="list-style-type: none"> · Documentación dun pleito en 1677 · Testemuña do pago expedido por Pedro Fernández, escribán de Ourense, de Bentura de Arango, por conta do Licenciado Blas González, polo arrendo dos bens e Casa de Villerma. · Recibo expedido dos pagos de alimentos a Isabel de Castro, por parte de Esteban Villamarín, apoderado do Sr. Inquisidor Fernando Villamarín. 	1677 7 de outubro de 1684 1684

Facemos novamente un inciso na evolución xenealóxica para remontarnos aos inicios da Casa da Touza, da parroquia de Sárdoma en Vigo. A documentación desta liñaxe remata no Sistema

de Información Malvar depositado seguramente por María Gregoria de Cea Ozores y Villamarín, quen casa en segundas nupcias con Ignacio Marcelino García Taboada, quen pola súa persoa xa achegou a este fondo a documentación da Casa do Persical e a da Casa de Noia e Xallas.

O señorío da Casa da Touza recalou anteriormente en Antonia Bernarda de Ozores y Villamarín, nai de María Gregoria de Cea, e no seu avó, Gregorio Jacinto Ozores y Castro, quen ao casar con Francisca Villamarín Sarmiento une á Casa da Touza ca das Eiroas.

Podemos seguir remontando na xenealoxía ata a creación do propio pazo da Touza por parte de Teresa Troncoso de Lira, que recibe a propiedade do seu avó Vasco de Godoy e na que construirá xunto ao seu marido, o Capitán Gregorio Vázquez Ozores, o Pazo da Touza.

Para a xeración dos bisnetos de Álvaro de Oya non temos documentación que asociar. De todas formas, el é o membro máis antigo do clan aínda que non sexa o fundador do vínculo desta Casa, senón que será a súa bisneta Isabel Pereira de Castro a que case con Francisco Ozores, señor da Touza. Isabel Pereira debeu de levar consigo boa parte da documentación familiar, xa que hai testemuña de ata tres xeracións anteriores á dela.

Seguindo con esta liña establecida na Sección Oya de Castro, que non representaremos por non ter documentación asociada no Fondo Especial Número 8, aparecen tres fillos, dúas mulleres das que non coñecemos demasiada información, Ana e Catalina de Castro, e un home, Gregorio de Castro y Oya que casa con María de Carballido e teñen unha dúzia de fillos.

Subsistema Casa da Touza			
Sección Castro Carballido			
Subsección Castro Carballido			
Subsección Gregorio de Castro y Oya	· Expediente instruído ante o correimento de Baiona a instancias de Gregorio de Castro, en nome e como curador de Diego de Cea Mariño, contra Constanza Méndez e o seu segundo marido, Alonso García, sobre os bens do vínculo que quedaron de Esplandian de Cea.	1607	

	Subsección María de Carballido		
	Subsección Catalina de Castro		
	Subsección Ana de Castro		

Como xa dixemos, desta Sección Castro Carballido descenden doce fillos, nacidos todos a finais do século XVI, dos que unha terceira parte aparecerán na documentación. A continuación representaremos esta xeración, onde a persoa principal será Úrsula de Castro Oya y Carballido, que será quen case á súa filla Isabel cos descendentes da Casa da Touza. Pero ao mesmo tempo teremos que facer unha pequena paréntese para presentar a sección formada polo filo de Diego de Cea Mariño e María de Castro, Jerónimo de Cea Mariño, quen malia non formar parte da Casa da Touza si que acaba aportando documentación a este Sistema de Información xa que el procede da Casa de Baiona, co vínculo fundado por Esplandian de Cea e acabarán entroncando ca rama da Casa das Eiroas e polo tanto deixando pegada no patrimonio documental dos Malvar.

Subsistema Casa da Touza				
Sección Castro Pereira				
	Subsección Castro Pereira			
	Subsección Úrsula de Castro Oya y Carballido	<ul style="list-style-type: none"> · Traslado da escritura de compromiso outorgada por Úrsula Vázquez de Castro como titora de Francisco Ozores, con Alonso e Antonio Méndez. · Traslado da escritura de comprimos outrogada por Úrsula Vázquez de Castro coma titora de Francisco Ozores. 	1654 1654	
	Subsección Juan Pereira de Castro			
	Subsección Catalina de Castro Oya y Carballido			
	Subsección Teresa de Castro			
	Subsección Gregorio de Castro	<ul style="list-style-type: none"> · Testamento de Gregorio de Castro e a copia da escritura de concordia para a vinculación da Casa de Porriño ca Casa da Touza. · Documentos de mellora de terzo e quinto establecido por Gregorio de Castro sobre a 	1699 – 17010 1682	

		<p>herdanxa deixada ás súas fillas.</p> <ul style="list-style-type: none"> · Documento da vinculación e da mellora de terzo e quinto establecida por Gregorio de Castro. · Copia incompleta do testamento de Gregorio de Castro. · Memorial dos bens que lle diron a Faustina Castro nas melloras vinculares de Gregorio de Castro. 	1710 s/d s/d
	Subsección Miguel de Castro		
	Subsección Pedro de Castro		
	Subsección Felipa de Castro		
	Subsección Juan de Castro		
	Subsección Sara de Castro		
	Subsección Inés de Castro		
	Subsección María de Castro	Ver Sección Cea Castro en Subsistema Casa de Baiona	
	Subsección Diego de Cea Mariño	Ver Sección Cea Castro en Subsistema Casa de Baiona	

María de Castro, da Casa da Touza, ao casar con Diego de Cea Mariño fai aparecer neste Sistema de Información un importante conxunto documental procedente da que chamaremos Casa de Baiona e Vilariño²⁵ que pode ser que se corresponda cunha vinculación da Casa da Touza pero que aquí trataremos de forma independente ata que se una ca Casa das Eiroas no enlace entre Agustín de Cea Sotomayor e Antonia Ozores Villamarín.

A propia documentación nos fala da creación deste vínculo de Baiona, Vilariño e Porriño por parte de Leonor de Melva e o seu marido Ares de Cea, rexidor de Baiona, quen lle deixan ao seu sobriño Esplandian de Cea o vínculo que este mesmo mellora antes de seguir a liña sucesoria en Gonzalo de Oca quen posteriormente o cede a Fructuoso de Cea, este ao seu fillo Diego de Cea Mariño que tamén fai mellora vincular antes de traspasarollo ao seu fillo Jerónimo de Cea, capitán de infantería. Por último, unha das derradeiras referencias que atopamos é a dun pleito entre María

²⁵ Esta localización recibe diferentes nomes na documentación, pero sempre aparecen vinculadas á Casa da Touza as posesións de Baiona, Vilariño e Porriño. Neste caso o tratamos coma un subsistema particular xa que non podemos demostrar a vinculación directa ca Casa da Touza, xa que María de Castro non contou cos privilexios da Casa da Touza, que se agraga á súa familia na xeración da súa sobriña, Isabel Pereira de Castro, que casa con Francisco Ozores, titular desta Casa.

Gregoria de Cea Ozores y Villamarín contra Ambrosio Manuel polo vínculo de Vilariño, que aparece asociado a esta Casa e que finalmente logra a muller de Ignacio Marcelino García Taboada. Do mesmo modo, atopamos outro documento no que Augstín de Cea, abade en Santa Eulalia e fillo primoxénito de Agustín de Cea e Antonia Ozores Villamarín, lle cede todos os vínculos de Leonor de Meloa á súa irmá María Gregoria de Cea.

Posiblemente o vínculo da granxa de Vilariño nada teña que ver ca evolución da Casa da Touza pero seguramente a ausencia dalgunha peza xenealóxica non nos permita saber como rematou toda a documentación dos Cea Mariño no Palacete de Salcedo dos Malvar. Sabemos que foi mediante o casamento de Agustín de Cea con Antonia Ozores Villamarín, da Casa das Eiroas, pero non podemos precisar se Agustín é un dos noves fillos que tivo Diego de Cea Mariño ou é o seu neto.

Dentro das Seccións que precisamos organizar en torno a Diego de Cea Mariño e María de Castro, unha das doce fillas de Gregorio de Castro y Oya e María Carballido, da Sección Castro Carballido; comezaremos organizando os antepasados de Diego de Cea que si que teñan documentación asociada e que non sempre poderemos coñecer a súa procedencia, xa que hai documentos que falan do bisneto de Diego de Cea Mariño, que descoñecemos se volve a entroncar nalgún momento con algunha persoa das diferentes Casas deste Sistema.

Comezamos con un dos fundadores do vínculo da Casa da Touza, Esplandian de Cea, que xunto a Leonor de Meloa, muller de Ares de Cea, ao non ter sucesión nomean a este arcediano de Montes como o seu herdeiro do vínculo. Malia ser arcediano, e por causas que non podemos aclarar, Diego de Cea Mariño aparece como neto de Esplandian de Cea, ao igual que Fructuoso de Cea aparece como pai de Diego e María Teigeira de Maceda como nai de Fructuoso, o que nos leva a trazar o seguinte cadro.

Subsistema Casa de Baiona			
Sección Cea Teigeira			
Subsección Cea Teigeira			
Subsección Esplandian de Cea	· Copia simple da cláusula do testamento de Esplandian de Cea onde estableceu a Capela do Apostolo Santiago, na igrexa colegiata de Baiona.	21 de xaneiro de 1573	

		· Traslado dunha carta de pago, de 1567, por 185 ducados e tres reais e medio, outorgada por Juan do Bal e Teresa Alonso, a súa esposa, a Guillerme Hastar, por unha débeda e na que Esplandian de Cea facía de fiador.	30 de agosto de 1591
	Subsección María Teigeira		

Na seguinte Sección recollemos o matrimonio de Fructuoso de Cea con Constanza Méndez de Cabral, primeiro matrimonio da muller, que casa en segundas nupcias con Alonso García. Aínda que coñecemos parte da xenealoxía de Constanza Méndez, xa que é filla de Gregorio Cabral e Ana Vázquez, non creamos para eles ningunha división clasificatoria posto que os documentos que aparecen para os Cabral levan por protagonistas a Rodrigo Cabral e Antonio Cabral, que non podemos precisar se son irmáns de Constanza ou son os seus tios.

Subsistema Casa de Baiona			
	Sección Cea Méndez		
	Subsección Cea Méndez		
	Subsección Fructuoso de Cea		
	Subsección Constanza Méndez	· Carta de aprobación dunha escritura na que Constanza Méndez Cabral e Alonso García, pola que cedían o pago do importe dos froitos e rendas que cobraran como curadores de Diego de Cea, fillo do primeiro marido de Constanza, Fructuoso de Cea Mariño.	1624

Esta seguinte Sección corresponden ao matrimonio de Diego de Cea Mariño con unha irmá de Úrsula de Castro Oya y Carballido. Ambos personaxes aparecen recollidos na Sección de Castro Pereira pero remitimos no cadro á súa presenza neste seguinte apartado:

Subsistema Casa de Baiona			
	Sección Cea Castro		
	Subsección Cea Castro		
	Subsección Diego de Cea Mariño	· Escritura outorgada polo	1623

		<p>abade do cabildo de Baiona e Diego de Cea Mariño onde establecen as misas que se tiñan que celebrar para dar cumprimento ao testamento de Esplandian de Cea, arcediano de Montes.</p> <ul style="list-style-type: none"> · Concordia sobre as misas fundadas por Esplandian de Cea. 	
	Subsección María de Castro		1623

Este seguinte apartado recolle aos fillos do matrimonio anterior, onde destaca a figura de Ana de Cea que dedicou a súa vida á relixión pero que contou cunha dote de Elvira de Prego Montaos quen na documentación aparece como a súa nai, pero descoñecemos se tivo algún tipo de relación formal con Diego de Cea Mariño. Ademais de Jerónimo e Ana, temos a testemuña da existencia de sete fillos máis, seis varóns e unha muller.

Subsistema Casa de Baiona			
	Sección Cea Ulloa		
	Subsección Cea Ulloa		
	Subsección Jerónimo de Cea	· Copia do testamento de Jerónimo de Cea outorgado o 5 de marzo de 1695.	1699
	Subsección María Paula Ulloa Sotomayor	· Copia da carta de dote outorgada o 3 de xullo de 1658 a Paula María Ulloa para o seu casamento con Jerónimo de Cea Mariño, formada por mil oitocentos ducados e outros bens cedidos polos seus pais Miguel Troncoso Sotomayor e María Coello de Cea e a súa avoa Inés de Montes Sotomayor.	1675
	Subsección Ana de Cea		

Nesta penúltima Sección deste Subsistema recollemos unicamente a figura de Ambrosio Manuel de Cea, xa que non coñecemos datos do seu matrimonio pero si que era Capitán de Dragones en Flandes. Si que coñecemos a figura do que pensamos que é o seu irmán, Julián Tomás de Cea, que aparece referido coma terceiro neto dos fundadores. De non ser irmán sería o seu fillo, pero cos

datos que temos non o podemos verificar. O mesmo acontece con Agustín de Cea Sotomayor, quen ao levar o mesmo apelido de María Paula Ulloa Sotomayor danos a idea de que pode ser o seu fillo e non o seu cuñado. A súa documentación aparece referenciada na Sección Ozores Cea do Subsistema da Casa das Eiroas.

Subsistema Casa de Baiona			
Sección Cea			
Subsección Cea			
	Subsección Ambrosio Manuel de Cea	· Provisión expedida a instancias de Ambrosio Manuel de Cea pola que recibiu información acerca da sucesión que lle correspondía pola morte do seu pai Jerónimo de Cea, das vinculacións fundadas por Leonor Meloa, Esplandian de Cea e as agregacións feitas por Diego de Cea.	15 de setembro de 1705
	Subsección Capitán Julián Tomás de Cea	· Copia dunha carta de pagamento outorgada ao Capitán Julián Tomás de Cea por parte do abade do Mosterio da Nosa Señora a Real de Oia, por cen ducados que se restaban dun censo.	8 de outubro de 1714

Proseguindo entón ca evolución da Casa da Touza, descendemos unha xeración para dar paso a Isabel Pereira Ozores e ao seu marido, dono da Casa da Touza, a que herda da súa nai Teresa Troncoso de Lira e do seu pai Gregorio Vázquez Ozores. Polo tanto as referencias anteriores, malia estar englobadas dentro do Subsistema da Casa da Touza, non tiñan relación ningunha con esta institución ata o casamento de Isabel Pereira e Francisco Ozores, soldado da cabalería na Compañía de Corazas. Entre os irmáns de Isabel Pereira de Castro atopamos ao Comisario Xeral da Cabalería española nos estados de Flandes, Gregorio de Castro, e ambos casaran aos seus fillos como recollemos na Sección Ozores Castro seguinte.

Subsistema Casa da Touza			
Sección Pereira Ozores			
Subsección Pereira Ozores			

	Subsección Isabel Pereira de Castro		
	Subsección Francisco Ozores	<ul style="list-style-type: none"> · Copia do documento de transacción e construcción do censo de mil ducados por Francisco de Ozores a favor de Alonso e Antonio Méndez. 	1682
	Subsección Gregorio de Castro		

O descendente principal é Diego de Ozores, quen nace en 1650 e casa con Faustina de Castro, a súa prima once anos menor. Pola súa banda, Faustina é filla do Comisario General de la Caballería española en Flandes Gregorio de Castro, irmán de Isabel Pereira de Castro e polo tanto tío de Diego de Ozores. Aparece na documentación outro individuo, Gregorio Ozores Pereira y Castro, que ao coincidir no tempo con Diego Ozores e ter os mesmos apelidos, considero que é o seu irmán, áinda que non teñamos máis proba ca esta. O subsodito Diego de Ozores será tamén dono do Coto de San Pedro de Maio e vicario da feligresía de Santa Eulalia de Camos.

Subsistema Casa da Touza			
Sección Ozores Castro			
	Subsección Ozores Castro	<ul style="list-style-type: none"> · Copia da escritura outorgada por Faustina de Castro e Diego Ozores aos señores de Barros por sacalos indemnes e libres de fianza que fixeran con Francisco Ozores. 	1693
	Subsección Diego de Ozores	<ul style="list-style-type: none"> · Copia da notificación de autos a Diego Ozores de Castro no pleito contra o Conde de Amarante, Marqués de Valladares. · Petición, testemuña e notificación sobre a que fixo Diego Ozores de Castro, curador de Faustina de Castro, en relación a seis mil ducados que lle deixara o pai dela. · Copia do despacho, autos e demás do pleito con Héctor de 	1698 1680 1690

	<p>Barros e o seu herdeiro Juan de Barros.</p> <ul style="list-style-type: none"> · Documentación relacionada ca causa que Diego de Ozores tiña co escribán Antonio Marino de Cangas. · Testemuña de Antonio Vidal nunha causa contra Diego Ozores · Copia da dilixencia e autos do pleito con Diego de Barros · Copia da compulsa solicitada por Diego Ozores sobre os bens de Martín de Ormaeche. · Cesión a Diego Ozores do Patronato da Igrexia de Santa Eulalia de Camos en Baiona. · Escritura sobre o embargo de bens contra Diego Ozores polo censo dos Méndez. · Documento relacionado ca causa de Diego Ozores con Diego de Barros Falcón. · Copia do deixado por Domingo Denandi, capellán da parroquia de Santa Eulalia de Camos a Diego Ozores para que nomee un capellán. · Copia de peticións, decreto e resposta sobre un censo no pleito de Diego Ozores contra Carlos Méndez e consortes. · Copia da real provisión sobre o pagamento de cantidades no pleito de Diego Ozores con Carlos Méndez · Copia sobre o despacho do pleito de Diego Ozores con Carlos Méndez. · Decreto polo que se procede á subasta pública de bens relacionados que posúe Diego Ozores · Papeis relacionados co pleito de Diego Ozores con Carlos Méndez. · Copia da escritura de protesta e requerimento de Diego Ozores a Diego de Barros no pleito que litigaron. 	<p>1696</p> <p>1702</p> <p>1653</p> <p>7 de maio de 1698</p> <p>23 de xaneiro de 1694</p> <p>1701 – 1702</p> <p>1699</p> <p>2 de setembro de 1702</p> <p>4 de decembro de 1693</p> <p>1694</p> <p>22 de abril de 1697</p> <p>8 de agosto de 1698</p> <p>1698 – 1699</p> <p>20 de marzo de 1699</p>
--	---	--

		<ul style="list-style-type: none"> · Copia das peticións presentadas por Diego Ozores e respostas dadas por Diego de Barros. · Copia da testemuña de autos no pleito contra os Méndez e Barros sobre a tutela de Aldonza Fernández, a súa avoa, e o censo desta. · Copia da escritura de doazón outorgada por Juan Antonio Pardo Vazelas do beneficio curado de San Juan de Barcela a Diego de Ozores. · Copia da presentación que fixo ao beneficio curado de Juan de Barcela, da diócese de Tui, por morte de Antonio Gil Vallejo 	14 de setembro de 1699 8 de maio de 1698 23 de maio de 1703 23 de outubro de 1696
	Subsección Faustina de Castro	<ul style="list-style-type: none"> · Copia da escritura de dote de Faustina de Castro. · Memorial dos bens que se diron a Faustina por parte da mellora de terzo e quinto establecida por Gregorio de Castro. · Cédula de limosna e doazón en favor do Convento das Capuchinas de Lugo que lle fai Faustina de Castro cos bens pendentes de cobrar polo pleito que tivo cos herdeiros do Marqués de Valladares e de Martín de Ormaeche. 	1693 s/d 1684
	Subsección Gregorio Ozores	<ul style="list-style-type: none"> · Declaración e petición de notificación que fixo Gregorio contra Juan del Vial Reboreda sobre a acusación de non devolverlle o ornato ou o seu valor co que foi amortallado o seu tio, o presbítero Antonio del Vial. 	1729

Da súa descendencia únicamente coñecemos a Gregorio Jacinto Ozores y Castro, quen casa con Francisca de Villamarín, da Casa das Eiroas, entrando deste modo no mesmo matrimonio estas dúas Casas. Por outra banda, á Casa das Eiroas xa se lle tiñan anexionado as posesións das Casas de

Subsistema Casa da Touza			
Sección Ozores Villamarín			
	Subsección Ozores Villamarín	Ver Subsistema Casa das Eiroas – Sección Villamarín Ozores	
	Subsección Gregorio Jacinto Ozores y Castro		
	Subsección Francisca Villamarín Sarmiento		

Novamente vémonos na obriga de remontarnos no tempo para establecer as diferentes Seccións que aparecen no Subsistema da Casa das Eiroas previas á que establece Esteban de Villamarín ao casar con Antonia Sarmiento de Castro. A documentación que temos remóntase ata o século XVI, permitindo relacionar todo isto ata con catro novas xeracións das que finalmente descenderá o citado Esteban de Villamarín. Neste caso, o tataravó de Esteban de Villamarín era Luís de Villamarín, Señor da Fortaleza de Villamarín de quen se coñecen dous matrimonios, o primeiro cunha Violante Mosquera e Noguerol e o segundo con Cathalina Rodríguez de Anbia. Unicamente aparece documentación desta segunda muller pero relacionada con outra unión matrimonial que terá a posteriori. Este matrimonio conforma o señorío do Pazo e xurisdicción de San Cristovo de Regodeigón, das casas de Ribadavia e o seu couto de Labrinón.

Do primeiro matrimonio existen un fillo e unha filla, Garzía Rodríguez de Villamarín e Theresa Rodríguez de Villamarín. No tocante ao segundo, con Cathalina Rodríguez, os fillos son tres, Luís de Villamarín, Alonso de Novoa e Suero de Villamarín.

Subsistema Casa das Eiroas			
Sección Villamarín Rodríguez			
	Subsección Villamarín Rodríguez		
	Subsección Luís de Villamarín		
	Subsección Cathalina Rodríguez de Anbia (2º matrimonio)	· Carta de poder outorgada a Juan do Río Sastre para o cobro de cuarenta ducados a Antonio de Castro	1595

Luís de Villamarín fillo ten tamén dous matrimonios. O primeiro con Genebra de Deza, do

que nace Álvaro Suárez de Villamarín e o segundo con Susana Álvarez de Belmonte do que tamén terá descendencia, en Fernando Álvarez de Villamarín e Gregorio Suárez de Villamarín, que será quen continúe á fronte da Casa das Eiroas, casando con Susana Enriquez.

No Fondo Especial Número 8 atopamos tamén documentación de Suero de Villamarín, que casou con Ana de Puga e que como xa dixemos era irmán de Luís de Villamarín. Ambos os dous teñen un fillo, Luis de Villamarín Barrameda que casa con Catalina de Linpias, filla de Leonor López Novoa e Francisco Palmades Sotelo.

Subsistema Casa das Eiroas			
Sección Villamarín Suárez			
Subsección Villamarín Suárez			
	Subsección Luís de Villamarín	<ul style="list-style-type: none"> · Despacho do corredor de Ourense para darlle a Luís Villamarín os bens que lle corresponden do testamento de Susana Mosquera. 	20 de abril de 1586
	Subsección Ginebra de Deza	<ul style="list-style-type: none"> · Dote outrorgada por Alonso de Deza á súa filla Ginebra de Deza · Dote de Leonor López outrorgada á súa filla, Ginebra de Deza · Testamento de Gómez de Moure, pai de Ginebra de Deza · Declaración e relación de bens de Gómez de Moure, pai de Ginebra de Deza, a petición da súa viúva, por parte de Rodríguez de Moure, rexidor de Ourense. 	12 de xaneiro de 1512 12 de xaneiro de 1512 4 de outubro de 1517 5 de xuño de 1518
	Subsección Suero de Villamarín	<ul style="list-style-type: none"> · Foro outorgado por Suero de Villamarín, abade de San Paio de Abeleda, a Juan de Novoa Villamarín, da metade dos froitos de Santiago de Villamarín que lle pertencían por bula apostólica. · Dote que lle prometeu Suero de Villamarín á súa filla Catalina Rodríguez para o seu casamento con Alonso de 	28 de xullo de 1590 4 de xuño de 1537

	<p>Moure.</p> <ul style="list-style-type: none"> · Concesión de arrendamento e beneficio de Santiago de Villamarín, abade de San Paio de Abeleda, que posuía Suero de Villamarín, para Juan de Noboa Villamarín por unha débeda que tiña Santiago con el. · Carta de pagamento de douscentos ducados, de Alonso Buján a Suero Villamarín. · Carta de poder outorgada por Suero de Villamarín a Fernando Álvarez de Villamarín, para o cobro de noventa ducados que lle deben da renda do beneficio de San Pedro de Moreiras. · Carta de poder outorgada a Suero Villamarín e outros, por Alvaro Suárez de Deza, para o nomeamento dun capellán segundo a cláusula do testamento da súa muller Leonor de Villamarín. 	12 de xullo de 1593 13 de maio de 1590 15 de xullo de 1600 1549	
	Subsección Ana Piña	· Testamento, codicilio e reconto de bens de Ana de Piña.	1567

Deste seguinte matrimonio nacerán tres fillos, Luis de Villamarín, Esteban de Villamarín e Francisco de Novoa Villamarín, que seguirá ca liña principal da Casa das Eiroas xa que os seus irmáns serán relixiosos. Como ben podemos ver na documentación, Esteban de Villamarín será abade de Ermesende e Fernando Álvarez de Villamarín será coengo na Catedral de Ourense e arcediano en Varoncelle.

Subsistema Casa das Eiroas			
	Sección Suárez Enríquez		
	Subsección Suárez Enríquez	· Dispensa para o casamento.	8 de febreiro de 1585.
	Subsección Gregorio Suárez de Villamarín	· Copia da xustificación de transferencia que fai da súa herданza a Esteban de	s/d

		<p>Villamarín, abade de Ermesende.</p> <ul style="list-style-type: none"> · Doazón e agregación de Gregorio Suárez de Villamarín a Esteban de Villamarín, de todos os bens do seu tio, Esteban de Villamarín, abade de Ermesende. · Carta de pago outorgada a Gregorio Suárez de Villamarín por Antonio Soto Araújo para o pagamento de seiscentos setenta e cinco ducados. 	1670 1664
	Subsección Susana Enríquez de Novoa		
	Subsección Fernando Álvarez de Villamarín	<ul style="list-style-type: none"> · Traslado público dunha sentenza de xuízo contra Jerónimo López, mercader e veciño de Medina de Río Seco a petición do primeiro. · Documentos sobre o pleito ca fiscalía eclesiástica da cidade de Ourense · Carta de dote outorgada a Erena Álvarez de Villamarín polo seu casamento con Pedro López Pallares, mercader de Ourense. · Obrigación de Suero Sánchez de Villamarín pola cal lle pagará dez ducados a Fernando Álvarez. · Carta de pago na que o Doutor Settien, Dean da igrexa de Ourense, recibe trescentos cincuenta ducados de Fernando. · Memoria e inventario da prata de Fernando Álvarez. · Información do pleito contra Juan Rodriguez e mais posuidores dos bens que quedaron do abade de Campobeceros. · Documento mal conservado sobre Fernando Álvarez. · Carta de pagamento pola cal Juan de Bamonde recibiu de Fernando Álvarez de 	17 de novembro de 1577 12 de decembro de 1596 12 de decembro de 1585 2 de xuño de 1603 10 de outubro de 1611 s/d 1602 7 de xuño de 1562 1590

		Villamarín, en nome de Juan de Novoa Villamarín, catrocentos trinta ducados que lles faltaban por pagar dos doux mil ducados que debían en concepto de dote polo casamento de Juan con Ana de Villamarín.	
--	--	---	--

Son estes os pais de Esteban de Villamarín, ao igual que o son de Juan Antonio, Francisca, Fernando, Gregorio, Inés e Victoria. Esta Sección é a anterior, no Subsistema da Casa das Eiroas, á Sección Villamarín Sarmiento de Esteban e a súa muller Antonia Sarmiento de Castro da Casa de Regodeigón.

Analizando someramente a documentación podemos acertar a saber que Luis Enríquez de Novoa Villamarín foi arcediano de Varoncelle; Juan de Novoa Villamarín, tesoureiro e coéngoo da Catedral de Sevilla e abade de San Paio de Abeleda e de Santiago de Villamarín. Aparece tamén co cargo de diácono da Santa Igrexa Catedral de Ourense

Subsistema Casa das Eiroas			
	Sección Novoa Alonso		
	Subsección Novoa Alonso		
	Subsección Francisco de Novoa Villamarín		
	Subsección Clara Alonso		
	Subsección Novoa		
	Subsección Luis Enríquez de Novoa Villamarín	· Testamento outorgado ante o escribán Juan de Neboeiro, no cal nomeou como herdeira á súa nai, Susana de Noboa Enríquez.	28 de outubro de 1619
	Subsección Juan de Novoa Villamarín	· Provisión da sentenza do pleito con Juan Fernández del Río, dunha parte e o reverendo abade do convento de Santo Estevo de Ribas de Sil, polos frutos do beneficio de San Juan de Ribela, da cal era reitor e reservatario de dito Juan Fernández del Río. · Provisión de que se lle faga un pago como consecuencia	4 de setembro de 1502 1592

	<p>dun pleito sobre certos diezmos que tivo co reverendo abade e convento de Santo Estevo de Ribas de Sil.</p> <ul style="list-style-type: none"> · Documento sobre a tutela que tiña sobre a persoa e bens de Antonia de Villamarín. · Testamento de Juan de Novoa Villamarín. · Cartas de pago, contas e recibos de Juan de Novoa. · Reclamación dunha dote que lle tiña prometido a Melchor Díaz e a súa muller Ana Mosquera. · Traslado dunha carta de dote outorgada a Juan López de Bamonde e Ana de Villamarín. · Carta de pagamento pola cal Juan de Bamonde recibiu de Fernando Álvarrez de Villamarín, en nome de Juan de Novoa Villamarín, catrocentos trinta ducados que lles faltaban por pagar dos dous mil ducados que debían en concepto de dote polo casamento de Juan con Ana de Villamarín. · Carta de foro outorgada a Juan Rodríguez e outro. · Carta de foro outorgada ao racioneiro Joan Pérez de Morero dunha viña que se di do Maio e da Fonte do Bou. · Petición de contas con pago de todo o tempo que foi tutor de Antonia de Villamarín, por parte do seu marido Pedro Pardo de Villamarín. · Amaño das contas, ante o representante Pedro Fernández de Soto, da tutela de Antonia de Villamarín, quen casou con Pedro Pardo de Villamarín e rematou a súa tutela. · Traslado dunha carta de pago outorgada a Juan López de Bamonde, pola que recibiu seiscentos vinte ducados. 	<p>16 de outubro de 1585.</p> <p>1596</p> <p>1585-1592</p> <p>19 de setembro de 1571</p> <p>28 de setembro de 1581</p> <p>1590</p> <p>9 de agosto de 1576</p> <p>11 de xuño de 1580</p> <p>21 de decembro de 1599</p> <p>1592</p> <p>8 de xullo de 1580</p>
--	---	---

	<ul style="list-style-type: none"> · Carta de poder de Rodrigo de Castro, arcebispo de Sevilla, outorgada a Juan de Novoa como arcediano de Varoncelle, para que pode presentear no seu nome calquera bula e letra apostólica. · Carta de poder outorgada a Andrés Fernández Dacal e Álvaro Méndez. · Requerimento de Juan Novoa, cardenal de Sevilla. · Interrogatorio sobre a persoa de Juan de Nóvoa e a súa posesión da abadía de San Paio de Abeleda. · Concesión de arrendamento e beneficio de Santiago de Villamarín, abade de San Paio de Abeleda, que posuía Suero de Villamarín, para Juan de Noboa Villamarín por unha débeda que tiña Santiago con el. · Carta de poder outorgada a Juan Noboa Villamarín por Bermondo Resta. · Dote entregada por Gil de Amoeiro e Juan de Noboa para o casamento de Susana Enríquez. 	10 de marzo de 1582 1580 1564 s/d 12 de xullo de 1593 1585 1584
--	--	---

É aquí cando retomamos a Sección de Villamarín Sarmiento, formada por Esteban de Villamarín e Antonia Sarmiento de Castro, que teñen por fillos a Juana Villamarín, quen casa con Francisco Feijoo y Navarrete; a Luis Antonio Villamarín y Sarmiento e a Francisca Villamarín e Sarmiento, que fica coma dona da Casa das Eiroas e contrae matrimonio con Gregorio Jacinto Ozores y Castro.

Subsistema Casa das Eiroas			
Sección Villamarín Ozores			
	Subsección Villamarín Ozores	· Documentación xenealóxica da unión das Casas das Eiroas e Villerma.	1786
	Subsección Francisca Villamarín y Sarmiento	· Copia da escritura da transacción dada por Francisca	23 de outubro de 1737

		<p>e a súa irmá Juana Villamarín sobre os bens libres e vinculares do seu irmán Luís Villamarín.</p> <ul style="list-style-type: none"> · Copia dun dictame sobre o pleito ca súa irmá Juana. 	21 de agosto de 1737
	Subsección Gregorio Jacinto Ozores y Castro	<ul style="list-style-type: none"> · Escritura de dote a favor de Juana Villamarín, por Gregorio Jacinto Ozores y Castro. 	15 de febreiro de 1737
	Subsección Antonio Villamarín y Sarmiento	<ul style="list-style-type: none"> · Copias da transacción e sinalamento de alimentos a Antonio Villamarín y Sarmiento. 	8 de maio de 1737
	Subsección Juana Villamarín Sarmiento	<ul style="list-style-type: none"> · Escritura de dote a favor de Juana Villamarín, por Gregorio Jacinto Ozores y Castro. Copias da escritura de transacción outorgada por ella e Francisca Villamarín, sobre os bens libres e vinculares do seu irmán Luís Villamarín. · Copia dun dictame sobre o pleito ca súa irmá Francisca. · Provisión contra deudores e xustificación de pagamento de rendas. 	15 de febreiro de 1737 23 de outubro de 1737 21 de agosto de 1737 14 de outubro de 1748
	Subsección Luís Villamarín Sarmiento	<ul style="list-style-type: none"> · Copia da escritura de transacción que lle outorgan Francisca e Juana Villamarín. · Copia dunha carta de venta do 6 de novembro de 1701, no seu nome e o dos seus irmáns que venderon a Andrés Arias Carnaval, abade de Santa María de Ermosende, unha herданza neste lugar que lles pertencía pola morte de Gregorio de Villamarín. 	23 de outubro de 1737 s/d

Neste seguinte caso, a evolución da Casa das Eiroas tería que seguir en Pedro Joseph de Cea Villamarín y Sarmiento, pero escolleu a vida de celibato, polo que malia ser dono das Casas de Regodeigón, Villerma, Eiroas, Camos, Señor da Casa da Torre, Fortaleza e Coto do Pazo de Treboedo (Iglesias Almeida, E. 2004: 410) testa todos os seus bens na súa irmá María Gregoria de Cea Ozores y Villamarín, á que tomaremos coma axente principal dentro desta Sección Cea García.

Chegados a este punto, tratamos outro dos matrimonios relevantes dentro da evolución xenealóxica, xa que Ignacio Marcelino García Taboada, alcalde na vila de Noia, é un home que tiña adquirido grandes cantidades de bens ao proceder da Casa de Noia e Xallas e ser tamén posuidor do señorío da Faia, en Noia. El casou en primeiras nupcias con María Josefa Vermudez de Torres y Verdugo, quen ao falecer anticipadamente, deixa todo o poder da Casa do Periscal a Ignacio Marcelino, xa que non tiñan fillos en común. Este si que ten descendencia ca súa segunda muller, Señora do Pazo e morgado da Touza en Santa Eulalia de Camos, nacendo froito deste enlace Agustín Taboada Cea, principal herdeiro, e Vizenta, Antonia, Thomasa e Ignacia de Cea y Ozores que casará con Benito María Mosquera Tavares Lira y Pereira (Rodríguez Fernández – Broullón, R., 2003: 71).

Podemos considerar o enlace deste matrimonio coma un dos principais dentro do Sistema de Información Malvar, ao igual que aconteceu co de Esteban Villamarín ou da mesma forma que acontecerá co casamento de Julián Malvar, ao ser enlaces nos que se xunta un patrimonio importante que multiplica a relevancia social dos persoeiros.

Subsistema Casa das Eiroas			
Sección Cea García			
Subsección Cea García			
	Subsección María Gregoria de Cea Ozores y Villamarín	<ul style="list-style-type: none"> · Testemuña expedida por Rafael Rodríguez Quiroga, escribán e encargado do cumplimento das previsións do pleito entre María Gregoria de Cea e Manuel de Cea Ozores, sobre a misión en posesión das casas, lugar e granxa de Vilariño. · Dote para casar con Ignacio Marcelino García Taboada · Doazón á súa filla María Tomasa García Taboada dunha casa na vila de Noia. · Documentos sobre os alimentos que María Josefa Taboada y Tejeda lle tiña que suministrar á súa avoa. · Provisión expedida pola 	1803 1754 1801 1798-1800 1802

		<p>Audiencia de Galicia, para que se cumpla a sentenza dadas no pleito contra Manuel de Cea Villamarín y Sarmiento,sobre a misión en posesión dos bens vinculados.</p> <ul style="list-style-type: none"> · Repudiación que fixo da mitade lexítima da súa filla María Ignacia Taboada. · Relación de descendentes da Casa da Villarma. · Adxudicación por tenencia a María Gregoria dos bens dos Cea. 	1804 s/d 18 de novembro de 1801
	Subsección Ignacio Marcelino García Taboada	<ul style="list-style-type: none"> · Querela criminal dada contra Ramón Paz polo maltrata a un criado de Ignacio Marcelino. · Libreta cobratoria de rendas sobre San Pedro de Xallas · Memorial da renda da Casa de Periscal que se cobra en trigo, diñeiro e servizos. · Contrato de foro de Ignacio Marcelino García Taboada á súa única filla con María Vermúdez de Torres Verdugo, Josefa Vermúdez Verdugo. · Consulta sobre a validez dun foro na casa da Rúa Real da Coruña, nº66. · Testamento de Ignacio Marcelino García. · Partida de defunción de Ignacio Marcelino García <p>Testamento de Benito Martínez de Vila, do que foi testamentario Ignacio Marcelino.</p> <ul style="list-style-type: none"> · Codicilio outorgado por Ignacio Marcelino García · Papeis simples do pleito de partillas con Nicolás de Soto e José de Neira como marido de Gertrudis Vallejo y Castelo sobre bens da Casa do Periscal. · Resolución dun pleito co matrimonio de Ignacio Martínez de Vila e Ángela 	1763 1755 1756 26 de maio de 1759 1759 1789 1790 1780 1780 s/d

		<p>Riobó, sobre unhas fincas sitas no lugar de Monelos. Contínuas cos seus herdeiros.</p> <ul style="list-style-type: none"> · Documentos correspondentes á casa da Coruña, aforada por Ignacio Marcelino García Taboada. · Recibos de reditos de censos e de pensión de créditos particulares · Documentos de pertenza de varios bens. · Memorial da renda da Casa do Periscal. 	s/d s/d s/d s/d
	Subsección Pedro Joseph de Cea y Villamarín	<ul style="list-style-type: none"> · Correspondencia sobre a denuncia con Pinto de Carvalho · Notificación e declaracóns en relación ao pleito que mantén con Alonso Delicado, administrador do Hospital de Santo Espíritu de Baiona sobre unha renda ca granxa de Vilariño. · Copia do arrendamento que lle fixo a Vicente de Prada, da casa e os bens. · Arrendamento que fixo a Blas de Themes. · Rectificación que fixo sobre unha escritura de arrendamento outorgada a Marcelino Somoza Viilamarín, pola que se modifica o prezo do viño que tiña que pagar. No reverso hai unha redención de rendas referidas á escritura. · Copia do despacho con Luís Jacinto de Carseca, testamentario de Diego de Prada, sobre os pagos de bens e facenda que foran dados en arriendo a Diego de Prada. · Documentos sobre o cumplimento mandado nun pleito con Francisco Ventura Fernández de Cesallos, polo préstamo que lle fixo Pedro Joseph de Cea de catrocentos 	1775-1776 1775 10 de setembro de 1747 7 de xullo de 1747 6 de agosto de 1754 2 de decembro de 1751 9 de xullo de 1777

		<p>reais.</p> <ul style="list-style-type: none"> · Documentación xenealóxica da Casa de Noia e San Pedro ca ascendencia de Pedro Joseph de Cea. · Copia da escritura de redención do censo obtida por Pedro José de Cea de mil ducados a favor de Alonso Méndez e Antonio Méndez. · Petición que fixo Pedro José de Cea a José de Larumbre, bispo de Tui, para que dise comisión ao abade da feligresía de San Fiz de Nigrán. · Copia e resumo do pleito pola viña de Vilariño entre Pedro José de Cea e Alonso Delicado, administrador do Hospital de Santo Espíritu de Baiona. · Memorial sobre os cobros da renda de viño na Casa da Villerma realizado por Pedro José de Cea. · Memorial e minuta sobre os obxectos que quedaron na Casa das Eiroas. 	s/d 1785 1746 s/d 1756 20 de agosto de 1742
	Antonio María García Taboada	<ul style="list-style-type: none"> · Información de nobreza recibidas á súa instancia no ano 1786 para entrar coma cabaleiro gardamariña. 	1786

Esta seguinte sección está aloxada dentro do Subsistema da Casa das Eiroas pero ben podería formar parte dalgún outro dos que Agustín Taboada herda, tanto do seu pai coma da súa nai. Neste caso, como dono da Casa das Eiroas, mantense a situación actual, aínda que tamén lle pertencen as outras Casas.

Subsistema Casa das Eiroas			
Sección García Tejeda			
Subsección García Tejeda	· Certificado matrimonial.	1781	
Subsección Agustín Taboada Cea	· Partida de defunción.	1787	
Subsección María del Carmen Tejeda e Andrade	· Alimentos sinalados por Julián Malvar e a súa esposa	1813	

		María Josefa Taboada y Tejeda para suministrar á súa nai María del Carmen Tejeda.	
	Subsección María Vicenta Taboada y Cea	<ul style="list-style-type: none"> · Capitulacións para contraer matrimonio con José María Reinoso Puga. · Certificación sobre a dote. 	1780 1785
	José María Reinoso Puga	<ul style="list-style-type: none"> · Capitulacións matrimoniais con María Vicenta Taboada y Cea. · Recibos ao seu favor, de entre os anos 1782 e 1784. · Provisión sobre a disputa con Julián Malvar. · Relación de viño blanco que se cobrou na Casa das Eiroas. · Relación de deudores dos arrendamentos. · Recibos de contribución e portas do lugar da Moura. · Recibos de misas de fundacións e contribucións en Ambroa. · Recibos de contribucións de Elviña. · Recibos de contribucións e dereitos de portas do lugar de Montes. · Recibos de contribucións en Monelos. · Recibos de contribucións de Carral. · Recibos de contribucións e dereitos de portas de Monelos. 	1780 1782-1784 11 de outubro de 1804 27 de xullo de 1841 1836 1841 – 1858 1841 – 1858 1841 – 1858 1841 - 1858 1841 – 1858 1841 – 1858 1841 - 1858
	María Ignacia García Taboada	<ul style="list-style-type: none"> · Repudiación que fixo María Gregoria de Cea Ozores da metade da lexítima da súa filla. · Capitulacións e dote para o seu casamento con Benito María Mosquera y Lira. · Dote para o seu casamento con Benito Mosquera. 	1804 1803 1797
	María Tomasa García Taboada	<ul style="list-style-type: none"> · Doazón que lle fixo María Gregoria de Cea dunha casa en Noia. 	1801

Nesta próxima sección acontece o mesmo, xa que se trata da unión de todas as Casas das

que falamos nos Subsistemas anteriores e personificadas no poder de Josefa García Taboada e Texeda, con Julián Malvar, personaxe simbólico da Familia Malvar, da Casa de Salcedo.

Subsistema Casa das Eiroas			
Sección García Malvar			
Subsección García Malvar	Ver Subsistema Casa de Salcedo		
Subsección María Josefa Taboada	Ver Sección Malvar Taboada no Subsistema da Casa de Salcedo		
Subsección Julián Malvar			

Retomamos, polo tanto, o asunto pendente de representar a Casa de Noia e Xallas e a Casa de Periscal que viñan asociadas a Ignacio Marcelino García Taboada, avó da muller de Julián Malvar. Así mesmo, hai que facer o mesmo ca Casa de Salcedo da familia Malvar.

A Casa de Noia e San Pedro de Xallas forma parte do Concello de Negreira e do partido xudicial de Noia. Dito Concello está na provincia de A Coruña, a noventa e cinco quilómetros ao sur da capital provincial e a escasos vintetres quilómetros ao oeste de Santiago de Compostela.

Remontámonos, dende Ignacio Marcelino García Taboada, ata cinco xeracións, chegando á presente Sección García Vázquez como ben podemos apreciar tanto na documentación do Arquivo da Deputación de Pontevedra coma no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.

Subsistema Casa de Noia e Xallas			
Sección García Vázquez			
Subsección García Vázquez			
Subsección Gregorio García	· Testamento de Gregorio de Xallas. · Doazón ao seu fillo Francisco García	1614 1609	
Subsección María Vázquez			

Subsistema Casa de Noia e Xallas			
Sección García Alonso			
Subsección García Alonso			

	Subsección Gregorio García	· Apuntamentos do testamento de Gregorio García e cláusulas relativas ao Petronato do curato de Xallas.	1647
	Subsección Cathalina Alonso de Caamaño	· Testamento e vínculo.	1646

Do anterior matrimonio descenden tres fillos, o propio Juan, Francisco de Villar, cura en Vilacoba; e Alberto García, cura en San Pedro de Xallas. Á súa vez, do matrimonio de Juan García e Cathalina de Lourido descenden novamente tres homes, Gregorio García de Villar, Domingo García de Villar e Joseph García de Villar, herdeiro da Casa de Noia e Xallas quen casa en primeiras nupcias con Mariana de Lema y Carantoña, sen descendencia, e de segundas con Margarita Taboada y Ulloa, con quen enxendra ao seu herdeiro, Thiburcio Fausto García Taboada que nace na vila de Noia en 1690.

Subsistema Casa de Noia e Xallas			
	Sección García Lourido		
	Subsección García Lourido		
	Subsección Juan García de Villar y Baqueixo		
	Subsección Cathalina de Lourido y Castro	· Dote para casar con Juan García e doazón que lle fan os seus irmán Francisco e Alberte García.	1624
	Subsección Francisco García de Villar	· Doazón que recibe do seu pai, Gregorio de Xallas, para a súa cóngrua. · Codicilio do licenciado Francisco García, cura de Vilacoba.	1609 1664
	Subsección Alberto García	· Codicilio do comisario Alberto García, cura de San Pedro de Xallas.	1649

Coma xa indicamos, Jospeh García de Villar casa dúas veces, sendo Mariana Álvarez a súa primeira muller, da que non obtén descendencia. Para o caso da súa segunda muller, Margarita Taboada y Ulloa, crearemos unha segunda sección na que asociemos a documentación relativa a ela.

Subsistema Casa de Noia e Xallas	

	Sección García Álvarez		
	Subsección García Álvarez		
	Subsección Joseph García de Villar	<ul style="list-style-type: none"> · Partilla dos bens gananciais de José García Villar e da súa prima Mariana Álvarez Carantoña. · Testamento con memorial dos bens adquiridos en 1699. · Agregación vincular 	1697 1699 1696
	Subsección Mariana Álvarez de Carantoña	<ul style="list-style-type: none"> · Dote para casar con José García Villar. · Recibos dos funerais. 	1672 1687
	Subsección Lic. Domingo de Villar	<ul style="list-style-type: none"> · Testamento do licenciado Domingo Villar, cura de Xallas. 	1698

E ca súa segunda muller, Margarita Taboada y Ulloa, quen será con quen conciba a descendencia para esta Casa de Noia e Xallas:

Subsistema Casa de Noia e Xallas			
	Sección García Taboada		
	Subsección García Taboada	<ul style="list-style-type: none"> · Inventario dos bens mobles e papeis fincables do matrimonio e Domingo García Villar. 	1699
	Subsección Joseph García de Villar	Ver sección García Álvarez	
	Subsección Margarita Taboada y Ulloa	<ul style="list-style-type: none"> · Dote para casar con José García de Villar. 	1689

Como xa comentamos anteriormente, a finais do século XVII nace Thiburcio Fausto García Taboada, único descendente que coñecemos para Joseph García de Villar. Thiburcio casa con Micaela Saavedra Cuerbo de Quirós e ambos os dous serán os pais de Ignacio Marcelino García Taboada de quen xa falamos ao estudar a documentación asociada para a súa segunda muller, María Gregoria de Cea y Ozores, quen aporta boa parte do grosso documental ao, xa de por sí, voluminoso arquivo de Ignacio Marcelino.

Subsistema Casa de Noia e Xallas			
	Sección García Saavedra		
	Subsección García Saavedra		

	Subsección Thiburcio Fausto García Taboada	· Testamento de Thiburcio Fausto García Taboada.	1744
	Subsección Micaela Saavedra Cuerbo de Quirós		

Retomamos novamente a Ignacio Marcelino García Taboada, quen conforma tamén unha Sección anterior con María Gregoria de Cea y Ozores, a súa segunda muller e ca que sí que ten descendencia. Neste caso, recollemos unha sección ca súa primeira muller por existir unhas capitulacións matrimoniais que protagonizan os dous.

Subsistema Casa de Noia e Xallas			
Sección García Vermúdez			
Subsección García Vermúdez	· Capitulacións matrimoniais.	1744	
Subsección Ignacio Marcelino García Taboada	Ver Sección Cea García		
Subsección María Josefa Vermúdez de Torres y Verdugo			

A Casa do Persical está situada na parroquia de San Pedro de Xallas, tamén no Concello de Negreira, pertecente á provincia da Coruña.

No relativo a esta Casa, aínda que a documentación xenealóxica é máis abundante que para o resto, non existe documentación asociada para boa parte dos ascendentes desta liñaxe. É por iso que só conseguimos asociar documentación a tres seccións, que corresponden ás xeracións más modernas, abarcando dende a primeira muller de Ignacio Marcelino García Taboada, de quen recibe a titularidade da Casa, ata os avós da mesma.

Subsistema Casa de Periscal			
Sección Vermúdez de Soto			
Subsección Vermúdez de Soto			
Subsección Antonio Vermúdez de Moscoso	· Copia simple do testamento e a mellora vincular, con explicación xenealóxica.	26 de outubro de 1690	
Subsección Josefa Antonia de Soto	· Copia do testamento de Josefa Antonia de Soto · Partillas da herdanza de Domingo de Soto entre os seus fillos, Diego e Josefa de Soto.	1715 1763-1768	

	<p>390-198-19</p> <ul style="list-style-type: none"> · Testamento e mellora vincular de Josefa de Soto · Partilla dos bens do matrimonio con Antonio Castelo Bermúdez de Moscoso. 	s/d	26 de maio de 1759
--	---	-----	--------------------

Subsistema Casa de Periscal			
Sección Vermúdez de Torres			
Subsección Vermúdez de Torres			
Subsección Joseph Vermúdez Moscoso			
Subsección Bárbara de Torres Verdugo			
Subsección Antonio Vermúdez Moscoso y Soto	· Testamento de Antonio Vermúdez Moscoso y Soto	1738	
Subsección Manuel Vermúdez Moscoso	· Recibos de reditos de censos e de pensión de créditos particulares	s/d	

Subsistema Casa de Periscal			
Sección Vermúdez García			
Subsección Vermúdez García			
Subsección María Josefa Vermúdez de Torres y Verdugo			
Subsección Ignacio Marcelino García Taboada	Ver Sección Cea García		

A Casa de Toiriz está situada no territorio da parroquia de Toiriz, no Concello de Pantón, pertencente á provincia de Lugo e ao partido xudicial de Monforte. Atópase a sesenta e cinco quilómetros ao sur da capital provincial e a cincuenta ao noreste da cidade de Ourense.

Esta Casa enlaza ca Familia Malvar a través do casamento de Jerónimo Malvar, fillo de Julián Malvar e María Josefa Taboada. El é o segundo marido de María del Carmen de la Maza e Quiroga, quen casara primeiramente co herdeiro desta Casa de Toiriz, Francisco Javier Troncoso de Lira e Garza.

O curioso desta agrupación documental é que se trata da única Casa que acopla a súa información de xeito posterior á unión dos Malvar co resto de liñaxes que acabamos de tratar. Do mesmo modo, non existe documentación datada para as xeracións vindeiras, polo que este núcleo documental debeu de ser dos últimos en ser incorporados.

Sobre isto, podemos establecer que será unha persoa desta época a que organice a documentación segundo a súa procedencia, xa que tamén inclúe a clasificación desta Casa de Toiriz. A miña proposta ao respecto é que quen organiza o arquivo familiar desta volta é Ramón Cervela, esposo de María dos Desamparados Malvar, avogado e administrador dos bens que deixou Julián Malvar. Isto explicaría tamén o seu peso na documentación, xa que para ser un axente externo, que entra na familia polo casamento cunha filla de Julián Malvar, deixa bastante documentación producida por el para o Sistema de Información.

Trátase dun Subsistema con bastante riqueza documental e abundancia de datos para un período de gran amplitud. Encontramos entre os seus documentos diferentes descripcións xenalóxicas que facilitan a división documental seguindo as diferentes seccións que conformamos, a raíz dos casamentos que houbo nesta Casa.

Supонse que é Fray García de Quiroga quen funda vínculo nesta Casa no século XVIII, polo cal litigaban Manuel Mariano Quiroga e Andrés Ventura Quiroga en 1736, segundo apreciamos na documentación desta Casa.

Subsistema Casa de Toiriz			
Sección Camba López			
Subsección Camba López			
Subsección Fernando Camba y Quiroga	· Real Provisión solicitada por Alonso Díaz para corroborar que Fernando Camba non era pobre.	1604	
Subsección María López			
Subsección Fray García de Quiroga	· Testamento ao seu sobriño Álvaro Taboada. · Vinculo fundado por Fray García de Quiroga.	s/d s/d	

Fernando Camba y Quiroga é fillo de Pedro Garza de Castrillón e Emilia Vázquez Quiroga, quenes teñen tamén a Julio Garza, Fray García de Quiroga, Gonzalo de Quiroga, Diego de Quiroga

e Leonor Álvarez. Do seu matrimonio con María López, de Sober, nacen sete fillos, sendo Álvaro Garza de Taboada e Quiroga quen continua ca liña dinástica.

Para esta xeración non temos ningún tipo de documentación, pero si para a do seu fillo, que casa con Juana Díaz de Gutián y Cadórniga.

Subsistema Casa de Toiriz			
Sección Quiroga Díaz			
Subsección Quiroga Díaz			
	Subsección García de Quiroga y Taboada	<ul style="list-style-type: none"> · Querela contra Álvaro Sánchez de Orozco por propasarse co uso dos bens que lle correspondían aos fillos de Gregorio Sánchez da Somoza e María Losada. · Relación do pleito con Carlos de Valcarcel polos excesos cometidos polo escribán Domingo Vázquez. · Copia simple do testamento. · Autos de misión en posesión dos bens do vínculo fincables á súa morte, promovido por Baltasar de Sarmiento Somoza. · Real Provisión para a compulsa do pleito con Andrés de Valcarce. · Real Provisión dada a pedimento seu para que o escribán Domingo Vázquez devolvese o exceso das taxas pola venta de certa xurisdicción e vasalaxe. 	1583 1661-1684 1596 1670 1702 9 de agosto de 1661
	Subsección Juana Díaz de Gutián y Cadorniga	<ul style="list-style-type: none"> · Consentimento para que Antonio Díaz, marido da súa filla Catalina Díaz, puidese cobrar a herdanza da súa filla. 	1613
	Subsección Catalina Osorio	<ul style="list-style-type: none"> · Poder que lle outorgaron xunto a Nuño Álvarez de Rubián, Diego de Páramo e outras persoas para o cobro de rendas en nome de Álvaro Díaz de Gutián, Señor de San Sadurniño. 	1549

Tampouco temos documentación para a Sección de Francisco Garza de Quiroga y Taboada, que casa con María Osorio de Castro; nin para García Quiroga y Taboada, que casa con María Rapaela Troncoso Villamarín.

Isto cambia con Diego Garza de Quiroga, quen casa catro veces, con María Rosa Corvera y Espinosa, con Beatriz de Arias, con María Beatriz Pardo Ribadeneira e con Josefa Arias Mantilla. Será, polo que podemos ver na documentación, con María Beatriz Pardo Ribadeneira con quen teña descendencia e continúe a liñaxe.

Subsistema Casa de Toiriz			
Sección Quiroga Pardo			
Subsección Quiroga Pardo			
	Subsección Diego de Quiroga	<ul style="list-style-type: none"> · Bens do vínculo fincable dos que toma posesión do seu pai, García de Quiroga. · Concordia que outorga como apoderado de Catalina de Quiroga, con Antonio González de Sobrado e Domingo González, viúva de Juan da Cal, como herdeiros de Pedro de la Iglesia. · Real Provisión dada ao seu pedimento paraemplazar ás partes con quen tiña pleitos pendentes na Real Audiencia da Coruña. · Concordia con Andrés de Valcarce pola disputa cos bens do lugar de Pacios. · Memorial das rendas da Casa de Santantuiño. · Real Provisión para cumplimentar o mandado contra José Florines, Juan Somoza e Alonso de Losada, no pleito con Carlos Valcarce. · Testamento de Diego de Quiroga. · Convenio co seu fillo Ignacio, para reformar unha escritura de cesión outorgada en 1721. · Copia simple do convenio co síndico do convento de San 	1728 1641 1710 1707 1676-1684 1703 1722 1722 1717

		<p>Antonio de Monforte con Diego de Quiroga y Taboada e Manuel Antonio Valcarce y Somoza, polo que se apartaron do pleito contra o impago de rendas por parte do convento.</p> <ul style="list-style-type: none"> · Memorial do cobro de rendas da Casa de Villasante. · Memorial de cobros para as rendas da Casa de Villasante, Tuyriz, Abuyme e a Bastida. · Concordia con Baltasar de Quiroga e a súa muller Isabel de Ulloa dos bens do vínculo de García de Quiroga en 1677. Copia de 1702. 	1700
	Subsección Benita Pardo Ribadeneira		1701

Subsistema Casa de Toiriz			
	Sección Quiroga Aldao		
	Subsección Quiroga Aldao		
	Subsección Ignacio Garza de Quiroga	<ul style="list-style-type: none"> · Real Provisión ao seu pedimento para compulsar a real executoria pola que se lle mandou dar posesión do vínculo fundado por García de Quiroga. · Poder outorgado ao seu fillo Manuel. · Copia simple da escritura de concordia feita con Matías e Pedro de Quiroga, afastándose do pleito sobre alimentos e cumprimento da escritura do seu pai. · Testemuña en relación ao pedimento da Real Carta executoria da que consta o litixio contra José Francisco Quiroga, sobre o vínculo fundado por Fr. García de Quiroga. · Dúas copias do memorial do pleito polo vínculo fundado por Frai García de Quiroga. 	1725
	Subsección María Sebariana de		
			1729
			1730
			1728
			s/d

	Aldao		
	Subsección Andrés de Quiroga	<ul style="list-style-type: none"> · Copia simple da pretensión solicitada de non levarse a efecto nos bens e rendas herdados do seu pai da Casa e Coto de Toiriz, a consigna de alimentos feita por Ignacio de Quiroga. · Memorial axustado do pleito con Manuel Mariano Quiroga sobre a misión en posesión dos bens do vínculo fundado por Fr. García de Quiroga. · Concordia sobre os bens entre Manuel Mariano Quiroga e outros irmáns. · Extracto dos instrumentos producidos no pleito contra Manuel Mariano de Quiroga e Francisco Antonio Troncoso sobre a posesión do vinculo e morgado fundado por F. García de Quiroga. · Copia simple da escritura de concordia do pleito contra Manuel Mariano de Quiroga y Taboada sobre os bens fincables de Diego de Quiroga. · Real Provisión dada a petición de Manuel Garza y Quiroga para dar conformidade ao seu favor no pleito que se disputou con Andrés Ventura Quiroga y Taboada e Jerónimo Ribadeneira. 	1730
		<ul style="list-style-type: none"> · Memorial axustado do pleito con Manuel Mariano Quiroga sobre a misión en posesión dos bens do vínculo fundado por Fr. García de Quiroga. · Concordia sobre os bens entre Manuel Mariano Quiroga e outros irmáns. · Extracto dos instrumentos producidos no pleito contra Manuel Mariano de Quiroga e Francisco Antonio Troncoso sobre a posesión do vinculo e morgado fundado por F. García de Quiroga. · Copia simple da escritura de concordia do pleito contra Manuel Mariano de Quiroga y Taboada sobre os bens fincables de Diego de Quiroga. · Real Provisión dada a petición de Manuel Garza y Quiroga para dar conformidade ao seu favor no pleito que se disputou con Andrés Ventura Quiroga y Taboada e Jerónimo Ribadeneira. 	1736
		<ul style="list-style-type: none"> · Memorial axustado do pleito con Manuel Mariano Quiroga sobre a misión en posesión dos bens do vínculo fundado por Fr. García de Quiroga. · Concordia sobre os bens entre Manuel Mariano Quiroga e outros irmáns. · Extracto dos instrumentos producidos no pleito contra Manuel Mariano de Quiroga e Francisco Antonio Troncoso sobre a posesión do vinculo e morgado fundado por F. García de Quiroga. · Copia simple da escritura de concordia do pleito contra Manuel Mariano de Quiroga y Taboada sobre os bens fincables de Diego de Quiroga. · Real Provisión dada a petición de Manuel Garza y Quiroga para dar conformidade ao seu favor no pleito que se disputou con Andrés Ventura Quiroga y Taboada e Jerónimo Ribadeneira. 	3 de agosto de 1741
		<ul style="list-style-type: none"> · Memorial axustado do pleito con Manuel Mariano Quiroga sobre a misión en posesión dos bens do vínculo fundado por Fr. García de Quiroga. · Concordia sobre os bens entre Manuel Mariano Quiroga e outros irmáns. · Extracto dos instrumentos producidos no pleito contra Manuel Mariano de Quiroga e Francisco Antonio Troncoso sobre a posesión do vinculo e morgado fundado por F. García de Quiroga. · Copia simple da escritura de concordia do pleito contra Manuel Mariano de Quiroga y Taboada sobre os bens fincables de Diego de Quiroga. · Real Provisión dada a petición de Manuel Garza y Quiroga para dar conformidade ao seu favor no pleito que se disputou con Andrés Ventura Quiroga y Taboada e Jerónimo Ribadeneira. 	s/d
		<ul style="list-style-type: none"> · Memorial axustado do pleito con Manuel Mariano Quiroga sobre a misión en posesión dos bens do vínculo fundado por Fr. García de Quiroga. · Concordia sobre os bens entre Manuel Mariano Quiroga e outros irmáns. · Extracto dos instrumentos producidos no pleito contra Manuel Mariano de Quiroga e Francisco Antonio Troncoso sobre a posesión do vinculo e morgado fundado por F. García de Quiroga. · Copia simple da escritura de concordia do pleito contra Manuel Mariano de Quiroga y Taboada sobre os bens fincables de Diego de Quiroga. · Real Provisión dada a petición de Manuel Garza y Quiroga para dar conformidade ao seu favor no pleito que se disputou con Andrés Ventura Quiroga y Taboada e Jerónimo Ribadeneira. 	1741
		<ul style="list-style-type: none"> · Memorial axustado do pleito con Manuel Mariano Quiroga sobre a misión en posesión dos bens do vínculo fundado por Fr. García de Quiroga. · Concordia sobre os bens entre Manuel Mariano Quiroga e outros irmáns. · Extracto dos instrumentos producidos no pleito contra Manuel Mariano de Quiroga e Francisco Antonio Troncoso sobre a posesión do vinculo e morgado fundado por F. García de Quiroga. · Copia simple da escritura de concordia do pleito contra Manuel Mariano de Quiroga y Taboada sobre os bens fincables de Diego de Quiroga. · Real Provisión dada a petición de Manuel Garza y Quiroga para dar conformidade ao seu favor no pleito que se disputou con Andrés Ventura Quiroga y Taboada e Jerónimo Ribadeneira. 	7 de agosto de 1762

O matrimonio de Ignacio Garza de Quiroga e Sebariana de Aldao ten unha filla, María Josefa Garza y Quiroga, e dous fillos, José Francisco, que casa con Rosa de Losada y Villegas, e Manuel Mariano Garza y Quiroga, que será quen continúe ca liña dinástica ao casar con Rosalía de Oya y Miranda de Ribadeneira.

Subsistema Casa de Toiriz			
Sección Garza Oya			
Subsección Garza Oya			
Subsección Mariano Garza Quiroga	· Memorial do pleito con		1736

	<p>Andrés Ventura Quiroga sobre a misión en posesión que o primeiro pedía dos bens do vínculo fundado por Frai García de Quiroga.</p> <ul style="list-style-type: none"> · Concordia sobre os bens entre Andrés Ventura Quiroga e outros irmáns. · Documentación xenealóxica e papeis de nobreza. · Extracto dos instrumentos producidos no pleito de Manuel Mariano de Quiroga e Francisco Antonio Troncoso contra Andrés Ventura de Quiroga e outros, sobre a posesión do vínculo e o morgado fundado por Frai García de Quiroga. · Copia simple da escritura de concordia do pleito con Andrés Ventura y Quiroga e os seus irmáns, sobre os bens fincables de Diego de Quiroga. · Real provisión dada a petición súa para dar conformidade ao auto no pleito que disputou con Andrés Ventura Quiroga y Taboada e Gerónimo Ribadeneira. · Fundación e dotación dunha misa no día de Nadal para os sucesores na Casa de Santo Antonio na Capela das Ermidas do que era cofrade. Copia de 29 de xullo de 1805. · Testemuña da carta executoria do cumplimento da sentenza pola que se lle mandou dar a misión en posesión insolidum dos lugares de Toiriz e demais bens do vínculo fundado por Frai García de Quiroga, con sentenza que recae no pleito que seguiu con Andrés Ventura Quiroga e outros. 	<p>3 de agosto de 1741</p> <p>s/d</p> <p>s/d</p> <p>1741</p> <p>7 de agosto de 1762</p> <p>1771</p> <p>1777</p>
	Subsección Rosalía Oya Miranda y Cea	

	Subsección Antonio Michael de Aldao	· Relación de manifestos de Michael de Aldao no morgado de Pontevedra, xunto co de Antonio Michael Quiroga da Casa e Torre de Santo Antoiño de Toiriz e de Michael Garza y Quiroga do vínculo de Ribeiro de Avia.	1836-1846
--	-------------------------------------	---	-----------

Deste anterior matrimonio coñecemos que tiveron polo menos tres fillos, Antonio Miguel Garza y Quiroga, Cayetano Garza y Quiroga Oya de Miranda e María Josepha Garza Quiroga y Oya, que casará con Pablo Troncoso de Lira y Sotomayor.

Subsistema Casa de Toiriz			
	Sección Garza Troncoso		
	Subsección Garza Troncoso		
	Subsección Josepha Garza Quiroga	<ul style="list-style-type: none"> · Carta de pagamento a Cayetana de Pazos de Probén. · Certificación do Recetor Pedro Ignacio Ozores que entendeu na Real Provisión librada para darrle a María Josefa Garza Quiroga a posesión da Casa e Torre de San Antoyño, e bens do seu vínculo, que recaeu pola morte do seu irmán Antonio Michael. · Testemuño librado no pleito con Cayetana Pazos de Proben e o seu fillo Cayetano sobre a posesión dos bens de vínculo que posuía Antonio Miguel Garza y Quiroga. 	3 de febreiro de 1791 4 de febreiro de 1801 1801
	Subsección Pablo Troncoso de Lira		
	Antonio Michael de Garza Quiroga	<ul style="list-style-type: none"> · Relación de manifestos de Michael de Garza y Quiroga para o vínculo de Ribeira de Avia, co de Antonio Michael Quiroga da Casa e Torre de Santo Antoiño de Toiriz e o de Michael de Aldao do morgado de Pontevedra. · Real Provisión dada a pedimento de Francisco Losada y Quiroga, para cumprimento do auto inserto 	1836-1846 11 de setembro de 1787

		polo cal se mandou que Antonio Micael Garza y Quiroga pagase a cantidade de 9980 reais que lle debía do préstamo.	
	Caetano de Garza y Quiroga	· Carta executoria sobre o vínculo fundado por Fr. García Quiroga. Memorial dos bens da Casa e Torre de Santo Antoiño.	1806

Este último matrimonio ca familia Troncoso de Lira ten por descendencia última a Francisco Javier Troncoso de Lira y Garza, que será o primeiro marido de María del Carmen de la Maza e Quiroga que casará en segundas nupcias con Jerónimo Malvar e Taboada, rematando deste modo todo o fondo que acabamos de comentar nas posesións dos Malvar.

Subsistema Casa de Toiriz			
	Sección Troncoso de la Maza		
	Subsección Troncoso de la Maza		
	Subsección Francisco Javier Troncoso de Lira Garza		
	Subsección María del Carmen de la Maza y Quiroga	· Tasación dos bens raíces e rendas, accións e outros dereitos que ten a seu favor a Casa da Torre, da parroquia de Toiriz.	29 de marzo de 1849

O chamado Palacete de Salcedo, corresponde co pazo da Carballeira de Gandarón en San Martiño de Salcedo, ás aforas da vila de Pontevedra. Malia que desta familia podemos chegar a presentar unha árbores completa da súas descendencia dos últimos tres séculos non todos eles teñen documentación asociada. Dáse a casualidade que só os membros máis destacados nas actuacións sociais ven repercutida a súa pegada nos papeis que ainda se conservan.

É por iso que o documento máis antigo que nos atopamos referente a esta Casa é un do propio Sebastián Malvar, arcebispo de Santiago dende 1784, pertencente á Orde de San Francisco, dende que se ordenou o 5 de marzo de 1747, e bispo de Bos Aires en 1778. Como explica Francisco José Santiago Crespo (Santiago Crespo, 1956:159) foi promovido para a diócese compostelana en 1783. Posuidor dos graos maiores e da Cátedra Prima na Sagrada Teoloxía na Universidade de Salamanaca e cabaleiro da Gran Cruz da Orde de Carlos III. É a súa nai quen funda o vínculo desta

Casa o 1 de marzo de 1790 xunto ao seu neto Pedro Acuña Malvar, Dignidade Maestrescuela da Catedral de Santiago de Compostela, cabaleiro pensionado da Orde de Carlos III, sumiller de cortina do Rei, gobernador ou, entre outros cargos, vicario xeral da diócese e cidade de Santiago de Compostela. Sebastián Malvar faleceu o 25 de novembro de 1795 e o seu corazón foi enterrado en San Martín de Salcedo, onde atopamos as súas armas, mentres que o seu corpo está sepultado na Catedral de Santiago de Compostela.

De forma anecdótica, resaltaremos da súa biografía a explicación de por que é coñecido coma o “arcebispo construtor”. O Arcebispo Malvar, ao voltar de Bos Aires a Compostela, entra por Cádiz cunha gran cantidade de ouro sen rexistrar. Acorda finalmente ca administración invertilo en Galicia, a súa terra natal, onde crea o chamado “Real Plantío”, co camiño entre a Ponte Sampaio (Pontevedra) e Santiago de Compostela. (Ordás, 2007: 183).

Subsistema Casa de Salcedo			
	Sección Malvar González		
	Subsección Malvar González		
	Subsección Lorenzo Malvar Pinto		
	Subsección Bernarda González		
	Subsección Sebastián Malvar Pinto	· Concesión da introdución á clerecía nas ordes menores a Melchor Andrés Troncoso.	1791

A seguinte xeración ca que podemos construír unha Sección neste cadro orgánico é a pertencente a Julián Malvar e Josefa Taboada.

Julián Malvar y Pinto foi bautizado o 6 de setembro de 1780 en San Martín de Salcedo (Santiago Crespo, 1956: 161) e, entre outras actividades, foi paxe do Rei, encargado da 2º compañía do terceiro batallón do Rexemento de Infantería de Soria do cal aparece como Capitán e Teniente Coronel agregado a Pontevedra en 1802 ou lider da Partida de Milicias de Pontevedra en 1808. Loitou en diferentes campañas contra os franceses (Ponte Sampaio en 1809, na toma de Valmaseda, no ataque e toma de Santiago en 1809 ou na batalla de Espinosa de los Monteros). Senador e deputado pola provincia de A Coruña en 1837. Como nota anecdótica da súa biografía, temos que explicar que perdeu cerca de oito millóns de reais na Sociedade dos Cinco Gremios de Madrid.

Morreu sen testar, na vila de Noia, polo que existe abundante documentación dos litixios posteriores á súa morte.

Subsistema Casa de Salcedo			
Sección Malvar Taboada			
Subsección Malvar Taboada	<ul style="list-style-type: none"> · Partida de casamento. · Testamentaria dos señores de Malvar. · Alimentos sinalados para suministrar a María del Carmen Tejeda. 	1802 1860 1813	
Subsección Julián Malvar	<p>1 Serie de correspondencia enviada Cartas a Miguel Saenz Colmenares (2) Carta a Leonardo Fernández</p> <p>1 Serie de correspondencia recibida Carta de Agustín Vila Carta de Alejo García Carta de Alonso López Carta de Alonso Suárez Carta de Andrés Alonso Carta de Andrés Ferro (12) Carta de Andrés Manerro Carta de Andrés Piñeiro Carta de Antonio Arrom Carta de Antonio de Dios Blanco Carta de Antonio Juan González (13) Carta de Antonio Lopera Carta de Antonio Montenegro Carta de Antonio Pardo Carta de Augusto García Carta de B. De Dios Blanco Carta de Bernardino Malvar (9) Carta de Diego de Paradela (12) Carta de Diego González (2) Carta de Diego Ignacio de Cartaos Carta de Elisio V. Abraldes Carta de Enrique Feixo (7) Carta de Francisco Carta de Francisco Álamo Morales Carta de Francisco Antonio Crespo (2) Carta de Francisco González Riobó Carta de Francisco Isidoro Acuña Carta de Francisco María Pino (8) Carta de Fray Felix García Carta de Gabriel González Carta de Gabriel Luís González (2) Carta de Jerónimo Malvar (4) Carta de Gregorio Antonio León </p>	1813 – 1840 1812 - 1866	

	<p>Carta de Gregorio López de Leis (3)</p> <p>Carta de Gregorio Pensado</p> <p>Carta de Jacobo Álvarez de la Peña (2)</p> <p>Carta de Jacobo María Varela</p> <p>Carta de Joaquín González de Seixas</p> <p>Carta de José Amarillas</p> <p>Carta de José Andrés García</p> <p>Carta de José Benito Iglesias Pereira (57)</p> <p>Carta de José Calderón</p> <p>Carta de José de la Encina (46)</p> <p>Carta de José García Carreño</p> <p>Carta de José González</p> <p>Carta de José María Torrado</p> <p>Carta de José Moscoso (2)</p> <p>Carta de José Ozores</p> <p>Carta de José Pérez Novas</p> <p>Carta de José Ramón Franco</p> <p>Carta de José Ramón Rodríguez</p> <p>Estanción</p> <p>Carta de José Ramón Ruíz (4)</p> <p>Carta de José Vázquez (6)</p> <p>Carta de Josef Agustín García (8)</p> <p>Carta de Josef Álvarez (3)</p> <p>Carta de Josef Álvarez (3)</p> <p>Carta de Josef Antonio de Lago, abade de Camos (77)</p> <p>Carta de Josef Benito Gayoso</p> <p>Carta de Josef de Viñas García (3)</p> <p>Carta de Josef Iglesias (3)</p> <p>Carta de Josef Jacobo Vermúdez</p> <p>Carta de Josef Luís Vázquez Carrasco (11)</p> <p>Carta de Josep Flores (2)</p> <p>Carta de Juan Benito Fernández</p> <p>Carta de Juan García Moldes</p> <p>Carta de Juan Manuel Vázquez</p> <p>Carta de Juan María Devesa y Rey (2)</p> <p>Carta de Julián de Barcenilla</p> <p>Carta de Leonardo Bermúdez (58)</p> <p>Carta de Leonardo Fernández</p> <p>Carta de Luis</p> <p>Carta de Luis Camino</p> <p>Carta de Luis de la Fuente</p> <p>Carta de Manuel Antonio Raña</p> <p>Carta de Manuel Armero (47)</p> <p>Carta de Manuela García</p> <p>Carta de Marcos Martínez</p> <p>Carta de Marqués de Piedrasblancas</p> <p>Carta de Marquesa de Villaverde</p>	
--	--	--

	<p>Carta de Melchor María González (4)</p> <p>Carta de Miguel Arcay (60)</p> <p>Carta de Miguel Arias</p> <p>Carta de Miguel Pardo y Bazán</p> <p>Carta de Miguel Saenz Colmenares (6)</p> <p>Carta de Nicolás Cao y Cerdido</p> <p>Carta de Nicolás de la Riva Barros (2)</p> <p>Carta de Nicolás González Fuertes (38)</p> <p>Carta de Oddi y Aguilar (28)</p> <p>Carta de Pasqual de Olla (2)</p> <p>Carta de Paulino Sonzano y Soria</p> <p>Carta de Pedro Antonio García</p> <p>Carta de Pedro Benito Garrido</p> <p>Carta de Pedro de Laya</p> <p>Carta de Pedro Duro (5)</p> <p>Carta de Pedro García de Villar</p> <p>Carta de Ramón Cervela</p> <p>Carta de Ramón de Castro</p> <p>Carta de Ramón Mariñas (2)</p> <p>Carta de Roque del Agra</p> <p>Carta de Ruperto Otero</p> <p>Carta de Salvador Manuel Rodríguez (3)</p> <p>Carta de Santiago Malvar (10)</p> <p>Carta de Tomás Iglesias (11)</p> <p>Carta de Vicente</p> <p>Carta de Vicente Álvarez (2)</p> <p>Carta de Vicente Caballero (30)</p> <p>Carta de Vicente Fociños</p> <p>Carta de Vicente García</p> <p>Carta de Vicente Leal (5)</p> <p>Carta de Vicente María Reinoso y Taboada (5)</p> <p>Carta de Victoriano María Gálvez</p> <p>· Conta de Leonardo Fernández a Julián Malvar.</p> <p>· Razón de gastos de Julián Malvar nun pleito na Coruña.</p> <p>· Escritura de poder dado a José Iglesias y Rosal e Juana del Rosal.</p> <p>· Oito recibos de contribución de bens inmobles, cultivo e gandería do Concello de Brión a Julián Malvar.</p> <p>· Resultados da venta de gran.</p> <p>· Provisión da Chancellería de Valladolid e do escribán Rui Fernández para o cumprimento dunha transacción outorgada por el mismo e os herdeiros de Jose María Reinoso, sobre a nulidade do foro que María Gregoria de Cea y</p>	<p>19 de febreiro de 1864</p> <p>27 de febreiro de 1857</p> <p>15 de decembro de 1840</p> <p>1856</p> <p>1856</p> <p>14 de abril de 1819</p>
--	--	--

		<p>Ozores fixera a favor de José María Reinoso.</p> <ul style="list-style-type: none"> · Copias simples dos escritos do pleito contra José M^a Reinoso pola procedencia do foro feito por María Gregoria de Cea y Ozores. · Copia simple do poder a Santiago Malvar. · Copia dunha parte do testamento de Julián Malvar. · Contas de Pedro Eugenio Fernández da formación militar de José Malvar y Pinto. · Conta da formación militar de José Malvar y Pinto. · Memorial sobre os productos das rendas e o gran das pertenzas de Betanzos e A Coruña. · Razón de gastos de Julián Malvar no pleito con Ignacio Marcelino. · Razón de gastos de Julián Malvar nun pleito na Coruña. 	1806-1808 25 de febreiro de 1847 11 de febreiro de 1864 2 de setembro de 1816 1 de decembro de 1824 1852 – 1858 29 de novembro de 1862 27 de febreiro de 1857
	Subsección Josefa Taboada	<p><i>Serie de correspondencia enviada</i></p> <p>Carta a Francisco Vieites Carta a Miguel Sáenz Colmenares Carta a Ramón Máximo</p> <p><i>Serie de correspondencia recibida</i></p> <p>Carta de Francisco Benito Salgueiro Carta de Francisco Vieites (a/a Nicolás Pablo Mera, representante de Josefa Taboada) Carta de Josef María Reinoso Carta de Manuel Armero Carta de Manuel Domínguez Rodríguez Carta de Manuel Lorenzo Carta de María Josefa Armero Carta de Miguel Arcay Carta de Pedro Villar Carta de Ramón Carballo Cartas de Antonio Montenegro (8) Cartas de Miguel Saenz Colmenares (18) Cartas de Pedro Duro (2) Cartas de Vicente Caballero (10)</p> <p>· Certificado de bautismo.</p>	1812 - 1858 1812 - 1857 1785

	<ul style="list-style-type: none"> · Documentación sobre os alimentos que debía suministrar á súa avoa María Gregoria de Cea. · Documento de pago do coto de Domaio. · Testamento de Josefa Taboada instituíndo como herdeiros aos seus fillos. · Documentos relativos ao pleito con Reinoso polos foros e bens da Casa das Eiroas. 	1798 – 1800 s/d 27 de maio de 1833 s/d
--	---	---

Deste matrimonio nacen sete fillos, María dos Desamparados, Ramón, Jerónimo, Santiago, Balbina, Bernardino e Mercedes. Por destacar algúns episodios biográficos destas persoas, encargadas de custodiar todo o patrimonio documental que entrara no Palacete de Salcedo tralo casamento do seu pai, podemos explicar que Bernardino Malvar y Taboada xestionou dende Madrid a devolución da inversión do seu pai na Sociedade dos Gremios e rematou sendo deputado en Cortes. Ou, por outra banda, Jerónimo é quen continúa ca liñaxe e será o seu neto, Joaquín quen venda en 1928 o Palacete de Salcedo, rematando con boa parte desta dinastía.

Entre os maridos das súas fillas destacan dúas figuras, a de Ramón Cervela avogado e administrador da propia familia e a de Eugenio Reguera Pardiñas, gobernador de Lugo.

Pouco máis podemos aprofundizar nas diferentes biografías ca seguridade que aporta a investigación histórica xa que a falta de fontes complica sobremaneira o seguimento destas figuras. Recordando novamente as palabras de Francisco José Santiago Crespo podemos comprender como no estudo desta liñaxe áinda son máis as sombras que as luces sobre a súa historia familiar: “Y aunque los distintos individuos del linaje ingresaron en la Orden de Carlos III y dieron ilustres figuras a la Iglesia y a la Patria, los Malvar no han merecido ni una ligera reseña en los tratadistas antiguos ni modernos” (Santiago Crespo, 1956: 159).

Subsistema Casa de Salcedo			
Sección Malvar Maza			
Subsección Malvar Maza			
Subsección Jerónimo Malvar e Taboada	Serie de correspondencia enviada Carta a Ramón Cervela Carta a Vicente López Carta a Pedro Cudeiro		1826 - 1866

		<p>Cartas a Ceferino Barrantes (2) Carta a Manuel Veiga, José María del Río, José María Alfaya Carta a Julián Malvar (4) Carta a Angel de Ordóñez i Pujol</p> <p><i>Serie de correspondencia recibida</i></p> <p>Carta de Manuel Monge Cartas de Juan Mosquera (7) Carta de Manuel Veiga, José María del Río, José María Alfaya Carta de Francisco Santos Blanco Carta de C. De Navas</p> <ul style="list-style-type: none"> · Parte do testamento de Julián Malvar con accións do Banco de España para Jerónimo Malvar. 11 de febreiro de 1864 · Recibo de cobro por parte de José Portela. 1856 · Recibo de cobro do apoderado de Camos. 21 de febreiro de 1857 · Documento de pago feito por medio de Juan Manuel Mosquera. 9 de agosto de 1857 · Documento de pago a Bartolomé Alfaro pola taxación dos bens de Camos. 21 de febreiro de 1857 · Contas da Casa das Eiroas e de Villerma. 1828 - 1848 	
	Subsección María del Carmen Maza y Quiroga		
	Subsección Ramón Malvar	<p><i>Series de cartas enviadas</i></p> <p>Carta a Ramón Cervela</p> <p><i>Serie de cartas recibidas</i></p> <p>Carta de García de Villar Carta de Salvador Manuel Rodríguez Carta de Joaquín Leirado Parga Carta de Eugenio Reguera Cartas de Ramón Cervela (6) Carta de Juan Fontenla</p> <ul style="list-style-type: none"> · Comprobantes e gastos de enterramento de Julián Malvar e Bernardino Malvar. 1857 · Pagos por débitos e obligacións de Bernardino, de quen Ramón Malvar é herdeiro. 1857 · Pagos para gastos anteriores á morte 1859 	<p>1859 - 1870</p> <p>1816 - 1867</p>

		de Julián Malvar · Recibos e contas comprobantes de algunos gastos feitos despois da morte de Julián Malvar · Documento asinado por todos os irmáns para organizar a herданza de Julián Malvar. · Cinco recibos de contribucións abonadas por Ramón Malvar e recibos varios · Pagos que aparecen inabonables por gastos comúns · Dezaoito recibos dos caseiros de Orille e Pastoriza. · Borrador da conta polo servizo de Antonio Fernández · Borrador da conta polo servizo de Nicolás Calvo e Dominga Rey en cociña · Ramón Cervela e Ramón Malvar pagan visita eclesiástica a Madrid	1857 1859 1857 1858 1858 1858 1858 5 de maio de 1865
	Subsección Balbina Malvar	· Documento asinado por todos os irmáns para organizar a herданza de Julián Malvar.	1859
	Subsección Mercedes Malvar	· Documento asinado por todos os irmáns para organizar a herданza de Julián Malvar.	1859
	Subsección Ramón Cervela Arias	<p>Serie de correspondencia enviada</p> Carta a Bartolomé Hermida Carta a Ceferino Martínez Carta a Francisco Ramos y Vázquez Carta a Julián Malvar Carta a Manuel González Carta a Manuel González Serrano Carta a Ramón Abalo Carta a Rufo Cobas Cartas a Francisco Vieites (3) Cartas a José Iglesias (5) Cartas a Manuel Monge (4) Cartas a Ramón Malvar (6)	1858 - 1870

Serie de correspondencia recibida

Cartas de Antonio Ruiz (2)
 Cartas de Bartolomé Hermida (2)
 Cartas de Bernardino Malvar (2)
 Cartas de Carlos Ben
 Cartas de Carmen de Rugóns

		<p>Cartas de Ceferino Martínez (6)</p> <p>Cartas de Francisco Antonio González (6)</p> <p>Cartas de Francisco Martínez</p> <p>Cartas de Francisco Ramos y Vázquez (31)</p> <p>Cartas de Francisco Vieites (2)</p> <p>Cartas de Gerónimo de Reguera</p> <p>Cartas de Gerónimo Malvar (15)</p> <p>Cartas de José Folla Roel (13)</p> <p>Cartas de José Iglesias (31)</p> <p>Cartas de José Malvar Pinto</p> <p>Cartas de José Manuel Iglesias</p> <p>Cartas de José Solla (10)</p> <p>Cartas de Juan Antonio González</p> <p>Cartas de Juan Manuel Pla</p> <p>Cartas de Manuel Cea Gándara</p> <p>Cartas de Manuel Díaz Finoco (2)</p> <p>Cartas de Manuel González Serrano</p> <p>Cartas de Manuel Maña Paredes (60)</p> <p>Cartas de Manuel Méndez (2)</p> <p>Cartas de Manuel Monge (7)</p> <p>Cartas de P. Santo</p> <p>Cartas de Pelayo Iglesias de Canba</p> <p>Cartas de Rafael Ageitos (13)</p> <p>Cartas de Ramón Abalo (50)</p> <p>Cartas de Ramón de Castro</p> <p>Cartas de Ramón Malvar (7)</p> <p>Cartas de Rufo Cobas (5)</p> <p>Cartas de Santiago Esteves</p> <p>Cartas de Santiago Malvar (55)</p> <p>Cartas de Tomás Calderón (6)</p> <p>Cartas de Valentín González</p> <p>· Contas de Ramón Cervela</p> <p>· Ramón Cervela e Ramón Malvar pagan visita eclesiástica a Madrid</p> <p>· Pago de 30 reais por un asento de berlina para viaxar dende Vigo a A Coruña na empresa de coches de La Fraternidad</p> <p>· Resguardo de certificado enviada a Madrid ca Administración de Comunicaciones de Santiago.</p>	<p>1851 – 1870</p> <p>5 de maio de 1865</p> <p>16 de maio de 1869</p> <p>16 de xuño de 1869</p>
	Subsección Santiago Malvar	<p>Serie correspondencia enviada</p> <p>Carta a Antonio Juan González (1)</p> <p>Cartas a Francisco Vieites (7)</p> <p>Cartas a Julián Malvar (9)</p>	1841 - 1861

	<p>Cartas a Ramón Cervela (50) Cartas a Leonardo Fernández (2)</p> <p>Serie correspondencia recibida</p> <p>Carta de José Terras Carta de Ramón María de la Maza Carta de Carlos Ben Carta de Francisco Vieites</p> <ul style="list-style-type: none"> · Copia simple do poder dado por Julián Malvar 25 de febreiro de 1847 · Apuntes dunha pretensión contra Santiago Malvar s/d · Borrador de contas para Ramón Malvar s/d · Inventarios de obxectos das Casas e pago de rendas que tería que facer Santiago Malvar. s/d · Recibí en nome de Santiago Malvar por parte de José Portela en Fraguas s/d · Documento asinado por todos os irmáns para organizar a herданza de Julián Malvar. 1859 · Conta de cargo de Juan García dos beneficios de Julián Malvar que acabaron en mans de Santiago Malvar. s/d 	1841 - 1859
	<p>Subsección María de los Desamparados Malvar</p> <p>Serie de correspondencia recibida</p> <p>(a nome de Francisco Vieites representante en Audiencia Territorial) Cartas de José Iglesias (11) Carta de Rufo Cobas</p> <p>Serie de correspondencia enviada</p> <p>por Francisco Vieites</p> <p>Cartas a José Iglesias (2)</p> <ul style="list-style-type: none"> · Documento asinado polos irmáns para organizar a herданza do seu pai · Recibo de Francisco Vieites de quen recibe 230 reais de vellón pola quinta parte da metade de 2300 en que foi vendida a propiedade da receptoría de primeiro número da Audiencia Territorial procedente da vinculación de Isabel Somoza e Antonio Saavedra donde Francisco Vieites representa a 	1859

		Desamparada.	
	Subsección Eugenio Reguera	<ul style="list-style-type: none"> · Carta que lle envía Ceferino Martínez 	
	Subsección Bernardino Malvar	<p>Serie correspondencia enviada</p> <p>Cartas a Julián Malvar (9)</p> <p>Serie correspondencia recibida</p> <p>Carta de Juan González Carta de José de la Encina Cartas de Leonardo Bermúdez (2)</p> <ul style="list-style-type: none"> · Pagamentos por débito e obrigas de Bernardino Malvar · Memorial sobre os productos das rendas das pertenzas en A Coruña e Betanzos. · Razón de gastos ocasionados na causa contra José Moledo. 	1845 - 1852 1855 1857 1852 - 1858 26 de maio de 1843

Unha das primeiras consideracións que se nos demostra este modelo sistémico é a correcta organización que fai da familia e que permite, de forma intuitiva e clara, atopar a documentación dentro da clasificación natural do fondo. En contra, os modelos artificiais no que, por exemplo, se artellaba este Fondo Especial Número 8 dentro do Arquivo da Deputación de Pontevedra, non representaba de xeito correcto todo o potencial do Sistema de Información. Nun primeiro achegamento, e para que sirva de exemplo, o propio Arquivo da Deputación de Pontevedra non contemplaba á Casa de Ramirás coma un ente relacionado ca Familia Malvar. O feito de aplicar a teoría sistémica lévanos a ver que esta Casa pertence a unha liña secundaria dentro dunha familia nuclear, que por calqueira razón que descoñecemos se ve na obriga de dividirse para máis tarde, tamén por calqueira motivo, volven a rematar gardados no mesmo estante que a documentación desta liña principal. O exemplo das Casas de Ramirás e Villerma, que se dividen e se volven a xuntar posteriormente na Casa de Regodeigón por causa da evolución dos sobriños, permite coñecer o alcance real deste Sistema de Información, que da outra forma non podíamos apreciar.

O profesor Armando Malheiro, ideólogo deste modelo sistémico, reflicte a necesidade de organizar en Subsubseccións cada Subsección tomando coma referencia catro etapas da vida dunha persoa: a infancia, ata os dez anos; a adolescencia, ata os dezaseis anos; a xuventude, ata os 25

anos; e a adultez, ata a morte da persoa. Ao ser este Sistema de Información un conxunto de documentación que se dispersa entre moitas Seccións e que poucas son as persoas ás que lle podemos asignar unha cantidade tan grande de documentos como para ter que organizalos internamente decidín non ampliar o campo das divisións para non afectar, aínda máis, á operatividade do traballo de quen ten que fazer unha pesquisa dentro do noso cadro orgánico.

Quizais sexan Julián Malvar e Ramón Cervela os que máis documentación teñan asignada de todo o Sistema de Información da Familia Malvar, sobre todo pola gran cantidade de correspondencia que se conserva destas dúas persoas debido nunha parte á proximidade temporal e por outra á súa función coma administradores de todo o legado anterior. Usando a estas dúas persoas coma campo de experimentación para a subdivisión nas etapas evolutivas, podemos ver como non corresponde aplicar este mecanismo nestes casos:

Por unha banda, Ramón Cervela incorpórase á institución que supón a Familia Malvar polo seu casamento con unha das fillas de Julián Malvar e Josefa Taboada. Cando fai isto xa conta cunha idade, polo que non debería aparecer documentación das primeiras etapas da súa vida. A excepción sería se este avogado tivera gardado o seu arquivo persoal da súa etapa de soltería e que o incorporara posteriormente ao fondo da familia da súa esposa, algo que obviamente non aconteceu.

Pola parte de Julián Malvar, coma axente central deste traballo, a subdivisión temporal nas diferentes etapas da súa vida levanos a formular unha nova cuestión sobre a necesidade de dividir os primeiros vintecinco anos dunha persoa en tres etapas, sendo a etapa adulta, que é cando as persoas poden aumentar de forma exponencial o seu arquivo documental, un único apartado. Para isto, a proposta que facemos, no caso de ter que aplicar esta indicación ao noso traballo, sería a de crear tres etapas e que correspondan á etapa de xuventude e soltería, sendo o casamento ou o inicio da actividade laboral a segunda división e por último, unha terceira etapa relacionada coa época de descanso coa xubilación, cando a persoa cesa toda actividade laboral. Entendo que para séculos anteriores, coñecendo os datos demográficos, a esperanza de vida e a seguridade nos traballos moitas veces non permitía chegar a unha certa idade. Pero no caso de Julián Malvar, contamos cun amplio número de cartas dirixidas ao “Coronel retirado de los Ejércitos”, polo que sabemos que tivo unha etapa contemplativa na vila de Noia, na que gozou dun merecido descanso despois de realizar todo tipo de actividades bélicas e económicas nos anos anteriores.

Por esta mesma razón, a de carecer de pouca documentación para cada persoa, é

practicamente imposible establecer unhas Series documentais nas que reunir un groso documental de máis dun par de documentos. Agás na correspondencia, que si que existe unha cantidade significativa, o resto de documentación persoal habitúa ser inconexa e moi heteroxénea polo que entran nas Subseccións coma Documentos Simples ou Documentos Compostos pero case nunca coma Series. No tocante ás cartas persoais de cada individuo están organizadas en dúas grandes Series, as enviadas e as recibidas, afondando despois, na descripción documental, nalgún que outro aspecto de interese para coñecer dunha forma más próxima o Sistema de Información.

Un dos problemas arquivísticos más comúns dentro dos arquivos familiares é os diferentes posuidores cos que contou a documentación. Isto significa que haberá que non lle preste atención ao que non son más que “papeis vellos” mentres que outros tratarán de ter todo organizado. As diferentes modificacións que se diron no Fondo Especial Número 8 deixan patente esta característica, xa que dentro da denominación da Casa da Touza atopamos documentación da que non podemos extraer a relación xenealóxica. Será Agustín de Cea e Sotomaior un neto de Diego de Mariño e é por iso que retorna a súa documentación á liña que finalmente entronca cos Malvar? Dentro do mesmo Sistema aparecen documentación para outras casas coma a de Domaio, sempre relacionada cos papeis de A Touza e as vinculacións de Baiona, Vilariño e Porriño, da que non somos capaces de estructurar a súa xenealogía con respecto á do resto de árbores familiares que aquí presentamos. É por iso que a súa representación vai de forma independente ao final deste traballo, xa que só coñecemos tres xeracions, a da avoa Aldonza Fernandez Flores, quen casa ao seu fillo Gaspar Méndez de Sotomayor con Ana Ozores e teñen por fillos a Antonio e Alonso Méndez, ou Alonso Ozores Sotomayor, xa que na documentación aparecen os dous nomes dos que pensamos que é a mesma persoa.

Sistema	
Código de referencia	ES/GA/ADPO/SIFMALV
Título	Sistema de Información Malvar
Data de producción	1542 - 1870
Nivel de descripción	Fondo
Dimensión e soporte	15 unidades de instalación en papel
Nome dos produtores	Familia Malvar
Historia familiar	A Familia Malvar é orixinaria de Pontevedra, do Palacete de Salcedo de onde descenden os primeiros Malvar que coñecemos. Malia ser un liñaxe da pequena fidalguía galega podemos atopar entre os seus membros a diferentes cargos eclesiásticos, políticos e militares. Entre a documentación familiar non atopamos unicamente papeis relacionados cos Malvar, senón que o grosor do fondo está composto polos arquivos familiares das diferentes Casas cas que se entroncaron ao longo dos séculos.
Historia arquivística	Este fondo foi depositado no Arquivo no ano 1997 desde o palacete de Salcedo polas xestións feitas co director da Misión Biolóxica e este arquivo, no interese de todas as institucións implicadas en conservar e poñer ó alcance dos cidadáns e dos investigadores esta documentación, estudiada no seu día polo bibliógrafo e erudito Antonio Odriozola.
